

PRÓLOGO LUIS GONZÁLEZ GUITIÁN  
TRADUCCIÓN BENEDICT BUONO

C E S A R E  
B E C C A R I A  
D O S D E L I T O S  
E D A S P E N A S

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
F U N D A C I Ó N B B V A

CLÁSICOS DO PENSAMENTO UNIVERSAL



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
FUNDACIÓN BBVA





# DOS DELITOS E DAS PENAS

CLÁSICOS DO  
PENSAMENTO UNIVERSAL

NÚM. 16

**Colección dirixida por**

DARÍO VILLANUEVA

**Comité Científico**

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

*Facultade de Filosofía*

LUIS CONCHEIRO CARRO

*Facultade de Medicina*

RAMÓN MÁIZ SUÁREZ

*Facultade de Ciencias Políticas*

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

*Facultade de Filoloxía*

JOSÉ SORDO RODRÍGUEZ

*Facultade de Farmacia*

PRÓLOGO LUIS GONZÁLEZ GUITIÁN  
TRADUCCIÓN BENEDICT BUONO

CESARE BECCARIA  
DOS DELITOS  
E DAS PENAS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
FUNDACION BBVA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>



Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>



This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© DA PRESENTE EDICIÓN  
Universidade de Santiago de Compostela, 2011  
Fundación BBVA, 2011

DESEÑO DA COLECCIÓN  
Barro, Salgado, Santana [Grupo Revisión Deseño]

MAQUETACIÓN  
Imprenta Universitaria

EDICIÓN TÉCNICA  
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[www.usc.es/publicacions](http://www.usc.es/publicacions)

ISBN  
978-84-9887-655-0



# ÍNDICE

- 11 PRÓLOGO  
por Luis González Guitián
- 79 DOS DELITOS E DAS PENAS  
Tradución de Benedict Buono
- 81 **Nota do tradutor**
- 87 AO LECTOR
- 91 INTRODUCCIÓN
- 93 CAPÍTULO I. ORIXE DAS PENAS
- 93 CAPÍTULO II. DEREITO DE CASTIGAR
- 95 CAPÍTULO III. CONSECUENCIAS
- 96 CAPÍTULO IV. INTERPRETACIÓN DAS LEIS
- 99 CAPÍTULO V. ESCURIDADE DAS LEIS
- 100 CAPÍTULO VI. PROPORCIÓN ENTRE OS  
DELITOS E AS PENAS
- 102 CAPÍTULO VII. ERROS NA GRADUACIÓN DAS  
PENAS
- 104 CAPÍTULO VIII. DIVISIÓN DOS DELITOS
- 106 CAPÍTULO IX. DO HONOR
- 108 CAPÍTULO X. DOS DUELOS
- 109 CAPÍTULO XI. DA TRANQUILIDADE PÚBLICA

- 110 CAPÍTULO XII. FIN DAS PENAS
- 111 CAPÍTULO XIII. DAS TESTEMUÑAS
- 113 CAPÍTULO XIV. INDICIOS E FORMAS DE XUIZOS
- 115 CAPÍTULO XV. ACUSACIÓNS SECRETAS
- 116 CAPÍTULO XVI. DA TORTURA
- 122 CAPÍTULO XVII. DO FISCO
- 124 CAPÍTULO XVIII. DOS XURAMENTOS
- 125 CAPÍTULO XIX. PRONTITUDE DA PENA
- 127 CAPÍTULO XX. VIOLENCIAS
- 127 CAPÍTULO XXI. PENAS DOS NOBRES
- 129 CAPÍTULO XXII. FURTOS
- 129 CAPÍTULO XXIII. INFAMIAS
- 130 CAPÍTULO XXIV. OCIOSIDADE
- 131 CAPÍTULO XXV. DESTERROS E CONFISCACIÓNS
- 132 CAPÍTULO XXVI. DO ESPÍRITO DE FAMILIA
- 135 CAPÍTULO XXVII. SUAVIDADE DAS PENAS
- 137 CAPÍTULO XXVIII. DA PENA DE MORTE
- 144 CAPÍTULO XXIX. DA PRISIÓN
- 147 CAPÍTULO XXX. PROCESOS E PRESCRICIÓN
- 149 CAPÍTULO XXXI. DELITOS DE PROBAS DIFÍCILES
- 153 CAPÍTULO XXXII. SUICIDIO

- 156 CAPÍTULO XXXIII. CONTRABANDOS
- 158 CAPÍTULO XXXIV. DOS DEBEDORES
- 160 CAPÍTULO XXXV. ASILOS
- 161 CAPÍTULO XXXVI. DOS PREMIOS POLA ENTREGA DE REOS
- 162 CAPÍTULO XXXVII. ATENTADOS, CÓMPLICES, IMPUNIDADE
- 164 CAPÍTULO XXXVIII. PREGUNTAS SUXESTIVAS, DEPOSICIÓN
- 165 CAPÍTULO XXXIX. DUN XÉNERO PARTICULAR DE DELITOS
- 166 CAPÍTULO XL. FALSAS IDEAS DE UTILIDADE
- 168 CAPÍTULO XLI. COMO SE PREVEN OS DELITOS
- 169 CAPÍTULO XLII. DAS CIENCIAS
- 172 CAPÍTULO XLIII. MAXISTRADOS
- 173 CAPÍTULO XLIV. RECOMPENSAS
- 173 CAPÍTULO XLV. EDUCACIÓN
- 174 CAPÍTULO XLVI. DAS GRAZAS
- 175 CAPÍTULO XLVII. CONCLUSIÓN



I

En 1714, o tratado de Rastatt confirmou os acordos asinados un ano antes en Utrecht polos que, despois de case dous séculos, Lombardía deixou de estar nas mans españolas para pasar ás de Austria, ao *Imperio*. Durante algún tempo, o país, dominado polo patriciado milanés que medrara á sombra da monarquía española e devastado pola guerra, permaneceu empobrecido, agonizantes as súas industrias da la e da seda. Só a partir da metade do século comezaron a cambiar realmente as cousas. Reinaba entón en Viena María Teresa de Habsburgo, con toda a súa confianza posta no *Staatskanzler* Kaunitz, e tomara posesión do seu cargo en Milán, como ministro plenipotenciario, o conde Firmian e desde Viena impulsouse unha nova política económica que levou a Lombardía polo camiño dunha notable recuperación. É moi probable que esta nova política nacesse da necesidade de Austria de racionalizar todo o seu sistema económico para refacerse das consecuencias da guerra de sucesión, pero, en calquera caso, o certo é que, entre moitos factores, foi decisivo o impulso de Viena para a adopción de medidas como a profunda modificación do sistema de xestión de impostos ou a creación de institucións como o catastro, medidas que foron poñendo en marcha a máquina das reformas que permitiu a Lombardía aproveitar unha conxuntura entón favorable.

Pero non foi doado: estas medidas que esixía a reforma afectaban moi directamente á nobreza e á Igrexa, que non deixaron de mostrar o seu desgusto. No movemento de reforma púxose entón de manifesto unha conclusión que salienta Venturi: a necesidade dun eixe arredor do cal xirase a roda das

transformacións económicas e administrativas, a indispensable esixencia dun firme poder central que fixese fronte aos «corpos intermedios» para alterar o equilibrio que se construíra sobre a autonomía da aristocracia, a Igrexa e as forzas locais e que tecera unha complexa rede de privilexios e intereses que se vía como un freo a unha política racional de desenvolvemento. Esta conclusión é a herdanza que recibiu Beccaria.

## II

No medio das chairas de Lombardía, en Milán, o 15 de marzo de 1738, naceu Cesare Beccaria na casa familiar da rúa Brera, onde hoxe está o número 6. Era o primeiro fillo dos que tería o matrimonio de Giovanni Saverio Beccaria e a súa segunda muller, Maria Visconti. «Son —dirá— o primoxénito dunha familia que ten algúns bens, pero as circunstancias [...] non me deixan moito desafo. Teño un pai do que debo respectar tanto a súa vellez coma os seus prexuízos». Durante varias xeracións, os Beccaria desempeñaran actividades mercantís; banqueiros, axentes de cambio, administradores de distintas entidades milanesas sucédense na familia, que alcanzou a fins do século XVII o punto de máxima prosperidade económica, momento que coincide coa súa chegada á nobreza: o avó de Cesare, Francesco Beccaria, foi quen obtivo en 1711 de Carlos VI o título de marqués de Gualdrasco e Villareggio, que é o que levará o seu neto. Pero os inxentes gastos de mantemento da casa familiar —nalgún momento estaban ao seu servizo vinte e seis persoas— e das súas distintas posesións foron absorbendo os recursos dispoñibles, incluídos os dotes dos dous matrimonios de Gian Saverio. En 1740 chega aos Beccaria, non sen discusións, o patrimonio dos Bonesana, familia coa que emparentaran tres xeracións antes da de Cesare —o bisavó de Beccaria foi o que casou cunha Bonesana— e na que se extinguiña a liña directa do apelido. Sobre o papel, ese patrimonio era considerable, pero



Retrato de Cesare Beccaria nunha edición italiana de *Dei delitti e delle pene*  
(Francesco Sanvito, Milán, 1858)

só supuxo un alivio parcial da complicada situación económica familiar, porque en realidade viña cunha carga de débedas que impedía solucionar moitos dos problemas. Con todo, foi suficiente para facilitar a admisión de Gian Saverio Beccaria ao patriciado milanés en 1759, no que parece que axudou tamén o máis que dubidoso procedemento (moi común, por outra parte, na Italia da época) de «xardinería heráldica» que acompañou todo o camiño de ascenso dos Beccaria cara á nobreza: o enxerto das dúas últimas xeracións na árbore xenealóxica dunha ilustre familia homónima de Pavía. Un Bonesana, Cesare, foi padriño de Beccaria, quen anos máis tarde asinaría algúns dos seus escritos como Cesare Beccaria Bonesana, *Patrizio Milanese*.

En 1746, con 8 anos, Cesare Beccaria foi enviado a estudar ao colexio dos xesuítas de Parma, o Colexio Farnesiano —o chamado Colexio dos nobres, o maior centro de educación dos mozos nobres do norte de Italia—, onde recibiu unha educación prolongada e metódica, que el cualificaría máis tarde como «fanática» e que afogaba «os sentimentos de humanidade». O propio Beccaria resume o seu paso polo colexio dicindo que non foi un alumno brillante, pero iso non é incompatible cos testemuños que establecen que mostrou unha intelixencia lúcida e que era coñecido entre os seus compañeiros como *il Newtoncino*, polo seu interese nas matemáticas e a capacidade de expresar o seu pensamento en forma lóxica. Do colexio pasou, en 1754, con 16 anos, á Universidade de Pavía para realizar estudos de Dereito, que terminou co título de doutor *in utroque iure* en setembro de 1758. Neses anos comezaba xa a apuntar a fama do seu carácter indolente, fama que el mesmo alimentou e que lle acompañou toda a súa vida. Moito se leva escrito sobre o carácter de Beccaria, sobre a súa preguiza, a súa apatía, a súa absoluta falta de iniciativa. Sobre todo iso e sobre unha serie de termos similares hai unanimidade, polo que pode ser suficiente para describir o seu carácter a opinión de dous dos seus contemporáneos. Para o asesor da Conferencia Governativa, Khevenhüller, «ten talento



e moitos coñecementos...; distraído, non ten ningunha enerxía nin actividade na súa alma, polo que nunca ten valor para ser dunha opinión distinta de quen pode facerlle ben ou mal». Máis conciso aínda é o resumo que do carácter de Beccaria deixou un dos seus amigos de mocidade: «é un home feito para facer perder o xuízo a toda persoa razoable».

Á súa volta a Milán, aos seus vinte anos, atópaselle na *Accademia dei Trasformati*, unha das moitas sociedades que existían naqueles anos —contábanse vinte e cinco na cidade («Italia soa ten máis academias que todo o resto do mundo xunto», lese na *Encyclopédie*)— nas que se reunía a nobreza nos salóns dos seus palacios en sesións regulares nas que habitualmente se lían versos sobre algún tema prefixado; unha sociedade que, para dicilo con palabras de Valsecchi, espallaba sobre a cidade «un certo sabor de Arcadia». Beccaria ensaia aquí os seus primeiros versos, que serven para convencelo de que o seu camiño está na prosa. Pero desta Academia interesa aquí especialmente destacar a presenza nas súas reunións do conde Pietro Verri. Dez anos maior ca Beccaria, Verri, que habería de converterse pronto no personaxe máis importante da Ilustración milanesa, pasara tamén polo colexio de Parma e agora na *Accademia* ensaia tamén a poesía coa mesma escasa fortuna. Ambos inician nesta época unha relación de amizade que será decisiva na vida de Beccaria («un home superior polas súas calidades de corazón e de espírito e o meu amigo máis querido», dicía del por esas datas Verri); a gran diferenza de temperamento entre ambos fai que Verri exerza unha gran influencia sobre Beccaria, pois fronte ao carácter retraído e apoucado deste, Verri aporta iniciativa e enerxía, o que lle levará a converterse no motor que impulsa o labor de Beccaria: el «é quen me animou a escribir», recoñece. Ademais, dous irmáns de Pietro Verri, Alessandro e Giovanni, terán tamén un papel importante na vida de Cesare. E a certa distancia o pai, Gabrielle Verri. A vida dos Verri e a de Beccaria entrecrúzanse ao longo dos anos.

En 1760, Beccaria coñece a Teresa Blasco, que por entón tiña 16 anos, filla dun militar de orixe siciliana e española. O proxecto de voda que xorde pronto é mal visto polos Beccaria, que consideran que a moza non ten nin a posición social axeitada para casarse con Cesare nin —moi especialmente— unha situación económica satisfactoria, o que naqueles momentos resultaba ser un grave inconveniente, xa que a familia esperaba recibir un bo dote. Prodúcese un serio enfrontamento familiar, chegando o pai a pedir ao goberno local unha orde de detención para o seu fillo, coa esperanza de que o illamento lle fixera reflexionar e abandonar esta relación, orde que é emitida a finais de novembro e que obriga a Beccaria a permanecer recluído na casa. Finalmente, a familia cede: o 19 de febreiro de 1761 levántase a orde e a voda celébrase, nun día, o 22 de febreiro, no que a familia Beccaria —que non asistiu á cerimonia— vestiu de loito, co conseguinte escándalo na cidade. En troques do permiso, Cesare e Teresa comezan a súa vida en común baixo a prohibición de entrar na casa dos Beccaria, un tanto marxinados do ambiente habitual e en circunstancias económicas difíciles para o nivel de vida acostumado, pois a familia Blasco nin sequera puido aportar todo o escaso dote prometido, polo que durante o decenio dos sesenta o matrimonio só puido contar cunha modesta asignación de Gian Saverio Beccaria e algúns préstamos. A situación aliviouse en parte en maio de 1762, cando coa mediación de Pietro Verri e bastantes toques melodramáticos, permítese que o matrimonio —que por entón esperaba o seu primeiro fillo— poida pasar a vivir no *palazzo* familiar da rúa Brera.

Precisamente nesa época da súa vida, en 1761, é cando se produce —di— «a súa conversión á filosofía». É certo que en 1758, o seu pai obtivera o permiso dos censores para ler «libros prohibidos de leis, históricos e de literatura» e que nos anos sucesivos preocupárase de renovar a autorización, polo que a biblioteca da súa casa estaba ben abastecida, pero o permiso



O conde Pietro Verri (1728-1797), escritor e jornalista ilustrado, grande amigo de Beccaria

non alcanzaba a algunhas obras ou autores particularmente «impíos», que aparecían nas listaxes que difundía a censura. Entre eles estaban algúns que serían decisivos na formación intelectual de Beccaria, que comezou entón a ler os autores que, como el mesmo di, «lle abriron novas ideas, axitaron a súa mente e levantaron aquela calma fatal que adormentaba as súas facultades». A primeira revelación tívoo con Montesquieu e as súas *Lettres persanes* e a segunda con Helvétius e *De l'esprit* («que culminou a revolución do meu espírito»). Buffon abriulle, di, «o santuario da natureza» e despois pasou a Diderot e as súas *Pensées sur l'interprétation de la nature*. Seguiron Hume («a súa metafísica profunda... a verdade e a novidade dos seus puntos de vista asombráronme e iluminaron o meu espírito»), d'Alembert («quizais o máis grande e de seguro o máis filósofo entre os matemáticos deste século»), Locke («a el débese a liña principal de separación entre o espírito antigo e o moderno»), e Condillac (autor de «obras mestras de precisión, de claridade e de boa metafísica»). A esta relación hase de engadir necesariamente o nome de Bacon («a quen se pode dar o nome de lexislador do intelecto»), sobre cuxa obra traballou moi profundamente durante o inverno de 1761-1762, como se deduce do groso volume de notas e extractos que reuniu, e á que debe moito. Son, pois, uns tres anos moi intensos nos que se decide a súa formación intelectual. Pero entre todo iso non se pode omitir que en xullo de 1762 nace a súa primeira filla, que leva o nome de Giulia, segundo todos os indicios en homenaxe á Julie que protagoniza a *Nouvelle Héloïse*, que Rousseau publicara en 1761 e que chegara axiña ao libreiro francés de Milán, acadando un rápido éxito; libro e autor polos que Beccaria sentía grande admiración, aínda que nunca mencionará a Rousseau entre as súas fontes: faltoulle valor para iso, explica Venturi. Esta admiración verase consolidada coa lectura do *Contrat social*, aparecido en Amsterdam en abril de 1762 e que Beccaria estaba lendo xa en setembro e léndollo afervodamente a Pietro Verri.

### III

No inverno de 1761-1762, Pietro Verri abandona a *Accademia*, insatisfeito co seu carácter conservador e localista («a tiranía de meu pai e a *Accademia dei Trasformati* arruináronme a alma»), e reúne ao seu arredor un grupo de amigos que será coñecido como a *Accademia dei pigni*, nome que, medio de broma, medio en serio, trata xa de reflectir o seu espírito combativo e o apaixonamento das súas discusións. O núcleo inicial constitúe o maior dos Verri co seu irmán Alessandro, Beccaria, Lambertenghi e Biffi; en 1763 agregáronse Longo, Secco-Comneno e Visconti, curmán de Beccaria, e un pouco máis tarde aproximáronse ao grupo, xa non tan novos, Carli e Frisi, o único de todos eles que non pertencía á nobreza e que aportará a súa relación cos *philosophes* franceses, especialmente con d'Alembert. Este sería o grupo central da *Accademia*; ademais, aparecerán esporadicamente algúns que se poden ver como colaboradores externos e na sombra quedaron algunhas mulleres, como a condesa Antonia della Somaglia, considerada como «a Musa» da Academia, e outras das que só permanece no recordo, nalgúns casos, o seu final trágico. O censo dos «académicos» é curto, pero é que, segundo dicía Beccaria, nesta cidade de 120.000 habitantes non se atopan «apenas vinte que queiran instruírse e se sacrifiquen pola verdade e pola virtude» porque «os milaneses non perdoan aos que quererían facer que vivisen no século XVIII».

Hai que ter en conta que a *Accademia* non foi nunca, nin pretendeu selo, unha desas «sociedades morais» que ían formando grupos de ilustrados noutros lugares de Europa, nin sequera era unha sociedade establecida sobre un plano determinado ou cunha organización máis ou menos estrita, «senón unha *coterie*» segundo as propias palabras de Beccaria, «unha cuadrilla», aínda que, como era usual nas sociedades deste tipo, seguían a regra de ocultarse tras nomes supostos; neste

caso, nomes de personaxes da Roma clásica. Beccaria, por exemplo, utilizaba o de Tulio Pomponio Ático, recordando a figura do filósofo que, como explicaba Frisi, no medio das turbulencias que axitaron o final da república romana, retirouse voluntariamente aos seus estudos nun «sistema de filosofía indiferenza», mentres que Verri, sempre provocador, elixiu para si o do ditador Sila, que tivo valor e «xenio para construír como tivo para destruír». A «Academia dos puños», era, pois, un grupo formado por mozos nobres que vivían na casa paterna, incluso despois do matrimonio, sen participar na xestión da economía familiar, que descoñecían por completo a situación económica das posesións da familia e cuxo mantemento ao nivel que esixía o seu rango de nobres fixábao libremente o pai, pero mozos que, polo menos nos casos que aquí máis importan, como Beccaria e Verri, mantiñan relacións moi difíciles, se non de enfrontamento aberto cos seus pais. «O meu pai —diría anos máis tarde Pietro Verri— perseguiría, se tivese o poder, a aqueles que contribuíron a dar algunha gloria á Patria coas súas luces: detestaba a Frisi, Beccaria... e podo engadir o meu nome ao deles». O que os une, como destaca Venturi, é, a diferenza doutros mozos da súa clase, a vontade de comprender e de saber; son as luces as que fan deles o que son. Os libros que chegaban de Francia e a continua polémica co ambiente familiar, social e político destes mozos alimentaron o diálogo interno do que naceron algunhas das obras máis importantes da Ilustración italiana, nunha Lombardía que se converteu así —en expresión tamén de Venturi— «nunha provincia do imperio das luces». «Os filósofos franceses —dicía o propio Beccaria— teñen nesta América unha colonia e nós somos os seus discípulos, porque nós somos os discípulos da Razón». No grupo, Beccaria atopou o apoio intelectual que foi decisivo para que superase o seu case invencible espírito de pasividade, que quedou reflectido no epitafio que pensou para a súa tumba un día de 1762 no que os membros da *Accademia* xogaban a que cada un deles

escribira o seu; o de Beccaria remataba: *vitam minus ambitiose quam tranquille vixit*.

Pietro Verri aportou ao grupo a idea de aplicar á crítica dos problemas sociais métodos de análise propios da economía política, froito do seu gran interese pola economía en xeral e polos problemas monetarios en particular, interese que nacera do seu encontro en Viena en 1760 co galés Henry Evans Lloyd, futuro autor de *An Essay on the Theory of Money* (1771). Precisamente a impulsos de Verri, Beccaria publica en 1762 o seu primeiro traballo, un libro titulado *Del disordine e de' remedi delle monete nello Stato di Milano nel 1762*, que por dificultades coa censura imprimiuse non en Milán senón en Lucca, de alcance bastante modesto e con algúns erros, pero que abriu polémicas nos círculos culturais lombardos e que, segundo Verri, amosaba con que «claridade, elocuencia e precisión é capaz de escribir». En xeral, todos os membros do grupo compartían a idea da necesidade de abrir un sistema de expansión económica, impulsar o crecemento do comercio e da industria, porque a procura do beneficio privado beneficiaba sempre a comunidade; estaban —como resume Young— ao lado da «liberdade dos modernos», fronte á frugal «liberdade dos antigos», que representaba Rousseau.

Rapidamente foron aparecendo outros froitos do traballo da academia, que abarcaban diversos campos. En 1763, Verri publica as súas *Meditazioni sulla felicità*, na opinión de Ricuperati auténtico programa xeral do grupo, que sitúa a felicidade como eixe da reflexión da Academia, poñéndoa —sinala Burgio— como criterio substancial para o xuízo sobre a lexitimidade das formas políticas e principio de fondo da orientación utilitaria. Durante dous anos, entre xuño de 1764 e maio de 1766, a *Accademia* publica unha revista, *Il Caffé*, na que Beccaria colabora con sete artigos asinados, entre eles *Tentativo analitico su i contrabbandi*, que foi cualificado por Schumpeter como un dos primeiros intentos de aplicar a análise matemática aos

problemas económicos e, máis recentemente, por Bellamy, como un exemplo clásico de primeiro bosquejo de aplicación da *rational choice theory*. Nun momento de crise das publicacións periódicas eruditas, *Il Caffé*, ao xeito confesado de *The Spectator*, de Addison, nace coa vontade de abrir un espazo para a discusión dos temas de actualidade, recreando así nas súas páxinas o ambiente das discusións dos salóns de café, que, chegados desde o oriente árabe, estábanse poñendo entón de moda en Europa. Os artigos de lexislación e economía política, agricultura, historia natural, medicina e literatura enchen as páxinas desta publicación, que pretende soldar a profunda fractura entre as artes e as ciencias e que se converteu nun polo de atracción cultural, estimulando a colaboración de persoas de moi distintos campos e de distintos lugares de Italia; pero sempre tratando de reflectir o espírito da *Accademia* en aberta loita contra os puros eruditos e os pedantes.

Estes «mozos irados», que admiraban o pensamento francés e que soñaban con Inglaterra («esa illa feliz», que describira de Jaucourt, na liña que retomaba trinta anos despois Beccaria: «nación onde a gloria das letras, a superioridade do comercio e das riquezas e, xa que logo, do poder e os exemplos de virtude e de valor non nos deixan dubidar da bondade das leis»), miraron ao seu arredor: grandes obstáculos interpoñíanse no camiño da reforma que debía emprender o país. Era imprescindible poñer a Lombardía en condicións de loitar na dura guerra que —como dicía Longo— máis que de armas era unha guerra de industria entre as diversas nacións. Para iso era preciso inserirse na vida económica do Imperio, pero en Milán, dicía Pietro Verri, non hai outras luces que as da curia: a ceca, as augas, as manufacturas, o comercio, todo está en mans dos doutores: «o espírito do comercio foi substituído polo espírito do litixio, o imperio dos xuristas estendeuse sobre as ciencias, sobre as artes»; «o espírito curial herdado dos españois invadiuno todo e corrompeuno todo [...] o noso goberno foi unha república de togados;



as ciencias, o valor de pensar víanse como un principio de rebelión». Era preciso destruír a «despótica unión de lexislación e xudicatura» que tiña no Senado o seu maior símbolo e a súa fortaleza máis segura; era preciso acabar coa *libidine forense*, fomentada polo pasado dominio español. «Necesítase un ditador para reformar, non un Senado», concluía. A idea que centraba entón as súas conversas era, como indicaba Beccaria, que a tiranía duns poucos era peor que a dun só, «porque o despotismo de moitos non se pode corrixir senón co despotismo dun só e a crueldade dun déspota é proporcionada non á súa forza, senón aos obstáculos» que atopa. Salvadas as distancias, a mesma idea que lle expresaría Condorcet nunha carta de 1771, nas súas queixas contra o *Parlement*: «preferiremos un déspota que nos governe con leis suaves que os douscentos tiranos que executan arbitrariamente os costumes atroces convertidos en leis por eles mesmos». Inevitable, pois, oír o eco burlón de Voltaire: «un déspota ten sempre algúns bos momentos; unha asemblea de déspotas, xamais».

As voces de Pietro Verri e de todo o grupo que tiña ao seu arredor eran —di Cavanna— as voces da intransixencia ao asalto do ordenamento xurídico e político tradicional, coa *vis* polémica típica das correntes ilustradas en toda Europa. A *Accademia dei pugni* representa en Lombardía o movemento de ideas que na segunda metade do século XVIII invoca o papel do príncipe como lexislador: a chamada a prol dun máis amplo e eficaz poder do soberano mira en realidade máis —di Frigo— a desprazar a resistencia dos vellos sectores que a favorecer unha solución netamente absolutista. Así, os debates oscilaban sempre —como sinalou Venturi— entre a esperanza nun déspota ilustrado e a confianza nun movemento de opinión, suscitado e guiado polos filósofos. A lexitimación do príncipe como motor das reformas non se fai nunca sen contrapartidas que se traducirán en límites á soberanía, en concreto límites marcados polo asesoramento dos filósofos, confiando sempre —como fai

Beccaria— nunha fértil colaboración cos «grandes monarcas», amantes das «verdades expostas polo escuro filósofo». E canto máis difícil sexa a reforma, canta máis resistencia presenten eses «corpos intermedios» (o «despotismo intermedio», que é «máis cruel porque é menos seguro»), máis evidente resulta para os ilustrados a necesidade de estender e reforzar o poder do príncipe. Como conclúe Beccaria, a dificultade é un «motivo para que os cidadáns ilustrados desexen con maior ardor o continuo crecemento da súa autoridade». A solución para Lombardía, pois, tiña que vir dun monarca ilustrado; neste caso, de Viena, da dinastía de Habsburgo, empezando xa con María Teresa. As aspiracións destes mozos atoparon eco no desexo austríaco de dismantelar os privilexios do antigo sistema, que obstaculizaban o proceso de centralización e reforma, o proceso de racionalización da administración financeira, tan necesaria nun momento como ese no que era urxente reducir o cuantioso déficit resultante da guerra de sucesión austríaca. Así se entenden os eloxios de Beccaria ao «doce e iluminado goberno... aos benfeitores da humanidade que nos rexen» ou á personificación do despotismo ilustrado, Federico II de Prusia, ou, tamén, que Pietro Verri puxese a unha filla o nome de María Teresa, «que é —di— o da soberana á que debo a consideración e os privilexios dos que gozo».

A reforma esixía a loita contra as ideas políticas e xurídicas do pasado e iso significaba comezar o combate contra a mentalidade xurídica tradicional que o dominaba todo; noutras palabras, contra a xurisprudencia construída sobre o dereito romano que era a base de todo o sistema. Para os «académicos» esta xurisprudencia era a manifestación dunha idea do dereito que o situaba nas mans dunha elite, dun grupo pechado de profesionais que o mantiñan afastado das necesidades reais; era o exemplo perfecto dunha complexa e escura *Scientia juris*. Beccaria, exemplo doutra banda do típico receo da Ilustración xurídica fronte a unha ciencia do dereito, fixo o resumo máis



Voltaire (1694-1778) e Condorcet (1743-1794) foron grandes admiradores da obra de Beccaria

claro da opinión do grupo: «Ditosa aquela nación onde as leis non sexan unha ciencia». E así, no seu estilo, Verri, que en 1763 le ante os «académicos» a súa irónica *Orazione panegirica sulla giurisprudenza milanese*, chama a Xustiniano «*imbecille principe greco*», mentres que o seu irmán Alessandro describía o *Corpus iuris* como un «confuso amasillo de absurdos e contradicións» e «testemuño de decadencia e de tiranía». É precisamente Alessandro Verri quen leva o peso do contido xurídico da revista: nesta materia, di, «o lexislador non deberá tanto edificar senón destruír»; ante a desorde da xurisprudencia, toda reforma parcial desaparecería absorbida no caos das interpretacións e opinións acumuladas en séculos. O mal vén xa desde a base, das leis romanas e da tradición xurídica construída sobre elas; para non seguir sendo prisioneiros dos xuristas é absolutamente preciso «un código novo», pero «feito por un filósofo». Pero antes, dentro do debate xurídico, xa lle chegara a quenda á «cuestión penal», que pronto se amosaría capaz de provocar unha ruptura significativa co *ancien régime* e que en 1763 ocupaba o centro de interese da *Accademia*, que se reunía no *palazzo* dos Verri en *contrada del Monte*, na actual rúa Montenapoleone, 23.

Pódese ben dicir que a casa dos Verri coñeceu unha intensa actividade nesa época: mentres no primeiro andar o pai, Gabrielle Verri, destacado membro do Senado e reputado xurista, escribía os textos que xustificaban a resistencia deste fronte ás reformas dos Habsburgo, no baixo os seus fillos e os seus amigos esforzábanse en socavar esas fontes de resistencia. Como agudamente sinala Cavanna, a historia do dereito penal moderno dará os seus primeiros pasos nesta residencia dun patricio milanés, nunha atmosfera aparentemente moi afastada das *lumières* parisienses, onde uns poucos mozos intelectuais pensan todas as tardes sobre como cambiar o seu país, porque aquí, no ambiente deste grupo de amigos, é onde comeza a elaborarse unha obra que, desde logo, é o máis importante que saíu de alí, pero que tamén, con toda seguridade, é a obra



Federico II de Prusia o Grande (1712-1786), o «rei soldado»,  
foi o máximo expoñente do despotismo ilustrado

máis importante da Ilustración italiana, a máxima expresión da Ilustración xurídica e un dos libros máis influentes na evolución do sistema penal que se publicaron xamais.

#### IV

En marzo de 1763, mes no que Beccaria cumpría 25 anos, Pietro Verri proponlle a elaboración dunha obra sobre o sistema penal. Por aquelas datas, Alessandro Verri tiña o cargo de «Protector dos encarcerados», coas obrigas de visitar os cárceres e recoller as reclamacións dos presos, as peticións de acelerar o proceso ou as solicitudes de graza. Segundo el conta, presentou «trinta e catro *pledoyers* en defensa dos procesados» e a miúdo suscitaba nas reunións o tema da «barbarie dos escritores de materias criminais e tamén dos métodos de xulgar e procesar». Parece moi probable que á elección do tema contribuíra tamén o chamado *affaire Calas*, que, con Voltaire como portavoz, tiña axitada a opinión en Francia e cuxos ecos por forza tiveron que chegar ata as súas conversas. A Pietro Verri pareceulle este tema digno do seu amigo Beccaria «por ser un home de grande elocuencia e vivísima imaxinación» e propúxolle tratalo. Beccaria nin estaba interesado nos problemas xurídicos, segundo confesaba («nunca puiden adaptarme aos estudos forenses, nin entrar nesta patria miña á carreira da toga»), nin coñecía ben polo miúdo o sistema penal lombardo, pero aceptou a encarga porque con toda probabilidade viu nela a posibilidade de dar á cuestión penal un enfoque máis amplo. Comeza así a complicada historia desta obra, que foi descrita como a historia dunha continua metamorfose e que levará mesmo a que a fama universal de Beccaria dependa dun libro que foi lido durante dous séculos nun texto organizado de forma distinta á que el concibiu.

Beccaria comeza a traballar na preparación da obra na casa dos Verri, en constante debate cos membros da Academia, e continúa na vila familiar de Gessate, onde pasaba o verán

coa súa —así di— *ennuyeuse familie*. No outono vólvese ao traballo na casa dos Verri: «Alí vin —contará anos máis tarde Alessandro Verri— como o marqués Cesare Beccaria escribía e compoñía a obra *Dei delitti e delle pene*. Recordo que pensaba moito antes de escribir, non podía resistir a fatiga máis de dúas horas, transcorridas as cales deixaba a pluma». Todos os días, cando anoitecía, Pietro Verri revisaba e corruxía o escrito. Terminada a elaboración en xaneiro de 1764, o propio Verri encárgase de facer a transcripción en limpo do texto e realiza, co consentimento de Beccaria, absolutamente submisos ante a autoridade do seu amigo, reformas estruturais e abundantes correccións, que, deixando na marxe as de estilo e segundo mostra a minuciosa análise de Francioni, ían encamiñadas algunhas, por razóns de prudencia, a suavizar ou eliminar as afirmacións demasiado radicais ou pouco respectuosas en materia relixiosa, pero tamén hai modificacións que deixan translucir unha ideoloxía máis elitista que o manuscrito orixinal, como son as que teñen o sentido de esvaecer a idea dunha ampla difusión das Luces entre todos os cidadáns, por exemplo, en favor da súa igualdade. En abril de 1764, dáse por terminado o traballo e Verri, por precaución ante a censura, decide enviálo a Livorno, ao editor Aubert, quen xa se encargara de publicar as súas *Meditazioni sulla felicità*, e alí, en efecto, do prelo de Coltellini sae *Dei delitti e delle pene* nos primeiros días de xullo de 1764. Pero aparece como obra dobremente anónima, xa que non consta nin o nome do autor nin o do editor. Así mesmo, esta primeira edición, que era por certo moi deficiente, non levaba a división en capítulos numerados que hoxe presenta; levaba soamente títulos marxinais.

O éxito foi fulminante: antes do final dese verán xa estaba esgotada a edición. Nun mes, di Verri, vendéronse máis de 500 exemplares e a principios de setembro xa se falaba do libro en Milán. Pero o éxito tamén levou a que no outono aparecese en Florencia (con indicación falsa de lugar) unha «segunda

edición», non controlada polo autor, que é a que separa os capítulos, os numera con cifras romanas e coloca os seus títulos no centro da páxina. A aparición desta «edición pirata» impulsou a publicación dunha nova edición oficial. Para preparala, Beccaria realizou varias modificacións e puxo de novo o manuscrito nas mans de Verri, escribíndolle: «corta, engade, corrixe libremente, que me farás un gran servizo e un gran pracer». Esta edición, que será, xa que logo, a «terceira», publicouse, como a primeira, en Livorno (baixo falsa indicación de lugar) en marzo de 1765 e de novo esgotouse de contado. A preparación dunha nova edición auténtica viuse outra vez sorprendida por outra «edición pirata», que será, pois, a «cuarta edición» e que apareceu no primeiro semestre de 1765. A «quinta edición», na que se introduciron importantes modificacións, publicouse por fin en Livorno (de novo baixo indicación falsa de lugar) en marzo de 1766. Esta «quinta edición» é a última na que existen probas explícitas da intervención de Beccaria, por iso é a que se considera hoxe como texto definitivo da obra. A edición seguía sendo anónima; o nome de Beccaria non apareceu á fronte da súa obra ata as reimpresións —non autorizadas, polo demais— de 1770 e 1783.

## V

O primeiro que chamaba a atención cando se abrían as páxinas do libro era o seu estilo. É un estilo que se axusta a un modo de razoar novo nestas materias porque é, na forma, o reflexo da aplicación dunha «mentalidade matemática» á cuestión penal: «estilo demasiado particular e salpicado de termos matemáticos», dicía do texto un dos seus primeiros lectores. E é que, por suposto, non podía deixar de chamar a atención a profusión de expresións como «espírito xeométrico», «precisión xeométrica» ou similares, nun libro que no seu título falaba de delitos e de penas. Para Bentham —que tanto o admiraba— este libro era




a fonte da idea de aplicar a precisión, a claridade e a irrefutabilidade dos cálculos matemáticos ao campo da moral. Pero este «estilo matemático» está cheo, as máis das veces, de calor e paixón, como recoñecían matemáticos como d'Alembert e Condorcet, porque Beccaria sabe empregar no momento decisivo unha linguaxe emocional e precisamente esta combinación será unha das claves do seu éxito, aínda que o mesmo d'Alembert propoñía «para facer máis útil a obra dándolle máis lectores, suprimir nunha segunda edición todas as expresións xeométricas e científicas, que se poderán substituír por outras sinxelas e vulgares. En metafísica e sobre todo en moral é preciso, páreceme, afastarse o menos posible da linguaxe común, porque nestas obras fálase ao xénero humano». Tamén é verdade que algunhas veces poden atoparse parágrafos non tan claros e así o facían notar os lectores, pero o propio Beccaria ofrece unha explicación: cando escribía esta obra —di— «tiña á vista os exemplos de Maquiavelo, de Galileo e de Giannone. Oín o ruído das cadeas que sacude a superstición e os berros do fanatismo que afogan os xemidos da verdade. A vista deste espectáculo horroroso determinoume a envolver a luz algunhas veces entre nubes. Quixen defender á humanidade sen ser o seu mártir.» E, aínda que non o di, ten presentes tamén ao seu admirado Helvétius renegando por tres veces do seu libro *De l'esprit* e as fogueiras nas que ardían o *Émile* e o *Contrat social*.

Pero o estilo chamaba a atención tamén porque o libro carecía por completo de citas e de todo tipo de referencias eruditas. Isto pode deberse, certamente, a obvias razóns de prudencia, que lle aconsellaría non mencionar aos autores que están detrás das súas páxinas, pero sobre todo débese á propia natureza da obra. *Dei delitti e delle pene* é o que se chamaba entón un *pamphlet*, non un tratado de dereito penal; é un libro de combate, escrito nun estilo directo, sen adornos e sen erudición, moi na liña que mantiña a Academia dos puños, procurando, como dicía Verri «que o escritor diga cousas razoables, interesantes, e

as diga nunha linguaxe entendible por todos e as escriba con tal arte que sexan lidas sen aburrimiento», pero estilo moi estraño nun libro que prometía entrar no mundo do dereito, no que o lector estaba afeito a atopar un sólido aparello doutrinal.

En *Dei delitti e delle pene* o único nome que aparece é o de Montesquieu e hai soamente algunhas alusións baixo as que se pode intuír que se ocultan Helvétius e Rousseau. Esta falta de referencias abriu a posibilidade de que durante moitos anos se discutira sobre as influencias de Beccaria. Hoxe pódese dicir que a cuestión está practicamente pechada tras o exhaustivo traballo de Francioni, que a resume así: o libro está construído sobre a combinación de dous grandes bloques conceptuais da cultura dos séculos XVII e XVIII: a temática de fondo provén de Montesquieu; de Helvétius provén o impulso utilitarista que percorre toda a obra. Xunto a estes dous interlocutores privilegiados está Locke e o seu contractualismo liberal, aínda que desenvolto ás veces a través de suxestións e imaxes que proveñen de Grocio, Hobbes ou Rousseau. A construción complétese con argumentacións derivadas do sensismo de Condillac, envoltas moitas veces en terminoloxía lockiana. Xunto a estes elementos básicos, advírtese tamén o recurso a autores como Burlamaqui e Vattel.

De todo este catálogo, o punto máis discutido foi sempre o da influencia de Rousseau. En efecto, parece claro que o impulso orixinal está en Rousseau e o seu *Contrat social*: o seu espírito alenta o sentido xeral da obra. Así o viron os seus contemporáneos, que, como di Francioni, quedaron prendidos no *pathos* da páxina, na carga humanitaria e sentimental que a percorre, no emprego de imaxes eficaces, nas frases breves e incisivas; é dicir, no ton marcadamente rousseauiano co que Beccaria escribe o seu libro e asociaron inmediatamente a ambos e, ademais, de forma moi estreita. De nada serviu que o propio Beccaria explicase que utilizara expresións de Rousseau, pero que seguira vías independentes; ambos permaneceron estreitamente vincu-



Para o moralista britânico Jeremy Bentham (1748-1832), a obra de Beccaria era fundamental

lados durante moitos anos. Só co paso do tempo foise matizando bastante o alcance, á parte dese espírito xeral, da influencia de Rousseau sobre o libro: hoxe, a opinión dominante atopa poucos préstamos concretos deste na letra das súas páxinas.

Por outra banda, a soa mención destes nomes fai centrar a atención sobre o feito de que non hai un só criminalista entre eles, dato salientable, de certo, nun libro que trata sobre os delitos e as penas. E isto, á súa vez, pódenos indicar que esta obra vai moito máis aló do seu título. Desde os traballos de Venturi nos primeiros anos sesenta foise progresivamente poñendo o acento sobre o seu contido político ata chegar a afirmarse hoxe, como o fai, por exemplo, Burgio, que é, por riba doutras cousas, un libro de loita política: desde as primeiras páxinas, vese inmediatamente que a loita de Beccaria a prol da defensa das garantías xurídicas do cidadán vai unida sempre ao seu discurso sobre a sociedade e ao seu esforzo para dar forma a unha orde social máis xusta; as garantías individuais son garantías xurídicas, pero tamén garantías civís, garantías políticas. Se na súa obra o dereito penal é o campo de batalla escollido —e cómpre recordar que quizais nunca se debateu tanto sobre a «cuestión penal» como nesta época— é porque comprendeu que no dereito penal se manifestaba a lóxica constitutiva da sociedade, a escala de valores que a rexe, o xeito de vida común.

Pero é que xa no momento da súa aparición fora visto así. Por exemplo, en 1766, o ilustrado Cosimo Amidei escribía a Beccaria desde Florencia dicíndolle que o libro alporizaría a «multitude de criminalistas» que esperaban atopar nel «máis un sistema criminal axustado ás súas ideas que un sistema político» e que a obra era superior aos coñecementos *di questi legali*. A súa predición foi exacta; basta citar aquí o exemplo dun prestixioso xurista, como era Muyart de Vouglans —sobre quen Voltaire escribía a Beccaria: «vos defendestes a causa da humanidade e el foi o defensor da barbarie»—, que en 1767 manifestaba o seu asombro ao ver un libro sobre lexislación

xx. TABLE SOMMAIRE.

excellente éducation devient être la conclusion nécessaire de cet Ouvrage ; mais ce plan d'éducation, proprement facile à exécuter, former, comme on le verra dans le Chapitre suivant, d'une exécution très-difficile.

Cit. XVIII. De l'Éducation.

104

On trouve, dans ce Chapitre, qu'il seroit, sans doute, très-utile de perfectionner l'éducation publique ; mais qu'il n'est rien de plus difficile, que une manière adroite de l'appliquer, en se garant, à toute espèce de séduction, que, dans les Empires vastes & peuplés, on n'a pu concevoir un belin urgent de grands hommes, qu'on envoie fréquemment, le Gouvernement au point d'être long-temps ses regards sur cette partie de l'administration. On observe cependant, à cet égard, que dans les États monarchiques, tels que le nôtre, il ne seroit pas impossible de donner le plan d'une excellente éducation ; mais que cette entreprise seroit absolument vaine dans des Empires soumis au despotisme, tels que ceux de l'Orient.



DI



DE L'ESPRIT.  
DISCOURS I.  
DE L'ESPRIT EN LUI-MÊME.

CHAPITRE PREMIER.



N'écoutez sous les jours sur ce qu'on doit appeler *Esprit* ; chacun dit son mot ; personne n'attache les mêmes idées à ce mot.

Si tout le monde parle sans s'entendre.

Pour pouvoir donner une idée juste & précise de ce mot *Esprit*, & des différentes

acceptions dans lesquelles on le prend, il faut d'abord considérer l'esprit en lui-même.

On l'on regarde l'esprit comme l'effet de la faculté de penser, (& l'esprit n'est, en ce sens, que l'assemblage des pensées d'un homme) ou en le considère comme la faculté même de penser.

Pour savoir ce que c'est que l'esprit, pris dans cette dernière signification, il faut connaître quelles sont les causes productrices de nos idées.

Nous avons en nous deux facultés, ou, si je l'ose dire, deux puissances passives, dont l'existence est généralement & distinctement reconnue.

A

Claude-Adrien Helvétius *De l'Esprit* (1758).  
Primeira página do Discurso Primeiro: «Do espírito em si mesmo»

criminal que non era ante todo técnico, consagrado ao dereito positivo: «unha discusión exacta e metódica das leis e dos principios... con citas de autoridades... unha enumeración exacta das diferentes clases de delitos e das súas penas... veredes con sorpresa que nada disto se atopa na obra» de «este pretendido ilustrado». De feito, esta é máis ou menos a base das críticas que recibiu o libro na súa época: son máis políticas que técnicas; céntranse nas consecuencias políticas das súas propostas máis que nos problemas puramente técnicos do sistema penal. *Dei delitti e delle pene* é, como indica o seu título, unha obra sobre os delitos e as penas, pero é moito máis que iso: é un libro que —afirma Ricuperati— «tocaba moi fondamente o corazón da sociedade do *ancien régime*». En realidade, non hai ningunha dúbida de que o sistema penal forma parte aquí dun discurso máis amplo, que o problema penal está ligado dun xeito indisoluble a un discurso político: o que se sostíña no seo da Academia dos puños e que se reflicte tamén, por exemplo, en *Il Caffé*. Nesa comunidade de pensamento dese grupo de mozos milaneses hai que comprender o sentido da obra, porque, como di Francioni, Beccaria non só é que non estivese preparado para escribir un texto xurídico, é que nin sequera tiña o menor interese en seguir a tradición e o método dos xuristas; non intentaba escribir un Tratado de dereito penal, senón un *pamphlet* filosófico, centrado en temas penais, si, pero só na medida na que estes permitisen sacar á luz os atrancos que se atopaban no camiño da humanidade cara á xustiza, o benestar e a felicidade.

*Dei delitti e delle pene* é un libro de ruptura coa tradición, un libro contra os «prexuízos de séculos», contra «a tiranía do costume», que é «o lexislador máis común das nacións», contra a resistencia ante as ideas novas, contra a obediencia acrítica aos «principios recibidos» e de aí os seus ataques contra os representantes do sistema antigo, contra a «cruel imbecilidade» e a «inicua frialdade» dos criminalistas. Pero tamén Beccaria é moi consciente de quen son os que sofren máis directamente a

brutalidade do sistema penal, moitas veces citados no texto, no que, por exemplo, fala de eses «milleiros de infelices, que a miseria, querida ou tolerada polas leis —que sempre favoreceron á minoría e aldraxaron á maioría—, induciu a un desesperado retorno ao primitivo estado de natureza», é dicir, fóra do contrato social e ao delito, referencia que podería completarse coa que Verri eliminou cando fixo a copia do manuscrito orixinal, sobre o sacrificio de «débiles mulleres, vítimas dunha paixón que ten os seus principios na inmutable natureza e un freo impotente nas variables leis dos homes». Pero se esta linguaxe chamaba a atención no seu tempo, moito máis aínda chamouno esa famosa frase do capítulo XXII («Furtos»), sobre o dereito de propiedade, «terrible, e quizais non necesario dereito, que non deixou máis que unha núa existencia» a unha infeliz parte da humanidade. Tanto chamou a atención que mesmo un dos seus máximos admiradores, Bentham, o que lle chamaba «o meu mestre, primeiro evanxalista da Razón», preguntábase con sorpresa como un escritor tan razoable como Beccaria podía introducir «nunha obra ditada pola máis razoable filosofía, unha dúbida subversiva da orde social». Resulta case conmovedor ver como Isaak Iselin, desde Basilea, encarga a un coñecido seu que estaba en Milán que preguntase a Beccaria se a tal frase era unha errata. A resposta de Beccaria foi moi clara: non o era; era a súa auténtica opinión. Malia iso, a tese da errata fixo fortuna e mantívose durante moitos anos e, o que é peor, algunha edición do libro, como a alemá de Hommel, fixo desaparecer a frase do texto.

Pero tampouco hai que levar a Beccaria demasiado lonxe por este camiño. Convén salientar que é certo que deu algúns pasos máis aló da liña que separaba a Rousseau dos enciclopedistas, liña que como di graficamente Radbruch marcaba o fiel na relación liberdade-democracia; tamén é certo que Beccaria pasou a liña cara ao segundo dos termos e cara a Rousseau, porque el representaba dentro da *Accademia* a dimensión utópica do pensamento ilustrado e unha particular sensibilidade pola cuestión

social, pero tamén é verdade que non chegou ata o final: o ímpeto igualitario e libertario vese sempre freado pola razón e o cálculo. Como o resume Venturi, Helvétius aparece aquí fronte a Rousseau e acaba por impoñerse. Naturalmente, hoxe pode ser doado ver as limitacións de este esforzo a prol da igualdade xurídica dos cidadáns, a prol dunha sociedade de «iguais e libres na dependencia das leis, que é a súa igualdade e liberdade que poden esixir os homes razoables nas presentes circunstancias», pode ser doado ver as limitacións deste «liberalismo de boas intencións» —que é como desde o punto de vista das súas consecuencias penais o describiu Ignatieff—, pero tampouco se pode negar que Beccaria conseguiu no seu tempo, en palabras de Ricuperati, «a máis eficaz mestura de utopía e reforma que a Ilustración europea conseguiu organizar». E, en calquera caso, cando se le o seu libro, é inevitable ter a sensación de que Beccaria, mentres con moito esforzo enchía as súas cuartillas no baixo da casa dos Verri, estaba vendo moito máis lonxe.

## VI

Non só chamou a atención o seu estilo. O lector atopaba sorprendido nun libro tan pequeno unha enorme cantidade de cuestións, de ideas, que desmontaban por completo as bases do sistema penal, pero que ademais poñían os fundamentos para a construción dun sistema novo.

1.- O punto de partida do libro está no sensismo, tendencia filosófica favorita da Academia. Na liña trazada por Locke e Helvétius e reforzada por Verri nas súas *Meditazioni sulla felicità*, atribúe todo o coñecemento humano aos efectos das impresións sobre os nosos sentidos: «todo acto da nosa vontade sempre está proporcionado á forza da impresión sensible que é o seu manancial». Entre estas impresións, «o pracer e a dor son os motores da actuación dos seres sensibles». Por iso, a causa próxima e eficiente das accións é a fuxida da dor; a súa causa final é a procura do pracer.




O fin de toda sociedade é, pois, o benestar de todos os cidadáns que se uniron para formala e para iso estableceron un pacto no que cada un cedeu a mínima parte posible da súa liberdade —básica diferenza con Rousseau: non se entrega toda a liberdade, senón o mínimo posible—; o seu obxectivo é, na frase —clave do pensamento utilitarista— que lle chegara desde Hutcheson por medio de Helvétius e que se converteu no lema de varios escritos da Academia, a *massima felicità divisa nel maggior numero*, baixo a guía dun «benéfico gobernante», que será así «o sabio dispensador da felicidade pública». A comisión dun delito supón que alguén rompeu este contrato social, causando así un prexuízo no camiño da procura da felicidade. O que se trata entón é de evitar a comisión de delitos establecendo unha relación estreita, infalible e proporcionada entre delito e dor. A reacción fronte ao delito será unha reacción defensiva, que utilizará «motivos sensibles» —é a expresión que emprega Beccaria— para influír no ánimo das persoas; eses motivos sensibles son as penas. O sistema penal, cos seus castigos, convértese así, como subliña Bellamy, nun instrumento esencial para conducir aos cidadáns, apelando á súa razón e ás súas paixóns, cara á consecución da felicidade pública.

2.- A primeira consecuencia no campo penal —non é necesario salientar a súa importancia— será a «desacralización» da lei penal ou, se se prefire utilizar a expresión de Cattaneo, a secularización do dereito penal. Franco Venturi trazou a imaxe de Beccaria cortando dun golpe limpo o nó que durante séculos se formara unindo con mil fíos delito e pecado. Que a Igrexa, se quere, se ocupe dos pecados; o delito pasa a ser un asunto estritamente social, un atentado contra a sociedade e soamente ao Estado corresponderá a tarefa de avaliar e resarcir o dano que a infracción da lei cause ao individuo e á sociedade, porque a única medida da gravidade dun delito é o dano social, «unha desas verdades palpables, que non necesitan nin cuadrantes nin telescopios para ser descubertas, porque están ao alcance

de calquera intelecto mediocre, pero que por unha marabillosa combinación de circunstancias non son coñecidas con seguridade máis que por uns poucos pensadores». Beccaria descarta expresamente os criterios da intencionalidade do autor, a dignidade da persoa ofendida ou a «gravidade do pecado». Rexeita a idea de realizar unha análise de todas as clases de delitos, porque —di— iso obrigaríalle a entrar nun «detalle inmenso e aburrido» —o que, obviamente, irritou aos xuristas— e prefire limitarse a trazar algunhas liñas xerais.

O Estado ten a lexitimidade para castigar o delito, porque reside na propia existencia do contrato social. Pero Beccaria suscita o problema dos límites para o exercicio lexítimo dese dereito de castigar. A resposta dálla Helvétius: o dereito de castigar lexítimo é o que abrangue o mínimo necesario para a defensa da sociedade, porque no contrato social os homes renunciaron só á mínima parte posible da súa liberdade. O dereito de castigar, pois, fórmao a suma de todas as mínimas porcións de liberdade que entregaron os cidadáns; aí termina a xustiza e máis aló comeza o abuso: xa non existe o dereito.

3.- Agora ben, o castigo debe nacer unicamente da lei penal e a lei penal debe provir unicamente do lexislador, ese «frío examinador da natureza humana», nunca dos xuíces. Beccaria tiña ante os seus ollos unha situación na que a lexislación vixente estaba formada no esencial por unha colección de *Constitutiones* promulgada por Carlos V en 1541, os Estatutos medievais da cidade e o *Corpus iuris* de Xustiniano. Como resulta obvio, o paso dos séculos fixera que esta lexislación fora practicamente inutilizable, polo que os xuíces, que foran acadando unha amplísima marxe de arbitrio, máis que sobre a lei, ditaban as súas resolucións sobre as interpretacións que os criminalistas facían dela. Formouse así, en expresión de Cavanna, unha auténtica «xurisprudencia de aluvión», unha casuística inmensa que foi sepultando os textos antigos; a opinión foi substituindo a lei, polo que o dereito penal lombardo aparecía, en palabras de



O tempo foi matizando a influencia de Rousseau e o seu *Contrat social*  
sobre o pensamento e a obra de Beccaria

Beccaria, como unha «tradición de opinións». A consecuencia evidente é unha situación de inseguridade xurídica na que os máis prexudicados, di Beccaria, son sempre «os pobres». Fronte a esta situación de excesivo arbitrio —*arbitrio distruttore*, di—, a reacción é a exaltación do lexislador —«que representa a toda a sociedade unida por un contrato social»— como intérprete único da vontade xeral e, xa que logo, a primacía absoluta da lei entre todas as fontes do dereito: o «despotismo das leis» é para Beccaria o reflexo da «máxima liberdade política». Este principio de legalidade, cuxas bases senta aquí Beccaria e que formulará definitivamente máis adiante Feuerbach, tamén impón a restrición absoluta das normas non escritas (o dereito consuetudinario), ante a lei escrita, ese «estable monumento do pacto social». Pero o lexislador debe promulgar leis xerais —o «suxeito único» do dereito penal exclúe as desigualdades ante a lei— claras e sinxelas, escritas no idioma que coñecen todos os súbditos, no estilo da famosa idea de Thomas Paine que pensaba en leis que se podían levar no peto nun pequeno libro, para «lelo directamente e comprendelo sen a mediación dos doutores». «Tratamos sempre de sistematizar e simplificar, son as dúas palabras máxicas do día», escribiría, resumindo a situación, Pietro Verri ao seu irmán Alessandro.

4.- «Desde o momento en que as penas son proporcionadas ao delito, todo está en regra», escribía Federico II a Voltaire desde Potsdam. Sen dúbida, o arquetipo de déspota ilustrado simplificaba moito, pero o certo é que a busca dun razoable balance entre crime e castigo era unha das ideas centrais sobre as que se articulou a vontade de reforma do pensamento ilustrado en materia penal. En realidade, idea central era xa a propia pena, o elemento máis visible da xustiza penal, nunha época en que a publicidade da execución do castigo era un aspecto esencial desta. Con toda seguridade, pois, a pena era o aspecto sobre o que con máis intensidade se concentraba o debate e na obra de Beccaria é tamén un eixe principal. Na súa exposición

destácanse dous puntos: un é a necesidade da pena e outro a súa proporcionalidade.

O principio básico é que a pena, para ser xusta, ten que ser necesaria: «toda pena innecesaria é tiránica», dirá Beccaria lembrando as palabras de Montesquieu. Pero este principio ten, ademais, unha segunda parte: a pena non só debe ser necesaria, senón que debe ser a mínima necesaria.

O segundo principio básico da pena é que debe ser proporcionada ao delito. Esta idea, que atravesa todo o racionalismo xurídico do século, establece así un uso máis económico do poder de castigar, evitando todo o que se perdía no exceso e con iso limítase a barbarie do sistema entón aínda vixente. Pero Beccaria preocúpase tamén de despexar o temor á posible incapacidade da pena para cumprir os seus fins: a eficacia dunha pena —escribe— reside non na súa gravidade, senón na súa infalibilidade; a eficacia non depende de que a pena sexa moi grave, senón de que exista certeza de que se vai impoñer e de que se vai cumprir inexorablemente.

E cal é o fin da pena? A resposta de Beccaria a esta pregunta non está exenta dalgunhas contradicións, pero a tendencia xeral do seu pensamento é clara e vai cara ao que co tempo chamaríase prevención xeral negativa: intimidar á xeneralidade dos cidadáns para que se absteñan de delinquir («o terror dos demais homes»). Naturalmente, o pensamento utilitario que percorre as páxinas do libro atópase aquí cun problema: a finalidade disuasoria da pena pode conducir cara a un constante incremento desta para poder alcanzar o seu obxectivo. A tentación de elevar a pena para mellorar o seu papel como freo para os cidadáns está sempre presente. Pero Beccaria mantén firmemente un límite: sempre a pena mínima necesaria para cumprir esta función, dentro da debida proporción co delito.

A vinculación entre delito e pena lévalle a axustar as escalas duns e outras, lamentando que a «xeometría non alcance a todas as accións humanas»; a exactitude e a precisión son

importantes, porque —di— a escala de penas reflicte o grado de tiranía ou liberdade dun país. Pero, iso si, tratando sempre de manter unha ampla variedade de penas. Beccaria non mostra o menor interese pola prisión como pena, fronte ás numerosas referencias á prisión provisional; niso coincide co pensamento da época: «Gardádevos moi ben de inflixir os mesmos castigos», dicía Mably. Naquel momento aínda a variedade de penas parecía esencial e a uniformidade dunha única pena, a prisión, para case todos os delitos, non resultaba aceptable. «De maneira que se traizoei á miña patria encérranme; se matei ao meu pai, encérranme; todos os delitos imaxinables castíganse do xeito máis uniforme: paréceme estar vendo un médico que para todos os males ten o mesmo remedio», dicía un deputado na Asemblea francesa. Con todo, como destaca Foucault, no aire estaba xa o comezo da imparable e rápida colonización da pena pola prisión e Beccaria non soubo percibilo.

Comprende, con todo, o cambio de sentido da pena: elixírase a pena e o modo de execución que, gardada a proporción, fará unha impresión máis eficaz e máis duradeira sobre o ánimo dos homes e a menos tormentosa sobre o corpo. É a idea que recolle a célebre frase de Mably: «Que a pena caia sobre a alma e non sobre o corpo». Un novo sistema punitivo estaba nacente e o instrumento para a posta en práctica deste cambio transcendental será a prisión; outro típico punto de encontro, di Venturi, entre unha auténtica e fonda filantropía ilustrada e un novo cálculo económico con algo máis desacougante, cunha antiga crueldade que aparecía revestida de formas novas e máis racionais.

Pero no que se refire á pena, as páxinas máis famosas son as dedicadas á pena de morte, ata o punto de que se pode falar da cuestión da pena de morte antes e despois de Beccaria. Na discusión sobre a pena capital, Beccaria móvese en dous niveis, que se corresponden con esa combinación de elementos contractualistas e elementos utilitaristas que amosa no seu libro, combinación que foi sempre moi discutida. No primeiro



En tempos de Beccaria a tortura era aínda un procedemento penal habitual

nivel suscita a ilexitimidade desta pena, é dicir, que a pena de morte non é xusta, *non é dereito*, argumentando que non pode xustificarse no contrato social, porque ninguén, dentro desa mínima porción posible da súa liberdade que entrega á sociedade, entregaría o maior dos seus bens: a súa vida.

Beccaria, desde o outro punto de vista, trata agora de demostrar que a pena de morte non é nin útil nin necesaria; se o demostro —di— «gañaría a causa da humanidade». Para iso, propón e discute os dous argumentos que, ao seu xuízo, poderían invocarse a prol da pena capital, que poderían facer pensar que era unha pena necesaria: o primeiro, cando o reo teña tal poder que podería, aínda encarcerado, poñer en perigo a seguridade da nación; neste caso, a morte desta persoa podería ser necesaria soamente no «tempo da anarquía», cando a lei fora substituída pola desorde. Claro é que entón o país está *fóra do dereito*; non se trataría xa do exercicio do dereito de castigar senón que sería unha «guerra contra o cidadán»; pola contra, a morte desta persoa nunca será necesaria «no tranquilo reino das leis».

O segundo argumento que Beccaria apunta que se podería utilizar para afirmar a necesidade da pena de morte é que esta pena «fose o verdadeiro e único freo» para evitar que outras persoas cometan delitos. Pero, responde, «a experiencia de todos os séculos» demostra que a pena de morte non disuadiu nunca «aos homes decididos a ofender á sociedade». A pena capital non é, pois, necesaria.

Pero, ademais, tampouco é útil, «polo exemplo de atrocidade que dá aos homes», exemplo que é «tanto máis funesto, canto a morte legal é dada con estudo e formalidade». A súa proposta é substituíla por unha pena útil: traballos forzados a perpetuidade.

5.- No que se refire ao proceso penal, que é a materia que —como xa dicía Alessandro Verri— está na raíz do libro, as reformas que presenta Beccaria son moi profundas, comezando —sempre baixo a súa salientable esixencia de rapidez do pro-



ceso e da pena— pola propia concepción da actividade xudicial. Fronte á antiga concepción do xuíz como «inimigo do reo», función que desempeña con «secreta compracencia da propia autoridade», propón a figura do xuíz como «terceiro», como «indiferente investigador da verdade». O poder de vulgar é, pois, un poder «nulo». O xuíz, que ten que ser distinto do lexislador, debe aplicar a lei e non ter outro poder máis ca ese. Aínda máis, o imperio exclusivo da lei que propón Beccaria fronte á situación de arbitrio existente implica a restrición absoluta da actividade xudicial de interpretación á mera comprobación de feitos: imponse a «xurisprudencia mecánica», o siloxismo perfecto (a premisa maior será a lei; a menor, se a acción é conforme ou non á lei; a consecuencia, a liberdade ou a pena). Cambio radical, pois, no papel do vulgador: do xuíz que fai a lei pásase ao xuíz que é «a boca que pronuncia as palabras da lei», segundo a fórmula de Montesquieu. Beccaria ten moi presente neste punto a Bacon: «óptima é a lei que deixa o mínimo arbitrio ao xuíz, óptimo é o xuíz que se deixa o mínimo arbitrio a si mesmo». En calquera caso, «non hai cousa máis perigosa que ese común axioma de que cómpre consultar o espírito da lei». Pero ademais, insistindo na idea de control da actividade xudicial que percorre todo o libro, Beccaria amósase favorable aos órganos xudiciais colexiados e moi numerosos, como medio de evitar a venalidade e diminuír o poder de cada xuíz. Trata de establecer límites ao poder do xuíz, ata na determinación de feitos; a súa proposta é rodealos de asesores escollidos por sorteo. Móstrase contrario á pompa exterior do proceso, porque podería dirixir a reverencia e o temor do cidadán cara aos xuíces máis que cara á lei.

Todo iso lévalle, xa que logo, a un cambio radical na concepción do proceso penal. Aínda que quizais non sexa demasiado claro na formulación, baixo a súa distinción entre «proceso ofensivo» e «proceso informativo», o libro propón o abandono do proceso inquisitorial, ata entón dominante «case en todos os

lugares da ilustrada Europa», en favor do acusatorio, «o verdadeiro proceso... é dicir, a indiferente indagación do feito, que é o que a razón ordena». É especialmente importante a súa discusión do problema da proba; neste sentido, destaca o seu ataque contra o entón vixente sistema de probas legais —no que a lei establece a forza probatoria de cada tipo de proba, vinculando ao xuíz—, abrindo así un novo horizonte á actividade xudicial: coa súa maior liberdade na apreciación da proba, o xuíz será agora «como un piloto que navega entre os escollos», dicía graficamente Paolo Risi. En materia de probas destaca tamén o ataque contra a súa institución fundamental, que é a confesión do reo. En realidade, a crítica contra a confesión como proba é o punto de partida para o seu ataque radical contra a tortura como instrumento de proba, como criterio de procura da verdade («criterio digno dun caníbal»), onde deixou algunhas das páxinas que alcanzaron máis celebridade, xunto coas dedicadas á pena de morte. Tamén nesta materia é moi severa a súa crítica contra a esixencia de xuramento do reo.

6.- Os últimos capítulos do libro dedícanse a salientar algúns criterios para poñer en práctica o principio defendido ao longo de toda a obra de que os esforzos do gobernante deben encamiñarse sobre todo á prevención dos delitos. Entre estes criterios, un lugar moi destacado ocúpao a educación, presidido polo seu célebre imperativo: «que as luces acompañen á liberdade». Á educación dedícalle bastante espazo cheo do típico optimismo ilustrado, desa característica confianza nos seus efectos, esa mesma confianza que debía invadir todos os terreos, incluído o das propias leis penais, materia na que pode servir de exemplo a publicación en Viena, en 1787, dunha edición do Código Penal «para nenos e tamén para adultos». Porque, para limitarnos só á educación no campo das leis, Beccaria está firmemente convencido da eficacia educativa dun bo texto de leis sinxelas e claras: «calquera que teña un alma sensible, e bote unha ollada sobre un código de leis ben feitas, e encontre que non perdeu

máis que a funesta liberdade de facer mal aos demais, verase obrigado a bendicir o trono e a quen o ocupa».

## VII

«Cando apareceu Beccaria foi recibido polo público ilustrado do mesmo xeito que o crente recibiría un anxo do ceo». A frase de Bentham reflicte moi graficamente o éxito de *Dei delitti e delle pene*. Este é «o primeiro libro escrito en Italia a prol da humanidade con enerxía e con independencia», dicíalle Carli a Paolo Frisi. «Código da humanidade», foi tamén chamado. O «afortunado libriño» apareceu no momento xusto e, recibido cun inmediato alude de eloxios, como se todo ese «público ilustrado» o estivera esperando, atopou moi pronto aberto o camiño da fama.

Outra clase de público non o recibiu así. Malia os retoques que fixo Verri sobre a versión orixinal e a que a relixión non era o obxectivo principal do libro, a Igrexa interveu pronto: o 3 de febreiro de 1766, na mesma sesión que prohibiu o *Traité sur la tolerance* de Voltaire, *Dei delitti e delle pene* —aínda anónimo— por Decreto do Santo Oficio, que atopou nel «resonancias hobbesianas», foi incluído no Índice de libros prohibidos, onde, por certo, seguía no século XX. A noticia chegou a Beccaria cando estaba a piques de aparecer a «quinta» edición, que era a primeira que ía levar o seu nome. Amedrentado, mandou cambiar a edición, que seguiu, por conseguinte, sendo anónima, agás algúns escasos exemplares que xa foran impresos e distribuídos. A vixilancia da Igrexa alcanzou mesmo á primeira tradución española, de 1774, que foi prohibida para toda clase de lectores, incluídos os que tiñan permiso especial.

Das filas da Igrexa viñera xa a primeira crítica e a máis dura. Foi obra dun peculiar frade bieito, Ferdinando Facchinei, que publicou en Venecia a principios de 1765 *Note ed osservazioni sul libro intitolato Dei delitti e delle pene*, escrito cheo, como lle

dicía Renazzi a Beccaria, de *rabies theologica*, no que acusa ao autor de pretender ser «o Rousseau dos italianos» —sempre a identificación de Beccaria con Rousseau— e de que, precisamente arrastrado pola influencia deste, basea o seu libro sobre «dous falsos e absurdos principios: que todos os homes nacen libres e son iguais por natureza» e que o poder político ten base contractual: «este libro, de tan pequeno tamaño, está cheo de longas invectivas contra os lexisladores e contra os príncipes, tanto eclesiásticos como seculares e especialmente contra o Sagrado Tribunal da Inquisición e contén todos os erros máis enormes e máis sediciosos blasfemados ata hoxe contra a soberanía e contra a relixión cristiá por todos os máis impíos herexes e por todos os antirrelixiosos antigos e modernos...». Pero o escrito de Facchinei, ademais de todo isto, debe a súa fama a que, entre outras moitas cousas, chama a Beccaria «socialista»; ten, xa que logo, o mérito de utilizar por primeira vez —polo que se alcanza a ver— esta palabra nunha lingua moderna, aínda que obviamente non no mesmo sentido que adquiriu despois. Como é sabido, utilizada primeiro en latín, a palabra foi empregada polo tamén bieito Desing para describir a corrente do dereito natural que xurdía de Pufendorf e que poñía o instinto social do home —a *socialitas*— na base de todo dereito natural. Estes «socialistas» facían, así, abstracción de todo elemento relixioso na súa visión da sociedade, ao considerar cada acto humano desde o punto de vista da sociedade, esquecendo a revelación, a relixión, a Igrexa. Pero, como se pode ver, no paso do latín ao italiano, a palabra acadaba xa un matiz distinto: aplicábase a quen falaba dunha sociedade de persoas libres e iguais.

Os irmáns Verri responderon inmediatamente ás críticas de Facchinei cunhas páxinas defendendo o libro das dúas acusacións principais, a de impiedade e a de sedición, sen facer comentario algún sobre a de «socialismo», probablemente sorprendidos pola novidade. Este escrito foi publicado de forma anónima e a el faise alusión nas primeiras páxinas de *Dei delitti*

*e delle pene*, alusión que non só silencia o nome dos seus autores, senón que atribúe a súa autoría a Beccaria, feito que tivo importante repercusión nos acontecementos posteriores, que rematarían na ruptura cos Verri.

Pero tamén houbo algunhas críticas nos ambientes ilustrados, moitas delas pola vinculación que se estableceu desde o primeiro momento entre o libro e as ideas de Rousseau. Rousseau non deixaba indiferentes os seus lectores; por iso, tamén, non eran poucos os que vían a súa influencia como un elemento negativo na obra. Por exemplo, por citar mesmo algunha persoa próxima a Beccaria, en xaneiro de 1765, Carli escribíalle a Paolo Frisi: «contentémonos con loar a obra e corramos un veo sobre os principios [...] proveñen de Rousseau». Tamén desde un ambiente ilustrado, pero máis afastado, Moses Mendelssohn na súa correspondencia con Iselin vía no «italiano ese ton fachendoso de Rousseau, que fala sempre coma se antes do seu tempo todo o xénero humano non pensase nada». Moi coñecidas son, por vir de quen viñan, as ironías de Hegel e a dura e despectiva crítica de Kant, que se centran especialmente na cuestión da pena de morte. Moi frecuente, polo demais, era o caso de grandes admiradores de Beccaria —por exemplo, Goethe— que non compartían a súa postura abolicionista. Pero todas as críticas foron quedando afogadas polo enorme éxito do libro, cuxa fama foise estendendo como unha mancha de aceite pola sociedade ilustrada. En poucos anos desde a súa aparición, *Dei delitti e delle pene* aparece nas circunstancias máis dispares: atopámolo nun drama de Jovellanos e na defensa que fai o futuro presidente Adams dos procesados pola «masacre de Boston», na biblioteca de Jefferson ou entre os discursos forenses de Meléndez Valdés.

Aínda que os recoñecementos comezaron co premio que lle deu a *Patriotische Gesellschaft* de Berna en 1765, con toda seguridade o impulso decisivo para a fama universal do libro deullo a súa recepción en Francia polos enciclopedistas e a

súa tradución ao francés, lingua clave na cultura da época. Da importancia que tería a súa introdución na cultura francesa era consciente Pietro Verri, que tentou traducilo xa en 1764, pero, como el mesmo confesaba, abandonou cando levaba traducida unha cuarta parte, «porque a obra perde todo aquel impulso orixinal de apaixonada elocuencia que a caracteriza; non hai forma de poñer en bo francés gran parte dos seus pensamentos con igual solidez...» Agora chegaba o momento da tradución definitiva e con ela do seu éxito universal, pero con esta tradución suscitouse un problema que alterou o coñecemento do libro durante dous séculos.

Paolo Frisi fixera chegar un exemplar a d'Alembert, que lle contestou en xullo de 1765: «este libro, aínda que de pequeno tamaño, basta para asegurar ao seu autor unha reputación inmortal», engadindo «¡Que filosofía, canta verdade, que lóxica, que precisión e, ao mesmo tempo, que sentimento e que humanidade!». Non é difícil imaxinar a impresión que causaría esta carta en Beccaria cando Frisi lla reenviou; a firma de d'Alembert («o home máis grande do país») tras estes eloxios garantíalle o éxito do seu libro. E así foi: Malesherbes propón facer a tradución ao francés ao *abbé* Morellet, que rapidamente a realiza sobre o texto da «terceira» edición italiana. Agora ben, Morellet non se conforma con facer unha simple tradución do texto, senón que decide darlle unha nova orde ao libro: cambia de lugar capítulos e parágrafos con toda liberdade, ata o punto de que cando termina só catro capítulos permanecen intactos e no seu sitio orixinal. O libro pasa de ter 47 capítulos a 42. Para rematar a súa obra, cámbialle o título: pasa a chamarse *Traité des délits et des peines*. O *pamphlet* converteuse nun tratado nunha fase máis da atormentada historia deste texto. Morellet, cuxas dotes de agresivo polemista fixeran que o seu nome se pronunciase como *Mords-les*, preséntalle, con todo, a Beccaria o feito consumado envolto en adulación, en febreiro de 1766, nunha carta na que lle dá conta da publicación da súa tradución, para comunicarlle


despois a noticia: efectuou «algunhas mudanzas na disposición dalgunhas partes da obra» e espera que aínda que, en xeral, os autores moléstanse se se fan modificacións nas súas obras, isto «non pode ser o caso con vos [...] un home de talento que compuxo unha obra admirada, chea de ideas novas e fortes e excelente no fondo, debe poder escoitar con frialdade que o seu libro non ten toda a orde de que é capaz. Non só isto, senón que debe adoptar as mudanzas que se fixeron nel, con tal de que sexan útiles e apoiadas en boas razóns». Como reforzo, remata citando a d'Alembert e a Hume como «as maiores autoridades que aprobaron a liberdade que me tomei» e indica que «varias outras persoas instruídas xulgaron o mesmo».

A resposta de Beccaria, en maio de 1766, é moi típica do seu carácter e máis neste caso, abraiado polo peso indubidable da autoridade que daban os nomes que protexían a tradución, «nomes ilustres e que non se poden oír pronunciar sen emoción». Acéptao inmediatamente todo: vin, di, «que embeleceste o orixinal [...] a orde adoptada paréceme máis natural e preferible á miña e que sento que a nova edición italiana [a «quinta»] estea case rematada, porque me habería enteiramente ou case do todo conformado ao voso plan [...] Asegúrovos que na sexta observarei enteiramente, ou con moi curta diferenza, a orde da vosa tradución». Con todo, Beccaria nunca interveu ante a editorial para modificar a orde do libro; este dicir que si pero non facer nada é unha actitude tamén típica do seu carácter. Pero, en calquera caso, a repercusión internacional da tradución francesa e a abstención de Beccaria fixeron que se impuxese a orde dada por Morellet, mesmo en Italia. E así ao longo dos anos, a edición que máis se difundiu polo mundo foi a elaborada por Morellet, non a de Beccaria, producíndose o curioso fenómeno de que Beccaria alcanza a súa condición de clásico sobre unha obra que non é a que escribiu el, ata 1958, data na que Venturi senta o criterio de que cómpre abandonar a *vulgata* de Morellet e volver á «quinta» edición italiana. Con

todo, tamén é xusto sinalar que a opinión dos enciclopedistas sobre a tradución distaba moito de ser unánime; por exemplo Diderot —por certo, o menos entusiasta admirador do libro entre os *philosophes*— consideraba que Morellet «asasinara» o libro, porque destruíra o seu ritmo «ao introducir o protocolo do método nun texto no que as ideas filosóficas, coloristas, burbullantes, tumultuosas, esaxeradas, conducen a cada pouco ao autor ao entusiasmo». Máis duro aínda, Melchior Grimm queixábase amargamente de que o libro fora «desfigurado»; «o tradutor despezoouno tan habilmente que resultou unha obra de marquetaría, onde non hai nin proporción nin harmonía»; «o que mo fai insoportable, o que é dunha temeridade inaudita... é que o tradutor pretendeu que M. Beccaria non sabía ordenar as súas ideas e que tiña necesidade del, *abbé* Morellet, para a orde na que había que presentalas». Aínda que sexa algo marxinal, pode recordarse que Morellet tentou facer a mesma manobra coa tradución das *Notes on the State of Virginia*, de Jefferson, pero aquí tropezoou cun carácter distinto ao de Beccaria.

Probablemente, o maior admirador de Beccaria foi Voltaire. O libro chegou en outubro de 1765, por medio do escocés MacDonald, ás mans de Voltaire, entón en Ferney, cumpridos xa os setenta anos. A impresión que lle causou foi moi grande («*L'auteur c'est un frère!*»). Acolleu con entusiasmo o libro e utilizouno con profusión no seu combate contra a barbarie do sistema penal. É certo que Voltaire estaba máis preocupado polos aspectos concretos nos que o libro podía ser de utilidade que en problemas teóricos sobre as súas fontes doutrinais; nin lle importaban, nin probablemente lle gustarían se tivese interese en pescudar cales eran, pero, en todo caso, nas súas mans o libro de Beccaria resultou unha verdadeira arma de combate. Non é moi arriscado supoñer que tiña presente *Dei delitti e delle pene* cando meses despois, en abril de 1766, escribía a d'Alembert que «xamais se fará unha revolución con vinte volumes *in folio*; o perigo virá dos libros pequenos de baixo prezo. Se o evanxeo





Exemplar de *Traité des délits et des peines*, edición francesa de 1773, conservado na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela

custase 1.200 sestercios, endexamais triunfaría a relixión cristiá». Desde entón manifestou continuamente a súa admiración por Beccaria, a quen invitou repetidamente a visitalo, por medio de cartas que lle enviaba o libreiro Chirol, invitacións ás que Beccaria, sempre fiel ao seu carácter, non contestou xamais.

Con toda seguridade, o ano que transcorre entre os veráns de 1765 e 1766 é o máis intenso e feliz da súa vida. Pero deseguida a vida de Beccaria e a do seu libro tomarían camiños completamente opostos.

## VIII

No cumio da súa fama, no outono de 1766, despois do nacemento da súa segunda filla, María, Beccaria viaxa a París, acompañado de Alessandro Verri, invitado polos *philosophes* franceses, invitación formulada polo barón d'Holbach a través do seu tradutor Morellet.

A viaxe, que foi a única que realizou na súa vida fóra de Italia (e unha das poucas que realizou fóra de Milán), resultou un completo fracaso. Algo disto podíase intuír xa ao longo dos quince días que tardou en chegar a París desde Milán: «Estou arrepentidísimo desta viaxe» escribíalle a Verri desde Lyon. E as cartas á súa muller van cheas de queixumes pola súa decisión de aceptar a invitación. É certo que ao día seguinte da súa chegada xa se presentou a d'Holbach no seu famoso *hôtel*, no actual número 8 da rúa des Moulins, onde se reunían dúas veces por semana, o xoves e o domingo, as máis importantes figuras do pensamento francés, así como destacados estranxeiros de paso por París, polo que non era estraño que o seu salón, que recibiu o nome de «café de Europa», tivera sona, como dicía Sterne, de que todo o mundo saía de alí «con mellor opinión do seu talento que cando entrou», e tamén é certo que axiña coñecera aos máis importantes enciclopedistas. Pero o carácter de Beccaria, retraído e pouco sociable, quizais —como di

Valsecchi— canso de «facer o actor de si mesmo», así como a preocupación pola súa muller, que quedaba en Milán entre murmurios e sospeitas de infidelidade, foron levando a que fose incapaz de encher as expectativas que os franceses puxeran nel, retraéndose cada vez máis da vida social que se lle propoñía. Ao mesmo tempo, medraba o desgusto de Alessandro Verri ante o silencio de Beccaria sobre a súa participación e a do seu irmán na elaboración da obra e sobre a autoría da resposta ás *Notas* de Facchinei e ante o protagonismo que adquiría o seu amigo entre os franceses. Este desgusto, reflectido nas frecuentes cartas que enviaba ao seu irmán («Beccaria é acollido con adoración; eu son aínda, diríamos, un astro que non ten máis luz que a que el reflecte»... «é festexado e venerado... eu non son máis que o seu compañeiro») foi envelenando o ambiente, ata que Beccaria, apenas transcorridos trinta días, decidiu volver a Milán, finalizando así bruscamente unha viaxe prevista para seis meses e deixando unha desfavorable impresión entre os *philosophes* ou, como dirá Morellet, deixando ao descuberto unha «triste experiencia da debilidade humana»: o «pobre Beccaria, cheo de celos da súa muller tan nova, estivo confinado na habitación do seu aloxamento; [...] sombrío e concentrado, non se lle puideron sacar catro palabras». Do paso de Beccaria por París quedounos pouco máis que un retrato: «pequeno de estatura, pero cun rostro que non se podía esquecer cando se vía unha vez. Os seus trazos eran regulares, os seus ollos, dunha beleza incomparable e que el alzaba a miúdo cara ao ceo, lanzaban as chamas do xenio; a fereza da aguiña mesturada cunha dozura, unha sensibilidade, que vos daba a idea dun ser superior tanto pola súa alma como polo seu enxeño», recordaría anos máis tarde unha entón moi nova e afervoadada Amélie Suard.

Coa viaxe a París remata tamén a amizade de Beccaria cos Verri, amizade que nunca se recompoñerá completamente. O motivo da ruptura quedou reflectido con toda crueza na correspondencia entre os dous irmáns: Beccaria —escribe agora

Pietro Verri a Alessandro— «non me dixo unha palabra que mostre que alguén en París saiba que eu estou no mundo», «esquece demasiado o amor propio dos demais»; este home «que debe toda a súa gloria á miña amizade, está disposto non só a non procurarme gloria, senón a ocultar, a roubar a miña». Como consecuencia quedou un enorme fondo de rancor en Pietro Verri, que domina todas as súas manifestacións e que produce non só unha gran cantidade de insultos contra Beccaria, senón que mesmo levanta dúbidas sobre a auténtica autoría de *Dei delitti e delle pene*. Só o minucioso traballo de Francioni, realizado nos anos oitenta, puido establecer con claridade a parte que a cada un corresponde na elaboración da obra.

Tamén nese momento prodúcese a disolución do grupo que formaba a Academia. *Il Caffé* pechárase xa en xuño de 1766 —é dicir, uns meses antes da viaxe de Beccaria— e agora a *Accademia dei pugni* extínguese no momento de máximo éxito. Os seus membros van organizando as súas vidas e case todos eles van ingresando nos altos postos da Administración. Como di Venturi, a historia deste paso de «panfletistas» e escritores libres a reformadores activos, inseridos na maquinaria administrativa dos Habsburgo, é o feito fundamental na vida desta xeración lombarda. O grupo rómpese, pero queda un enfoque común que lles permite atopar unha colaboración activa e fecunda co poder: a substitución da «política» por unha acción administrativa ou moral sobre a economía, sobre a sociedade, os costumes ou as leis. Así actúan sobre as cousas, transformándose, colaborando e non chocando co absolutismo de Viena. A transformación dos homes do *Caffé* é moi rápida. Moi pouco despois, en 1768, Verri lamentábase de que os vellos amigos se retiraran en si mesmos, lonxe de toda batalla, na compañía de mulleres que os absorberon cara a outros intereses. «Os membros da nosa *Accademia* —pódese ler na correspondencia entre os irmáns— sufriron revolucións que ninguén podería prever»; «Agora somos Excelencias».

Pero en Beccaria a ruptura con Pietro Verri tivo tamén o efecto de perder o contacto coa persoa que de forma decisiva impulsara o seu traballo. Afastado del, Beccaria non volveu publicar nunca máis unha obra de importancia semellante a *Dei delitti e delle pene*. Algo así o intuía xa Pietro Verri, que en outubro de 1767 escribía ao seu irmán Alessandro: «nin escribe nin poderá escribir máis por todos os séculos dos séculos, porque sen nós non pode ter nin estímulo, nin valor nin medios para vencer a inercia». Pero non só foi iso: Beccaria verá circular o seu libro polo mundo cunha absoluta indiferenza; pese ao seu inmenso éxito, nunca máis se ocupará del. Rematan así os «anos de graza» de Beccaria, este período de tempo, moi intenso pero moi breve —catro escasos anos—, de amizade e de creación intelectual. Tiña agora 28 anos.

## IX

«Sería desexable que todos os lexisladores de Europa quixesen tomar en consideración as ideas de M. Beccaria e poñer remedio á barbarie fría e xurídica dos nosos tribunais». O comentario de Grimm na *Correspondance littéraire*, publicación que tanto influíu na difusión das ideas ilustradas en Europa, completado coa descrición de d'Alembert, que vía *Dei delitti e delle pene* como un «breviario de soberanos e lexisladores», indícanos quen eran en realidade os destinatarios do libro de Beccaria; non os súbditos, senón os seus gobernantes: a eles dirixíase, porque a eles correspondía a iniciativa para cambiar o estado de cousas. Eran necesarias reformas legais e houbos; moi pronto o libro converteuse nun potente instrumento contra o sistema penal do antigo réxime e iniciou o seu camiño como base do sistema penal moderno.

Probablemente, a primeira noticia recibíuna Beccaria do duque de Württemberg, que lle escribe en febreiro de 1766 cunha promesa: «poñerei todo o meu traballo para abolir estas

bárbaras penas [...] que vos combatedes de modo tan vitorio-  
so». Pero a primeira influencia concreta —e moi directa, ade-  
mais— sobre a lexislación apareceu en Rusia. Catalina II ditou  
o 30 de xullo de 1767 un célebre *Nakaz*, no que un centenar  
de artigos —practicamente a metade do texto— eran «plaxio»  
de Beccaria. A partir de aquí, os principios que bosquexaba  
Beccaria no seu libro comezaron a aparecer nos textos legais  
de moitos países europeos, aínda que non cabe ignorar que  
moitas das primeiras reformas lexislativas foron máis aparentes  
que reais. Por exemplo, esta mesma de Catalina II foi pouco  
máis que unha manobra publicitaria ante a opinión ilustrada:  
nada cambiou realmente na xustiza penal rusa. Pero o camiño  
estaba aberto e en decembro dese mesmo 1767, Beccaria recibe  
carta de Copenhague na que se lle informa de que as leis da-  
nesas están sendo reformadas «de conformidade coas súas sas  
e benéficas máximas». En 1772, Gustavo III de Suecia decide  
a abolición da tortura, declarando que fora o libro de Beccaria  
«o que lle ensinou ese trazo de humanidade», exemplo que  
segue Polonia en 1776. En 1786 promúlgase a lei criminal para  
Toscana e ao ano seguinte o Código penal austríaco, de Xosé  
II, textos tamén directamente inspirados nas ideas de Beccaria.  
Con moita máis dificultade estas ideas prenden tamén na lexis-  
lación de Francia, onde nunca chegou a fraguar a «alianza entre  
as Luces e a Coroa»; con moita lentitude comeza a reforma do  
procedemento penal, con grande oposición no Parlamento.

Con todo, Beccaria non foi profeta na súa terra. Como recor-  
da Cavanna, Lombardía, co seu Senado á fronte, resistiuse a  
introducir as reformas que lle viñan propostas desde Viena. En  
1765, Kaunitz falaba de beneficiar ao país cun código «sinxelo  
e claro», evitando o «despotismo do Senado». No ano seguinte a  
raíña María Teresa encargou ao Senado a elaboración dun plan  
de reforma xeral do sistema xudicial lombardo. O traballo que-  
dou a cargo de Gabrielle Verri, que non o presentou ata finais de  
1768, mentres a raíña insistía na necesidade de «meter a fouce

**DEI  
DELITTI E DELLE PENE**

DI  
**CESARE BECCARIA**

EDIZIONE NUOVISSIMA

CORREDATA

DA COMMENTI DI GIOVANNI ITALIANI, FRANCINI ED ALESSANDRI  
EGLI NOTE ILLUSTRATIVE, BIOGRAFICI ED OSSERVAZIONI  
IN RAPPORTO ALL'ATTUALE CODICE CRIMINALE AUSTRIACO

PER

**FELICE TUROTTI**



**MILANO  
PER FRANCESCO SANVITO**

*Successore a Baroni e Scotti*

1858.

Portada da edición italiana de *Dei delitti e delle pene* (Francesco Sanvito, Milán, 1858)

ata as raíces» no difícil campo da administración xudicial de Lombardía. Aínda en 1771 non se sabía nada del; malia ás presións de Kaunitz, a resistencia pasiva do Senado conseguiu enterralo definitivamente. En 1776, Kaunitz comunicou a Firmian a «determinación soberana» de abolir por completo a tortura en Austria, á vez que se reducía a pena de morte aos delitos máis graves, e solicitou con urxencia a opinión do Senado lombardo sobre a oportunidade de que Lombardía lexislase nese sentido, solicitude acompañada dunha forte presión política, previndo, dicía, unha resposta negativa do Senado, «rigoroso observador das leis antigas...» Tres meses despois, o Senado, por medio do seu portavoz —sempre Gabrielle Verri— manténdose firme na defensa da tortura, declarouse contrario ás orientacións de Viena. E a resistencia seguía aínda máis tarde, en 1787: cando apareceu o Código penal austríaco, o *Supremo Tribunale di Giustizia*, prolongación do Senado, protestou, en nome do *arbitrium iudicis*, contra as súas normas sobre a legalidade das penas, considerándoas demasiado drásticas.

Pero a corrente das reformas era xa imparabile. A fama do libro seguía medrando. Como dixeran Pietro Verri, «o espírito filosófico estendíase por todas partes».

## X

A principios de 1767, Beccaria recibiu unha invitación de Catalina II para ir a San Petersburgo a colaborar nas reformas legais que alí estaban realizando. A zarina lera a tradución francesa do seu libro «e o seu corazón complaceuse da humanidade que V.S. con tanta forza serve e sostén», segundo lle escribía desde alí o coreógrafo Angiolini. En principio Beccaria parece disposto a ir, pero pronto é vítima da súa incurable indecisión. Na procura de consello, acudiu a Morellet, que lle escribe: «non comprendo, meu querido amigo, como podedes preguntar seriamente se debedes ir a Rusia. Na vosa situación sería unha



tolemia...» Recibiu tamén unha carta de d'Alembert, aconsellándolle non «pensar seriamente na viaxe a Rusia» porque supoñía «deixar un belo clima por un país moi duro, a liberdade pola escravitude e os amigos por unha princesa». Beccaria foi enguedellándose nunha longa negociación cos rusos, poñendo cada vez máis condicións, ata que estes renunciaron á idea de levalo a San Petersburgo.

Con todo, a invitación de Catalina II tivo indirectamente unha influencia moi grande na súa vida. Cando tivo noticia dela, Kaunitz escribiu a Firmian dicíndolle que «sería desexable non perder no país a un home non só provisto de saber, senón tamén, polo que se ve no seu libro, que parece afeito a pensar, especialmente na penuria en que estamos de pensadores e filósofos». A idea era ofrecerlle unha cátedra, aínda que Kaunitz recoñece tamén que hai algúns atrancos, entre eles «o dubidoso concepto no que o clero trata de poñelo ante o público». Un ano despois, recorda que «ofrecéndose Beccaria a renunciar ás vantaxes de tal invitación, non ben puidese esperar unha colocación conveniente na súa patria, esta foille prometida...» A decisión de concederlle a cátedra estaba xa tomada, aínda que Kaunitz precisa que «non se lle quita [a Beccaria] a esperanza de ser empregado en tempo oportuno nalgún posto decoroso do Ministerio, e máis lucrativo ca cátedra». O futuro de Beccaria estaba xa decidido. En decembro de 1768 foi nomeado para o seu primeiro cargo: profesor de *Scienze camerali* (aproximadamente equivalente ao que serían as cátedras actuais de Economía Política e Facenda Pública), a mesma cátedra que tiña en Viena Sonnenfels, e que era centro de ideas reformistas. En xaneiro de 1769 comezou as súas clases nas *Scuole Palatine*, que continuou ata abril de 1771, período no que tivo un centenar de alumnos, entre os que estaban os mozos das familias máis influentes da cidade. Foi soada a reacción de Pietro Verri ao nomeamento do seu antigo amigo: «a miña vinganza fronte ao profesor de economía pública será a de ensinárla» e publica en 1771 as súas *Meditazioni sull'economia politica*.

Da súa época como profesor queda a súa *Prolusione* (1769), na que fala, entre outras cousas, do «sagrado deber» dos encargados da instrución pública, que é «falar sempre na linguaxe da verdade, claro, sinxelo, enérxico», e amosa a súa adhesión a unha monarquía absoluta, pero ilustrada, na que o soberano actuase como un pai cos seus súbditos, preocupado polo seu benestar e a súa mellora física e moral, co seu poder limitado por este fin supremo e por organismos de tipo representativo. Pero tamén quedaron os seus *Elementi di economia pubblica*, publicados postumamente por Custodi en 1802. Insistiuse moito sobre a evidente influencia nas súas páxinas do *Essai* de Cantillon, pero hai que ter en conta que o que se publicou logo da súa morte son simples apuntamentos de clase, ás veces só bosquexados. Aínda así, o libro recibiría no século XX grandes eloxios de Schumpeter, que chamou ao seu autor o «Adam Smith italiano».

Durante este período aparece en Milán, en 1770, o seu libro *Ricerche sulla natura dello stile*, no que volve sobre un tema xa apuntado en 1765 en *Il Caffé*. O libro foi traducido, esta vez sen entusiasmo, tamén por Morellet («obra de fondas análises, é a miúdo escura») e recibiu, en xeral, críticas moi duras. Como exemplo, pode bastar a de Diderot: «o inintelixible tratado do Marqués Beccaria» é unha «obra escura, dunha metafísica sutil e a miúdo falsa, un tecido de leis xerais que formigan de excepcións, páxinas secas e duras, unha obra sobre o estilo que non ten ningún estilo».

Beccaria nin revisou os *Elementi* nin escribiu a segunda parte planeada das *Ricerche*. Tamén deixou escritos só algúns anacos dunha obra ambiciosa que meditou durante bastante tempo, *Ripulimento delle nazioni*. O libro sería o resultado do proceso, que describe Venturi, polo que o fondo que se podía atopar en *Dei delitti e delle pene* foise transformando entre as súas mans «nunha historia das diversas formas sociais, dos diversos estadios da humanidade, nunha análise da sociedade

humana», seguindo os pasos de *An Essay on the History of Civil Society*, publicado por Ferguson en 1767 e que lle fora recomendado polo barón d'Holbach. Nunca o rematou: a partir de 1771, apenas cumpridos os 33 anos, xa non escribiu máis.

En maio de 1771 deixou a cátedra e —cumprindo a predición de Kaunitz— iniciou a súa carreira como alto funcionario da administración habsbúrxica, como, polo demais, sucedeu coa maioría dos membros da disolta *Accademia dei pugni*, que, seguindo o camiño que iniciara Pietro Verri xa en 1764, ocuparon postos nos que quizais podían poñer en práctica moitas das súas ideas reformistas. Por toda Europa unha nova clase dirixente trataba de afirmarse, abatendo os vellos privilexios co instrumento racional da reforma; a aristocracia máis esperta —conclúe Firpo— intuía que só podería conservar as súas posicións de supremacía inseríndose cunha sólida preparación técnica no organismo cada vez máis centralizado do Estado. Tratábase agora, como indica Ricuperati, non só de adherirse a un programa centralizador, senón sobre todo de utilizalo como punto de partida para as reformas: cambiar a cultura da clase dirixente, utilizar os resortes do poder para realizar as reformas económicas, institucionais, culturais e morais. A vontade de reforma é o que caracteriza a esta xeración, que tiña ás súas costas a obra do absolutismo e que diante, ao seu ocaso, debía atopar a revolución; entre unha e outra tratou de inserir a reforma e niso sentiu o apoio de «*l'Europe raisonnable*», para utilizar as palabras de Boulanger. E así os «mozos irados» milaneses convértense nunha clase dirixente ilustrada, mentres que os *philosophes* que vían ao lonxe eran unha corrente política. Capra pregúntase se alguén pode imaxinar a Diderot ou a Rousseau como funcionarios; pois Beccaria e Verri foron funcionarios. Os antigos membros da Academia dos puños quedaron a medio camiño entre os *grand commis* do absolutismo e os *philosophes* da Ilustración.

A carreira funcional de Beccaria iníciase, pois, en 1771, co seu nomeamento como membro do *Supremo Consiglio di*

*Economia*, organismo que formaba parte do conxunto de medidas tomadas por Viena en 1765 e que tiñan por obxecto racionalizar o aparello administrativo e alterar profundamente o tradicional equilibrio de poder en Lombardía. En setembro dese mesmo 1771 créase o *Regio Ducal Magistrato Camerale*, baixo a presidencia de Carli e alí está Beccaria con outros dous maxistrados no departamento encargado dos alimentos, a ceca, a minería, os pesos e medidas... En maio de 1786, reinando xa en Viena Xosé II, entra en funcionamento o *Consiglio di Governo*, co que, como di Valsecchi, «quedan esnaquizados os restos das institucións xa corroídas pola paciente obra de María Teresa». Beccaria está á fronte do terceiro departamento con competencia en manufacturas e comercio, feiras e mercados, minas, caza, alimentos, universidade, cámaras mercantís, escola de veterinaria, Sociedade Patriótica... Baixo o reinado de Leopoldo II, en marzo de 1791 suprímese o Consello de Goberno e créase o *Magistrato Politico Camerale*. Beccaria segue adscrito ao segundo departamento (ao que xa fora transferido en 1789 durante o anterior sistema), con competencia en alimentos, caza, sanidade, policía, cárceres, código penal e cuestións xurisdicionais.

A publicación completa en tempos recentes dos *Atti de governo* de Beccaria amosa como nos distintos postos que ocupou desenvolveu de forma calada e escura un labor considerable, traballando para a política reformista que intentaba levar a cabo a monarquía habsbúrxica. O seu volume é inxente e a súa análise, como sinalou Canetta, contribúe a facer menos drásticos os xuízos negativos sobre o temperamento de Beccaria, que puxeran o acento sobre a súa apatía ou a súa preguiza. Os estudos recentes foron mostrando a imaxe dun home afastado dos intereses científicos e literarios da súa mocidade, pero tamén a imaxe dun Beccaria implicado constantemente no proceso de reforma, dun —como di Firpo— «economista reformador que a cotío traballa ao servizo do Estado e do progreso civil».

Beccaria, como á súa vez sinala Mondolfo, aparece como un actor non secundario da obra reformadora impulsada por María Teresa e Xosé II, que en poucos decenios mudou completamente o rostro de Lombardía: reorganización do catastro, da Administración e das finanzas estatais, impulso da agricultura e das manufacturas... Lonxe da ebulición intelectual da mocidade, Beccaria implícase fundamente nos cambios técnicos, económicos e administrativos da época, con ese amplísimo abano de intereses que caracterizou a actividade de tantos ilustrados. Como mostra deste espírito de modernización vemos o seu proxecto de difusión das *Regie Scuole do Popolo*, en contra das escolas primarias privadas ou as propostas para afrontar dun modo «máis ilustrado» —son as súas palabras— as revoltas e as desordes obreiras provocadas polas crises económicas. E vemos tamén, como membro da Sociedade Patriótica desde a súa fundación en 1776, onde se atopou de novo con Pietro Verri, Frisi, Longo ou Secco-Comneno, o seu interese polas técnicas agrícolas, que aplicou á mellor xestión da súa vila de Gessate. Salientables son, así mesmo, o seu informe sobre o proxecto de escola veterinaria de Milán (1789) ou as súas memorias sobre pesos e medidas, que conclúen na proposta, suxerida por Frisi, dun sistema métrico decimal. Non é estraño que Beccaria se confese desbordado pola cantidade e variedade de asuntos que debe despachar. Pero entre eles reaparece sempre a constante preocupación ilustrada por leis precisas, sinxelas, xerais, claras e breves: «a brevidade e claridade das leis contribúen máis do que se cre á súa observancia constante».

Nesa época, as súas relacións con Pietro Verri, inevitables xa que os dous se movían dentro do mesmo ámbito, serán formalmente correctas, pero a opinión de Verri sobre Beccaria segue sendo demoledora: «non o recoñecerías —escribe en 1773 ao seu irmán Alessandro—; é un home vulgar, vulgarísimo, sen un escintileo de enerxía ou entusiasmo, frouxo, de ideas extrañadas, tímido, escravo dos detalles, non se lle escapa nunca

unha palabra que che revele unha idea bela, grande ou xeral». E un ano despois: «xa non le un libro nin ten unha semente de entusiasmo; non é máis que a estatua do autor de *Dei delitti e delle pene*».

Eses anos de nula presenza pública están marcados por problemas persoais e familiares; entre eles non foi o menor o que xurdiu cando forzou, por intereses económicos, o matrimonio da súa filla Giulia con Pietro Manzoni, matrimonio frustrado ata o punto de que cando naceu o primeiro fillo, Alessandro Manzoni, o que sería célebre autor de *I promessi sposi* —e que na *Storia della colonna infame* recordará ao seu avó por aquel «libriño que promoveu non só a abolición da tortura, senón tamén a reforma de toda a lexislación criminal»—, era público o rumor, hoxe documentalmente reforzado, de que o pai era Giovanni Verri, o máis novo dos irmáns Verri, apelido que volve así a cruzarse na vida de Beccaria. En 1773, morre Maria Visconti, a súa nai, e no ano seguinte, 1774, antes de cumprir os trinta anos, morre a súa muller, Teresa Blasco, vítima do *male celtico*, dirá Pietro Verri. Non se cumpriran aínda tres meses do falecemento cando Beccaria casa coa condesa Anna Barbò —parente dos Verri—, con quen terá un fillo, Giulio, que nacerá en 1775 e que non terá descendencia masculina, pechándose así á súa morte a liña do apelido Beccaria.

Nese mesmo ano de 1774, o pai renunciou á administración do patrimonio familiar en favor dos fillos. Con isto, di Pino Pongolini, remata a historia de Beccaria como «fillo de familia» e ábrese o capítulo da separación patrimonial entre os irmáns. Pero tamén aumenta a vía de litixios familiares por mor da herdanza, que o acompañou durante anos. Beccaria atopouse cunha herdanza menor do esperado, cun patrimonio fortemente comprometido por débedas, e tivo que empregarse a fondo no saneamento da economía familiar e na reconstrución da propiedade. Agora ben, o segundo matrimonio de Beccaria supuxo unha decisiva mellora na situación económica; a inte-



A comezos de 1767, Catalina II convidou a Beccaria a visitar a corte rusa como asesor das reformas legais que a zarina pretendía

lixente administración do considerable patrimonio que aportaba a súa segunda esposa fixo que a economía doméstica comezase a aparecer por primeira vez saneada. Agora o matrimonio tiña unha posición sólida, que mellorou nos anos posteriores. Polo ano 1782 a situación económica da familia Beccaria era xa máis clara, tras longos preitos e moitas discusións, aínda que os conflitos familiares continuarían ata 1792, absorbindo a vida privada de Beccaria con abandono da vida intelectual.

En xeral, a correspondencia deses anos amosa unha perda absoluta do interese de Beccaria polos grandes temas da filosofía e da política, que se corresponde cunha absorción progresiva polas cuestións familiares e patrimoniais, así como a súa adaptación á rutina do traballo de despacho. Exemplo de que chegaba ao final a progresiva transformación de Beccaria é que en 1777 vende, e a un prezo bastante baixo, a súa biblioteca, polo menos a súa parte máis importante, que formara entre 1766 e 1771, a través de moitas adquisicións a libeiros estranxeiros, como Chirol en Xenebra. Viuse nesta venda o sinal dun profundo cambio na vida de Beccaria: cambio profesional, cultural, existencial e quizais ata relixioso. Pero permaneceu constante o seu interese polo teatro, a inclinación pola boa mesa e o gusto polos artigos de boa calidade, tradicionais ou de moda.

En 1778, John Howard, o famoso reformador de prisións, visita a Firmian en Milán. Era un grande admirador de Beccaria, a quen cita eloxiosamente nas súas obras, pero non puido atoparse con *the judicious, the benevolent Marquis*. Anos máis tarde, en 1787, si o atopou o erudito danés Friedrich Münter, que deixou unha entrada no seu diario na que describe «un homiño de aspecto insignificante, que non o tomarías por Beccaria».

Entre as opinións sobre a introdución en Lombardía do Código Penal de Xosé II aparece un informe de Beccaria, entón no Consello de Goberno: *Brevi riflessioni intorno al Codice Penale sopra i delitti e le pene per ciò che riguarda i delitti politici*. Son quince folios que conteñen, en palabras de Romagnoli,



as «diligentes observacións» dun funcionario, expresadas máis timidamente e con máis cautelas que na súa obra de mocidade. Aмосa a súa preocupación pola presenza de penas «demasiado aflitivas e infamantes», reflexo da política autoritaria de Xosé II, pero chama a atención un certo cambio de actitude no que respecta á igualdade das persoas ante a lei nos chamados «delitos políticos» (nome que fai referencia a infraccións ás ordenanzas): neles «débase ter moita consideración sobre a condición das persoas».

En 1791 é nomeado membro da Xunta para a reforma criminal, cuxa principal labor foi a análise dun Proxecto de Código Penal. Kaunitz escribira a Wilczeck, sucesor de Firmian no goberno de Lombardía, para dicirlle que o soberano desexaba que Beccaria fose «nun dos primeiros postos da Xunta». E así atopámolo de novo ante os problemas penais. O Proxecto era un texto excesivamente programático, cheo de declaracións xerais, entre as que poden verse ideas formuladas xa en *Dei delitti e delle pene*. Pero o que quedou deste momento é que en xaneiro de 1792 discútese no seo da Xunta a cuestión da pena de morte, debate que se cualificou como «a derradeira batalla» de Beccaria.

Como principio acordouse por unanimidade que a pena de morte debería reducirse a «pouquísimos delitos» e considerarse a súa simple e pura execución como último suplicio, omitindo por completo, como «inútiles e ferozes», aqueles posteriores agravamentos que adoitaban tradicionalmente acompañar á execución, por certo unha decisión moi similar á adoptada uns meses antes pola Asemblea Constituinte francesa. Na Comisión, os esforzos de Beccaria foron dirixidos a limitar o emprego da pena de morte ao único caso da conspiración contra o Estado, pero non o conseguiu; na súa argumentación abandonou os presupostos contractualistas, unha das bases que fundamentaban a súa posición en 1764, ante a opinión dunha maioría que fixo constar que non se creu oportuno «remontarse aos princi-

pios tratados ata a náusea por filósofos e xuristas sobre o mal imaxinado contrato social». Beccaria recupera aquí, case trinta anos despois, algunhas das teses expostas no seu famoso libro, e formula un Voto contrario á pena capital, que asinan con el, Risi e Gallarati Scotti, antigo alumno seu nas *Scuole Palatine*. O texto do Voto recolle a antiga argumentación de Beccaria, pero engade en contra da pena de morte un argumento novo: a irreparabilidade desta pena no caso de erro xudicial. A pena de morte debe rexeitarse, di, «primeiro, porque non é xusta, ao non ser necesaria; segundo, porque é menos eficaz que a pena perpetua acompañada dunha publicidade suficiente e repetida; terceiro, porque é irreparable». O novo argumento da irreparabilidade da pena de morte soa agora como un eco do famoso discurso de Robespierre pedindo a abolición da pena capital, que fora derrotado na Asemblea francesa algúns meses antes, discurso no que, á súa vez, soaban os argumentos de Beccaria. En calquera caso, pasaran xa case trinta anos desde a publicación de *Dei delitti e delle pene* e pasaran tamén moitas cousas. O texto mostra o tempo transcorrido: o alento que inspiraba o libro non se pode atopar no Voto. Pero, ademais, xa pasara o tempo das grandes batallas de ideas sobre o dereito de castigar; a minoría lombarda ilustrada e reformista era menos forte e menos aguerrida. En xeral, advírtese —e así o subliña Cavanna— un certo sentido de cansazo e de incipiente desánimo, que se corresponde co clima dominante no que certos temas fundamentais da Ilustración comezaban a verse cun realismo escéptico e resignado. O Voto foi derrotado por catro a tres.

Na Lombardía de 1792, sinala así mesmo Cavanna, o tempo das grandes reformas xa pasara ou, dito doutro xeito, xa non había tempo para reformas. O Proxecto de Código Penal foi esquecido nun ambiente de inestabilidade do clima político e crecente actitude de inmovilismo e peche de todos os programas de reforma que foran abertos. É o momento da crise xeral do propio reformismo ilustrado, posto a proba pola Revolución

francesa, e, con ela, a definitiva eclipse da política ilustrada do dereito. Dos dous termos dos que consta a expresión «despotismo ilustrado», o máis probable é que o primeiro acabe por impoñerse ao segundo e así en Lombardía abriuse paso un réxime de policía ríxido e opresor, inspirado nunha desmesurada obsesión antixacobina que contaminaba todos os ámbitos da administración lombarda.

## XI

A Revolución francesa trouxo a consagración definitiva dos principios formulados en *Dei delitti e delle pene*. Estes principios, que xiraban sobre a idea da igualdade de dereitos, atoparon un campo fértil para o seu desenvolvemento nos ideais democráticos da Revolución. Se Beccaria concentrou o seu esforzo no cambio radical do sistema penal, a Revolución viu claramente a dimensión política das súas propostas. Fixados na Declaración de Dereitos do Home, de 1789, estes principios penais acadan xa ata hoxe o seu carácter de garantía dos dereitos individuais. Consagrados así como salvagarda de dereitos fundamentais, entran polo camiño das diversas Declaracións de Dereitos e Constitucións de moitos países, converténdose nunha das pezas que forman a base do Estado de dereito.

Así mesmo, a reforma do sistema penal ocupaba un lugar moi destacado dentro das tarefas máis urxentes e as ideas de Beccaria aparecían unha e outra vez nos informes e nos debates que deron lugar a importantes cambios lexislativos. A reforma do procedemento penal fixo desaparecer a tortura, o sistema de probas legais, substituído polo de libre apreciación da proba, as acusacións secretas ou a obriga do acusado de prestar xuramento. A aprobación do Código Penal de 1791 é outro feito salientable: nel dispónse, por exemplo, que para cada delito se estableza unha pena fixa e determinada ou que as penas sexan proporcionadas aos delitos. Non triunfaron, porén, os

argumentos abolicionistas, esencialmente tomados de Beccaria e defendidos, entre outros, por Robespierre no seu discurso do 30 de maio dese ano, aínda que se limitaron as posibilidades de aplicación da pena de morte.

Pero a ideoloxía penal forxada desde os anos sesenta polos reformadores ilustrados e opostos ao *ancien régime* fíxose tamén compatible co centralismo napoleónico, a Restauración ou a Monarquía de xullo. A discusión política sobre réximes ou sobre dereitos ocultou un fondo e tácito consenso —di Ignatieff— entre os sucesivos gobernantes sobre o criminal, o tolo e o pobre. Así sucedeu que esta ideoloxía foi transmitida ou reproducida por intereses sociais ao longo da primeira metade do século XIX por estes réximes fundamente hostís ao espírito racionalista ou igualitario dos *philosophes*. E así o Código Penal de 1791 foi a base sobre a que se construíu o Código Penal de Napoleón, de 1810, que, aínda que supuxo un paso atrás nalgúns aspectos con respecto aos principios de Beccaria, mantivo no esencial as súas ideas, en especial as referentes ás esixencias de legalidade e de certeza do dereito. E se temos en conta que ese Código napoleónico foi o modelo que utilizaron moitos países, entre eles España, para redactar os seus Códigos Penais, xusto será recoñecer que o libro de Beccaria é a fonte máis importante da evolución experimentada no século XIX pola lexislación penal.

Sería, pois, equivocado contemplar este libro como un monumento do século XVIII, fermoso pero petrificado. Beccaria é un clásico e, como todos os clásicos, está vivo: as súas ideas foron embebendo toda a nosa cultura, ata o punto de que hoxe semellan algo natural, vense como algo consubstancial a ela, como algo que está entre nós sen que nos decatemos, pero o certo é que seguen en constante debate. Por unha banda, porque a evolución social obrigou a flexibilizar algúns dos seus principios, como o de legalidade ou o da interpretación xudicial, nacidos coa esixente rixidez de quen se enfrontaba a unha situación de enorme arbitrio, pero a

discusión sobre os límites desta flexibilidade está sempre aberta. Pero tamén polo contrario, porque algunhas das súas propostas aínda non se realizaron: basta con citar a pena de morte, que segue moi viva, recordar a lentitude da xustiza ou os casos nos que —aínda hoxe— se pretende xustificar a tortura.

## XII

En silencio oíra Beccaria chegar a Milán os ecos da Revolución francesa: non consta ningunha opinión, ningún comentario seu sobre ela. Sabemos que neses anos medra o seu interese pola lectura de prensa de tipo político, pero non se pode afirmar con seguridade cal era a actitude de Beccaria sobre o que estaba ocorrendo en Francia. Non é difícil supoñer que recordaría agora os seus días en París en 1766, cando chegou co seu entón amigo Alessandro Verri, dous mozos italianos —diría Garat anos despois— unidos por tres sentimentos: «a súa amizade recíproca, un amor constante polas mulleres menos novas ca eles e os seus pensamentos consagrados aos dereitos e ao benestar do xénero humano». Recordaría o seu momento de gloria: a súa entrada no salón do barón d'Holbach, o seu encontro con todos aqueles que eran o que máis admiraba no mundo, pero recordaría tamén que o seu carácter nunca lle permitira chegar a sentirse cómodo naquel ambiente, que un anoxado Alessandro Verri describía ao seu irmán como «fastoso, intolerante, audaz e escarnecedor», que nunca, como di Venturi, puido afacerse ao xogo sutil e refinado dos *philosophes*, ao seu diálogo libre e sen prexuízos, a aquel continuo poñer todo en cuestión para discutilo todo unha e outra vez desde o principio. E recordaría tamén como a súa reacción fora semellante á de Rousseau: fuxir, pero dun xeito máis esquivo, máis pasivo, máis propio da súa maneira de ser.

Pero o barón xa morrera, e Diderot e d'Alembert e moitos outros, e Beccaria podía ver agora desde a súa casa de

Milán como, mentres o seu nome soaba con forza en París, aqueles nomes que tan importantes foran para el esvaecíanse arrastrados polo empuxe dos primeiros anos da Revolución, agás o de Voltaire e moi especialmente o de Rousseau, que mantivera o seu prestixio durante os últimos anos do *ancien régime*, e que no período xacobino íase convertendo en obxecto de culto. Puido mesmo ver como en marzo de 1794, Condorcet, «o último enciclopedista», que escribira cartas a Beccaria nas que lle chamaba «ilustre benfeitor da humanidade», asinándoas como «un dos seus discípulos menos digno, pero máis entusiasta», e quizais o que chegou a estar mais preto del, pola súa idade e polo seu carácter, aparecía morto —quizais suicidado— no cárcere de Bourg Egalité (antes Bourg-la-Reine). Pero Beccaria nunca dixo nada. Pechado no seu silencio de moitos anos, deixa aberta a posibilidade de pensar que estaría de acordo co que escribiría anos máis tarde Amèlie Suard sobre aquel tempo de mocidade: «Ah! que fermosos eran aqueles días en Francia, cando todo parecía cheo de esperanza. ¿Por que tivo que empregarse a violencia para acadar o que o Tempo, no seu pacífico progreso, habería de darnos pronto?».

É certo que o seu nome e o de Verri aparecen citados con desprezo nun panfleto que baixo o título de «Os xacobinos» circulou por Milán en 1793, pero probablemente a razón debe buscarse no devandito ambiente antixacobino que dominaba a cidade. Pietro Verri, retirado nas súas terras desde 1786, fora evolucionando cara a un liberalismo de tipo constitucional e, de acordo coa imaxe que debuxa Burgio, pasaran xa trinta anos desde que Beccaria se achegara ata o bordo do abismo e desde alí vira como, baixo a superficie aparentemente tranquila dunha orde que sobrevivía a si mesma, se axitaba, terrible, o «silencio dos escravos», que antes que el sentira o seu admirado Helvétius. Beccaria vírao, comprendéao e retirárase aterrado.

### XIII

Unha mañá de abril de 1794, Malesherbes, que impulsara a tradución ao francés do libro de Beccaria asegurando así a súa difusión no mundo enteiro e que fixera posible a publicación da *Encyclopédie* en momentos moi difíciles, foi guillotinado en París xunto coa súa filla, a súa neta e o marido desta. Tres meses despois, Robespierre, que defendera ideas de Beccaria ante a Asemblea, foi tamén conducido á guillotina. En outubro, os restos de Rousseau foron trasladados nunha espectacular cerimonia desde a súa tumba na Île des Peupliers, no lago de Ermenonville —convertida en lugar de peregrinación—, ao Panteón de París. O 28 de novembro dese mesmo ano 1794, Beccaria, logo dunha copiosa cea na súa casa da rúa Brera, foi atopado morto nas súas habitacións, vítima dunha apoplexía. Foi soterrado sen particular cerimonia, ninguén pronunciou un eloxio no seu enterro, ningún xornal deu noticia da súa morte. Dezaioito meses despois, as tropas do xeneral Bonaparte entraban en Milán. Estábase escribindo o fin da etapa de dominio austríaco que comezara co tratado de Rastatt, en 1714.





# DOS DELITOS E DAS PENAS



## NOTA DO TRADUTOR

In rebus quibuscumque difficilioribus non expectandum,  
ut quis simul, et serat, et metat, sed praeparatione opus  
est, ut per gradus maturescant  
(Bacon)

*En todas as cousas máis difíciles non hai que esperar que  
alguén semente e recolla ao mesmo tempo, senón que  
é necesario un tempo para que elas maduren pouco e pouco*

O libro *Dos delitos e das penas*, ademais de ser unha referencia máis alá das barreiras temporais para os que se interesen pola evolución do dereito penal, ofrece numerosos puntos de reflexión para o estudoso da lingua. De feito, a aparente solidez estrutural, tanto de contido como formal, desta obra esconde un proceso de redacción complexo e, dalgún xeito, paulatino, que está directamente vinculado coa inestabilidade do modelo lingüístico italiano e cos radicais cambios ocorridos na súa prosa, ensaística e literaria, durante o século XVIII. A reconstrución da historia do texto permitiu esclarecer o proceso de redacción do mesmo: desde o orixinario manuscrito de Beccaria (ms. AR), que se pode considerar xa como unha verdadeira e primitiva versión e non como un conxunto de simples apuntes, sucesivamente corrixida e estruturada por Pietro Verri, copiando as páxinas redactadas polo autor (ms. B), ata chegar ás tres edicións impresas autorizadas (L1, L3, L5) e «piratas» (L2 e L4), cos seus destacados engadidos e modificacións<sup>1</sup>. En suma, na aventura

---

<sup>1</sup> Sobre a complexa historia editorial da obra, cfr. a *Nota al testo* en C. Beccaria, *Dei delitti e delle pene*, a cura di Gianni Francioni (Edizione Nazionale delle Opere di Cesare Beccaria, vol. I. Mediobanca, Milano, 1984, pp. 217-368), e tamén Luigi Firpo, *Contributo alla bibliografia del Beccaria. Le edizioni italiane settecentesche del «Dei delitti e delle pene»*, Torino, Accademia delle Scienze, 1966.

da redacción e sucesiva publicación do noso texto destaca o feito de que Beccaria estaba plenamente dispoñible dende un punto de vista lingüístico á intervención allea; situación que, se ben representa un *hapax* no panorama literario italiano, obsesivamente dominado polas cuestións de estilo e retórica, axústase perfectamente á situación cultural contemporánea. En efecto, a nosa obra é un reflexo fidedigno dos fermentos lingüísticos activos no mundo intelectual italiano do século XVIII: a adhesión aos novos modelos procedentes de Francia, tanto no ámbito léxico, coma no sintáctico, coas suxestións exercidas polo racionalismo, levou, por unha banda, á difusión do estilo *coupé*<sup>2</sup>, «segmentado» por así dicilo, e, por outra, ao progresivo afastamento do léxico literario tradicional e da prosa inspirada en Boccaccio, baseada sobre a hipotaxe e a inversión dos seus compoñentes. Así, o léxico de Beccaria demostra unha particular receptividade dos termos contemporáneos<sup>3</sup>, sexa de tecnicismos filosóficos como *illuminato*, *contratto sociale*, *tiranno*, *stato di natura*, *fanatismo*, *dispotico*, sexa de galicismos adaptados como *pubblicista*, *gabinetto*, *industria*, *dettaglio*, *regrettare*, *opinione*, *vantaggioso*, etc. ou non adaptados, como *police*. A inclusión de voces sectoriais, xa que logo, non debía impedir o desenvolvemento dun pensamento claro e consecuente, senón, mediante continuas intervencións do autor<sup>4</sup>, debía facelo accesible a todo tipo de lector, non só aos profesionais da materia,

---

<sup>2</sup> Así Adrienne-Albertine Necker (en un ensaio póstumo de 1798), definía o *style coupé*: «la force du style consiste [...] à reunir, sous le plus petit nombre de mots, la plus grande somme d'idées possibles» (cfr. Luca Serianni, *La prosa*, en Luca Serianni e Pietro Trifone, *Storia della lingua italiana. I. I luoghi della codificazione*, Torino, Einaudi, 1993, p. 527). Así Alessandro Verri, irmán de Pietro que interveu na redacción da nosa obra, arremetía contra o arquitectónico período tradicional: «Che importa avvertire il lettore, col terribile rumore d'un risonante e vuoto "conciossiaché" della connessione d'un periodo coll'altro? Non basta forse ch'essa vi sia? Non snerva egli lo stile il non lasciar nulla da supplire al lettore?» (cfr. Tina Matarrese, *Il Settecento*, Bologna, Il Mulino, 1993).

<sup>3</sup> Para un detallado exame da lingua da obra obxecto da nosa tradución, vd. Gabriella Cartago, *La lingua del «Dei delitti e delle pene»*, en Roberto Mazzotta e Luigi Corbani (ed. de), *Cesare Beccaria e l'Europa*, Laterza, Roma-Bari, 1990, pp. 138-167.

<sup>4</sup> Estas intervencións, que expresan ademais un claro desexo de simpatizar co lector, pódense identificar co uso constante de *cioè* ('é dicir') o coa presenza en primeira persoa do

en perfecta consonancia co espírito de difusión das novas ideas e das ciencias que caracterizou o movemento ilustrado, segundo unha visión da linguaxe científica xa plenamente compartida, no século anterior, por outro destacado expoñente da cultura de todos os tempos, Galileo Galilei<sup>5</sup>. Esta considerable proba de equilibrio entre divulgación e profundidade de contidos atopa unha adecuada repercusión no sistema sintáctico, inspirado, como vimos anteriormente, no proceder «fraccionado» e na abolición do modelo hipotáctico<sup>6</sup>: períodos breves, con predominancia da coordinación, mentres a subordinación está limitada a graos mínimos, sobre todo con proposicións causais e finais, cunha puntuación utilizada máis para crear segmentos que para obrar xuntanzas, e, finalmente, cun uso extenso do estilo nominal<sup>7</sup>. Aínda así, o peso da tradición literaria parece influír sobre o estilo de Beccaria, que, case como un homenaxe a un prestixioso pasado que non se quere esquecer, con todo xa detectable noutros autores contemporáneos<sup>8</sup>, emprega ao longo da obra algunhas construcións ben coñecidas pola prosa italiana dos séculos anteriores, como a anteposición das subor-

---

autor ao longo da obra (o cursivo é meu): «E per giustizia *io* non intendo» (32, 1); «le pene, che *io* chiamerei *ostacoli politici*» (p. 41, 15); «*Io* non trovo eccezione» (p. 53, 21), etc.

<sup>5</sup> En efecto este foi un dos primeiros científicos en Italia en elixir a lingua vulgar para a comunicación académica, cunha prosa que se esforza por ser comprensible a todo o mundo, sempre dentro do rigor lóxico e demostrativo da linguaxe científica, evitando, cando nomea unha cousa ou un concepto novos, os excesos no uso de tecnicismos gregos ou latinos (cfr. Claudio Marazzini, *Il secondo Cinquecento e il Seicento*, Bologna, Il Mulino, 1993, pp. 55-65).

<sup>6</sup> Neste foi determinante a aportación do seu *alter ego* na redacción do texto, Pietro Verri, que, como subliña Luca Serianni, «intervenne riducendo gl'intrichi sintattici e smusando le punte lessicali troppo tecniche o troppo culte» (Luca Serianni, *La prosa*, cit., pp. 529-530).

<sup>7</sup> Esa *accumulatio* de substantivos, ás veces pode levar ao seu dominio completo na frase, como, por exemplo, cando se di «per l'accrescimento della probabilità dell'innocenza del reo» (p. 99, 24-25).

<sup>8</sup> A orde directa da sintaxe francesa suscitou tamén en Italia numerosas críticas, sexa polo perigo da uniformidade e monotonía sintácticas —como afirmaba Algarotti: «il nominativo deve sempre aprir la marcia del periodo tenendo il suo adiettivo per mano; seguita il verbo col fido sua avverbio, e la marcia è sempre chiusa dall'accusativo, che per cosa del mondo non cederebbe il suo posto»—, sexa polo temor de aceptar pasivamente o predominio do francés, renunciando así á defensa do patrimonio cultural nacional, aínda máis relevante nunha nación dividida politicamente (L. Serianni, *La prosa*, cit., p. 527).

dinadas á principal<sup>9</sup>, e o uso do hipérbato, coa inversión, co adiantamento ou o afastamento dos elementos na frase<sup>10</sup>, que interveñen a miúdo para desbaratar a tendencia de dispoñer en orde progresiva os constituíntes do período.

Nos límites do posible, tendo en conta as esixencias dunha lectura fluída e axeitada a un lector moderno, nesta tradución, que toma como referencia a edición italiana ao coidado de Gianni Francioni<sup>11</sup>, intentouse manter esa dobre alma da prosa de Beccaria<sup>12</sup>, para destacar precisamente o esforzo continuo deste autor para que novo e vello, tradición e innovación puidesen convivir na súa obra, permitindo, deste xeito, non só á lexislación penal, senón tamén á cultura italiana asomarse ao renovado panorama da cultura europea.

---

<sup>9</sup> Como exemplo de construción «desequilibrada á esquerda», segundo o modelo do latín, paréceme significativa a estrutura do seguinte período, onde a principal está colocada ao final (o cursivo é meu): «Avvezzo a vedere la verità [...], privo della maggior parte di bisogni [...], che mettono alla prova [...], assuefatto a contemplare [...], *avanti a lui la propria nazione diventa una famiglia di uomini fratelli*» (p. 125, 16-23).

<sup>10</sup> Paréceme oportuno ofrecer algúns exemplos destes fenómenos: *inversión verbo-suxeito*: «merita la gratitudine degli uomini quel filosofo» (p. 24, 3); non può un magistrato» (p. 43, 3); «errarono coloro» (p. 44, 9-10); « può il reo giustificarsi» (p. 58, 3); *inversión suxeito-verbo*: «non altro significa» (p. 34, 10); «Dovrei tutto temere» (p. 38, 25); *adiantamento de complementos, adxectivos ou verbos*: «un tormento con iraconda compiacenza suggerito» (p. 17, 8-9); «senza sua colpa è stato costretto» (p. 52, 23); «popolari passioni» (p. 53, 16); «domestiche mura» (p. 81, 8); «esser debbono» (p. 74, 6); «temer si debba» (p. 103, 23); *afastamento de auxiliar e participio pasado*: «non sono con decisa sicurezza conosciute» (p. 47, 2-3); «furono con freddo animo inventati ed eseguiti» (p. 85, 18-86, 1), etc.

<sup>11</sup> O texto proposto por Gianni Francioni, que forma parte da *Edizione nazionale delle opere di Cesare Beccaria*, é, por conseguinte, a edición de referencia, tomando como modelo L5, é dicir, a quinta edición (se se contan tamén as dúas «piratas», aínda sendo a terceira oficial) da obra, publicada en marzo de 1766 (Livorno, Coltellini, cfr. *Nota al testo* en C. Beccaria, *Dei delitti e delle pene*, cit, pp. 327-335 e 551).

<sup>12</sup> Tamén se sinalaron en nota os galicismos máis destacados e interesantes no ámbito do italiano contemporáneo ao autor.

70

TRATADO  
DE LOS DELITOS  
Y DE LAS PENAS,  
ESCRITO EN ITALIANO  
POR EL MARQUES DE BECARIA,  
Y TRADUCIDO AL CASTELLANO  
POR DON JUAN RIVERA.



MADRID: AÑO 1821.  
IMPRESA DE D. FERMIN VILLALPANDO,  
IMPRESOR DE CÁMARA DE S. M.

Portada dunha edición española de 1821 (Madrid, Fermín Villalpando),  
conservada na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela





Algúns restos de leis dun antigo pobo conquistador, recollidas pola orde dun príncipe que fai doce séculos reinaba en Constantinopla<sup>13</sup>, mesturadas despois con ritos longobardos<sup>14</sup> e envoltas en caóticos volumes recollidos por privados e descoñecidos intérpretes, forman aquela tradición de opinións que, nunha gran parte de Europa, aínda ten o nome de «leis»; e é un feito tan común como funesto ver hoxe en día como unha opinión de Carpzovio<sup>15</sup>, un uso antigo —sinalado por Claro<sup>16</sup>—, un tormento —suxerido con iracunda compracencia por Farinaccio<sup>17</sup>— sexan as leis ás que con seguridade obedecen os que deberían, tremendo, rexer as vidas e as fortunas dos homes. Estas leis, que son a escoura dos séculos máis bárbaros, analízanse neste libro pola parte que atangue ao sistema criminal; e inténtase expoñer os seus desordes aos directores da felicidade pública, cun estilo que afasta ao vulgo non ilustrado e impaciente. A inxenua pescuda da verdade, a independencia das opinións vulgares coas que está escrita esta obra, é un efecto do suave e ilustrado goberno baixo o cal vive o autor. Os grandes monarcas, os benfeitores da humanidade que nos rexen, aman as verdades expostas polo escuro filósofo cun vigor sen fanatismo, odiado, con todo, polo que se fai guiar

---

<sup>13</sup> Refírese ao emperador Xustiniano (482-565 d. C.) e ao seu *Corpus iuris civilis*, chamado precisamente *Iustinianum*. (N. do T.)

<sup>14</sup> A maioría das traducións utilizan, erroneamente, o termo *longobardo*. En realidade Beccaria fai referencia ás leis promulgadas polos reis da poboación xermánica dos *Longobardos* (en particular o *Edicto de Rotari*), que a partir do século VI d. C. conquistou gran parte do centro e norte de Italia. Ademais pódese estender esta mención a toda a tradición xurídica medieval, latina e latino-xermánica. (N. do T.)

<sup>15</sup> Benedikt Carpzov (1595-1666), fundador da ciencia xurídica alemá e do dereito eclesiástico protestante. (N. do T.)

<sup>16</sup> Giulio Claro (1525-1575), xurista italiano procedente de Alessandria, en Piemonte, autor das *Receptae sententiae*, que obtivo amplos consensos en Italia e Alemaña. (N. do T.)

<sup>17</sup> Próspero Farinacci (1544-1618), avogado e xurista romano, autor da *Praxis et theoria criminalis* (Lión, 1616), amplamente utilizada nos tribunais hasta ao final do século XVIII. (N. do T.)

soamente pola violencia e a intriga, que a razón rexeita; e os desordes presentes son, para quen examine detidamente todas as circunstancias, a sátira (o branco das risas) e o reproche que proceden das épocas pasadas, non deste século nin dos seus lexisladores.

Calquera que desexara honrarme coas súas críticas comece, xa que logo, coñecendo o fin ao cal está dirixido esta obra; fin que, ben lonxe de menoscabar a lexítima autoridade, serviría para facela medrar, se máis ca forza pode nos ánimos a opinión, e se a dozura e a humanidade a xustifican diante dos ollos de todos. O enfoque equivocado das críticas publicadas en contra deste libro fúndase sobre confusas nocións, e obrígame a interromper, por un momento, os meus razoamentos aos ilustrados lectores co fin de impedir, dunha vez por todas, todo acceso aos erros dun celo timorato, ou ás calumnias dunha envexa maligna.

Tres son as fontes das que proceden os principios morais e políticos reguladores dos homes. *A revelación, a lei natural, e as convencións establecidas pola sociedade.* Non hai comparación entre a primeira e as outras en relación á súa finalidade principal; pero aseméllanse en que as tres conducen á felicidade desta vida mortal. Considerar as relacións da derradeira non comporta excluír as relacións das dúas primeiras; máis ben, dado que estas, aínda sendo divinas e inmutables, foron por culpa dos homes alteradas de mil formas nas súas mentes depravadas polas falsas relixións e polas arbitrarias nocións de vicio e virtude; así parece necesario examinar, separadamente de calquera outra consideración, o que naza das puras convencións humanas, expresadas ou supostas pola necesidade e utilidade común: idea coa que ten que estar de acordo toda crenza e todo sistema moral. Así mesmo, será sempre unha loable empresa a que consiga convencer incluso ás persoas máis obstinadas e incrédulas, para que cumpran os principios que levan os homes a vivir na sociedade. Hai, xa que logo, tres cla-

ses distintas de vicio e de virtude: *relixiosa, natural e política*. Estas tres clases nunca deben ter contradicións entre si, aínda que da mesma forma, non todas as consecuencias e obrigas que resultan dunha delas resultan tamén das outras. Non todo o que esixe a revelación esíxeo a lei natural, nin todo o que esta esixe, o esixe a pura lei social: pero é moi importante separar o que resulta desta convención, é dicir, dos expresos ou tácitos pactos dos homes, porque o límite daquela forza é tal que pode lexitimamente exercitarse entre home e home sen unha especial misión do Ser supremo. Por conseguinte, a idea da virtude política pode, sen dúbida, chamarse variable; a da virtude natural sería sempre transparente e manifesta, se a imbecilidade ou as paixóns dos homes non a ensombrecesen; a da virtude relixiosa é sempre unha e constante, porque foi revelada inmediatamente por Deus e conservada por el mesmo.

Así pois, sería un erro atribuír a quen fala de convencións sociais ou das súas consecuencias principios contrarios á lei natural ou á revelación, porque non fala destas. Sería un erro se alguén, falando do *estado de guerra* antes do *estado da sociedade*, o tomase en sentido *hobbesiano*<sup>18</sup>, é dicir, de ningún deber e de ningunha obriga anterior, en vez de tomalo por un feito nado da corrupción da natureza humana ou da falla dunha sanción expresa. Sería un erro imputar como delito a un escritor, que considera as emanacións do pacto social, o feito de non admitilas antes do pacto mesmo.

A xustiza divina e a xustiza natural son, pola súa esencia, inmutables e constantes, pois a relación entre dous mesmos obxectos é sempre a mesma; pero a xustiza humana, ou ben política, non sendo máis ca unha relación entre a acción e o estado variable da sociedade, pode variar na medida que aquela acción faise necesaria ou útil á mesma sociedade; e soamente

---

<sup>18</sup> Do filósofo inglés Thomas Hobbes (1588-1679), que concibiu o contrato social como o paso do estado de natureza, do *homo homini lupus*, ao estado político, do *homo homini deus*. (N. do T.)

pode recoñecela quen analiza as complicadas e mudables relacións das combinacións civís. Tan pronto como estes principios, esencialmente distintos, confúndense, xa non hai esperanza de razoar rectamente nas materias públicas. Aos *teólogos* pertence establecer as fronteiras do xusto e do inxusto, polo que atangue a intrínseca malicia ou bondade do acto; e ao *publicista*<sup>19</sup> determinar as relacións do xusto e do inxusto político, é dicir, do útil ou do dano da sociedade; ningún obxecto pode prexudicar a outro, dado que cada un pode ver canto a verdade, puramente política, debe supeditarse á inmutable virtude emanada por Deus.

Polo tanto, se alguén, repítoo, quere honrarme coas súas críticas, non comece, pois, supoñendo en min principios destrutores da virtude ou da relixión, dado que xa demostrei que estes non son os meus principios; e así, en lugar de facerme incrédulo ou sedicioso, procure atoparme ilóxico ou mal político; non trema diante de cada proposición a favor dos intereses da humanidade; convénzame da inutilidade ou do dano político que podería nacer dos meus principios; ensíneme a vantaxe das normas recibidas. Din un público testemuño da miña relixión e submisión ao meu soberano coa resposta ás *Notas e observacións*: sería superfluo responder a outros escritos semellantes. Con todo, quen escriba con aquela decencia, que tanto convén aos homes honestos, e con aquelas luces que me dispensen de probar os primeiros principios, de calquera clase que fosen, encontrará en min non tanto un home que procura responder, senón un pacífico amante da verdade.

---

<sup>19</sup> O primeiro testemuño escrito do galicismo *publiciste* (adaptado no italiano *pubblicista*) está datado en 1748 (cfr. *Dizionario etimologico della lingua italiana (DELI)*, a cura di Manlio Cortelazzo e Paolo Zolli, Zanichelli, Bologna, 1999, *sub voce*), xa ao principio utilizado co valor de «estudoso de dereito público e ciencias políticas». (N. do. T.)

## Introdución

Os homes a miúdo abandonan as regras máis importantes á prudencia cotiá ou á discreción daqueles, cuxo interese consiste en opoñerse ás leis máis prósidas, que, pola súa natureza, fan universais as vantaxes e resisten o esforzo que as convertería en beneficio de poucos, situando nunha parte todo o poder e a felicidade, e noutra toda a fraqueza e a debilidade. Polo tanto, só despois de pasar por medio de mil erros nas cousas máis esenciais á vida e á liberdade, despois de sufrir males, chegados ao final, resólvense a remediar os desordes que os oprimen e recoñecendo as verdades máis palpables, que, precisamente pola súa simplicidade, escapan ás mentes vulgares, pois non están acostumadas a analizar os obxectos, senón a recibir as impresións todas xuntas, por tradición máis ca por exame.

Abramos os libros de historia, e veremos que as leis, que son, ou deberían ser, pactos de homes libres, foron, na súa maioría, o instrumento das paixóns de poucos, ou xurdiron dunha necesidade pasaxeira e fortuíta; non foron ditadas por un frío examinador da natureza humana, que nun só punto concentrase as accións dunha multitude de homes, e as considerase baixo este punto de vista: *a máxima felicidade compartida no maior número*. Ditasas, xa que logo, aquelas poucas nacións, que non esperaron que o lento movemento das combinacións e vicisitudes humanas as levase aos males extremos, para orientalas cara ao ben, senón que aceleraron as fases intermedias coas boas leis! Merece o agradecemento de todos os homes aquel filósofo que tivo o valor, dende o seu descoñecido e desprezado apouso, de lanzar na multitude as primeiras sementes das útiles verdades, durante tanto tempo infrutuosas.

Xa se coñeceron as verdadeiras relacións entre os soberanos e os súbditos, así como as que teñen entre si as distintas nacións; o comercio animouse á vista das verdades filosóficas,

divulgadas por medio da prensa, e estalou entre as nacións unha tácita guerra de industria, a máis humana e digna de homes racionais. Estes son os froitos que se deben á luz deste século: pero moi poucos analizaron e combateron a crueldade das penas e as irregularidades dos procedementos criminais, que é unha parte da lexislación tan fundamental e tan descoidada en case toda Europa; moi poucos os que, remontándose aos principios xerais, aniquilaron os erros acumulados de moitos séculos, freando, polo menos, con aquela soa forza que teñen as verdades coñecidas, o exercicio demasiado libre dun poder mal dirixido, que deu, ata agora, un largo e autorizado exemplo de fría atrocidade. Con todo, os xemidos dos débiles, sacrificados á cruel ignorancia e á próspera indolencia; os bárbaros tormentos, multiplicados con pródiga e inútil severidade por delitos non probados ou imaxinarios; a miseria e os horrores dunha prisión, aumentados polo máis cruel verdugo dos pobres, a incerteza, tiñan que sacudir a aquela clase de maxistrados que guían as opinións das mentes humanas.

O inmortal presidente Montesquieu tratou rapidamente sobre esta materia. A indivisible verdade forzoume a seguir as pegadas luminosas dese gran home, mais os pensadores, para quen escribo, saberán distinguir os meus pasos dos seus. Ditoso eu, se consigo obter, coma el, os secretos agradecementos dos descoñecidos e pacíficos secuaces da razón, e se consigo inspirar aquela doce conmoción coa que as almas sensibles responden a quen apoia os intereses da humanidade!

## Capítulo I

### *Orixe das penas*

As leis son as condicións baixo as cales homes independentes e illados uníronse en sociedade, fartos de vivir nun continuo estado de guerra e gozar dunha liberdade que resultaba inútil pola incerteza de conservala. Sacrificaron unha parte dela para gozar do resto nunha segura tranquilidade. A suma de todas estas porcións de liberdade, sacrificadas ao ben de cada un, constitúe a soberanía dunha nación, e o soberano é o seu lexítimo depositario e administrador. Pero non bastaba formar este depósito, era necesario defendelo das privadas usurpacións de cada home en particular, que sempre intenta quitar do depósito non soamente a súa propia porción, senón tamén a dos demais. Necesitábanse motivos sensibles que fosen suficientes para desviar o despótico ánimo de cada home, para que non somerexese no antigo caos as leis da sociedade. Estes motivos sensibles son as penas establecidas contra os infractores das leis. Chámoos *motivos sensibles*, porque a experiencia demostrou que a multitude non adopta principios estables de conduta, nin se afasta daquel principio universal de disolución, que se observa no universo físico e moral, senón con motivos que inmediatamente golpean os sentidos e que continuamente se asoman á mente para contrarrestar as fortes impresións das paixóns parciais, que se opoñen ao ben universal; nin a elocuencia, nin as declamacións, nin tampouco as máis sublimes verdades foron suficientes para frear por moito tempo as paixóns excitadas polos vivos golpes dos obxectos presentes.

## Capítulo II

### *Dereito de castigar*

Toda pena que non deriva da absoluta necesidade (di o gran Montesquieu) é tiránica, proposición que pode facerse máis

xeral desta forma: todo acto de autoridade de home a home que non proceda da absoluta necesidade, é tiránico. Sobre iso fúndase o dereito do soberano de castigar os delitos: na necesidade de defender o depósito da saúde pública das usurpacións particulares; e tanto máis xustas son as penas, canto máis sacra e inviolable é a seguridade, e maior é a liberdade que o soberano conserva aos seus súbditos. Consultemos o corazón humano e nel atoparemos os principios fundamentais do verdadeiro dereito do soberano de castigar os delitos, porque non se pode esperar ningunha vantaxe duradeira, se non está fundamentada nos sentimentos inmutables do home. Toda lei que se desvíe destes atopará sempre unha resistencia contraria que ao final vence, do mesmo xeito que unha forza, aínda pequena, aplicada con continuidade, vence calquera movemento violento comunicado a un corpo.

Ningún home concedeu gratuitamente parte da súa propia liberdade á vista do ben público: esta quimera só existe nas novelas. Se fose posible, cada un de nós queredría que os pactos que atan aos demais, non nos atasen: cada home faise centro de todas as combinacións do mundo.

A multiplicación do xénero humano, pequena por si mesma, pero moi superior aos medios que a estéril e abandonada natureza ofrecía para satisfacer as necesidades, que cada día máis se complicaban, agrupou aos primeiros salvaxes. Estas primeiras unións formaron necesariamente outras para resistirlles, e así o estado de guerra trasladouse do individuo ás nacións.

Foi, xa que logo, a necesidade quen obrigou aos homes a ceder parte da súa liberdade; polo tanto, é certo que cada un non quere poñer no público depósito senón a mínima porción posible, só aquela que abonde para inducir aos demais para que o defendan. O conxunto destas mínimas porcións posibles forma o dereito de castigar: todo o demais é abuso e non xustiza, é feito, non dereito. Obsérvese que a palabra *dereito* non é contraditoria da palabra *forza*, senón que a primeira é unha mo-



dificación da segunda, é dicir, a modificación mais proveitosa ao maior número. E por xustiza eu non entendo nada mais que o vínculo necesario para manter unidos os intereses particulares, sen o cal disolveríanse no antigo estado de insociabilidade.

Tamén é necesario precaverse de non relacionar a palabra *xustiza* con unha idea de algo real, como unha forza física ou un ser existente, sendo ela unha simple maneira de concibir dos homes, maneira que inflúe infinitamente sobre a felicidade de cada un; tampouco entendo aquela outra sorte de xustiza emanada de Deus, que ten a súa inmediata relación coas penas e coas recompensas da vida do alén.

### **Capítulo III**

#### *Consecuencias*

A primeira consecuencia destes principios é que só as leis poden decretar as penas sobre os delitos; e esta autoridade non pode residir máis ca no lexislador, que representa a toda a sociedade unida por un contrato social: ningún maxistrado (que é parte da sociedade) pode, con xustiza, establecer penas en contra de outro membro da mesma sociedade. Xa que logo, unha pena incrementada máis alá do límite fixado polas leis é a pena xusta máis outra pena; así pois, un maxistrado non pode, baixo ningún pretexto de dilixencia ou ben público, aumentar a pena establecida a un cidadán que delinque.

A segunda consecuencia é que, se cada membro particular está vinculado á sociedade, esta está de igual xeito vinculada con cada membro particular por un contrato que, pola súa natureza, obriga ás dúas partes. Esta obriga, que descende desde o trono ata a cabana, vinculando igualmente ao máis grande e ao máis miserable dos homes, só significa que é interese de todos que os pactos útiles á maioría sexan observados. A violación de calquera deles empeza a autorizar a anarquía. O soberano, que representa á mesma sociedade, só pode crear leis xerais

que obriguen a todos os membros, pero non xulgar que alguén infrinxiu ou non o contrato social, posto que, nese momento, a nación dividiríase en dúas partes: unha representada polo soberano, que afirma a violación do contrato, e a outra polo acusado, que a nega. Así que, é necesario que un terceiro xulgue a verdade do feito. De aquí procede a necesidade dun maxistrado, cuxas tendencias sexan inapelables, e consistan en meras afirmacións ou negacións de feitos particulares.

A terceira consecuencia é que, cando se probase que a atrocidade das penas, se non inmediatamente oposta ao ben público e ao fin mesmo de impedir os delitos, era inútil, tamén neste caso ela sería non soamente contraria a aquelas virtudes benéficas que son o efecto dunha razón ilustrada, que prefire mandar a homes felices máis ca unha tropa de escravos, na que haberá unha perpetua circulación de temerosa crueldade, senón que sería contraria tamén á xustiza e á natureza do mesmo contrato social.

## Capítulo IV

### *Interpretación das leis*

Cuarta consecuencia. Tampouco a autoridade de interpretar as leis penais pode residir nos xuíces criminais pola mesma razón que non son lexisladores. Os xuíces non recibiron as leis dos nosos remotos antergos como unha tradición familiar ou un testamento, que deixase aos descendentes só a labor de obedecer, senón que as reciben da viva sociedade, ou do soberano que a representa, como lexítimo depositario do actual resultado da vontade de todos; recíbenas non como obrigas dun antigo xuramento —nulo, porque vinculaba vontades non existentes, inícuo, porque reducía aos homes do estado de sociedade ao estado de rabaño—, senón como efectos dun tácito ou expreso xuramento, que as vontades reunidas dos súbditos viventes fixeron ao soberano, como vínculos necesarios para frear e rexer

o fermento interior dos intereses particulares. Esta é a física e real autoridade das leis. Quen será, pois, o lexítimo interprete das leis? O soberano, é dicir, o depositario das actuais vontades de todos, ou o xuíz, cuxo oficio só é examinar se certo home cometeu ou non unha acción contraria as leis?

En todo delito o xuíz deberá facer este perfecto siloxismo: a maior debe ser a lei xeral; a menor, a acción conforme ou non á lei: a consecuencia, a liberdade ou a pena. Cando o xuíz, forzado ou por decisión propia, quere facer dous siloxismos, ábrese a porta á incerteza.

Non hai nada máis perigoso que aquel axioma común, que propón como necesario consultar o espírito da lei. Este é un dique roto diante do torrente das opinións. Esta verdade, que parece un paradoxo para as mentes vulgares, máis influenciadas por un pequeno desorde presente que polas funestas e remotas consecuencias que xorden dun falso principio enraizado nunha nación, paréceme demostrada. Os nosos coñecementos e todas as nosas ideas teñen unha recíproca conexión: canto máis complexas son, tanto máis numerosos son os camiños que a eles conducen e deles saen. Cada home ten o seu punto de vista, cada home teno distinto segundo os distintos tempos. O espírito da lei sería, pois, o resultado da lóxica boa ou mala dun xuíz, dunha dixerción boa ou mala; dependería da violencia das súas paixóns, da debilidade da que sofre, das relacións do xuíz co ofendido, e de todas aquelas minúsculas forzas que modifican as aparencias dos obxectos no ánimo flutuante do home. Por conseguinte, vemos que a sorte dun cidadán cambia a miúdo pasando dun tribunal a outro, e as vidas deses desgraciados son vítimas dos falsos razoamentos ou da actual inquietude dos humores do xuíz, que toma por lexítima interpretación o vago resultado de toda a confusa serie de nocións que lle axitan a mente. Así pois, vemos os mesmos delitos castigados polos mesmos tribunais de distinta forma en distintos tempos, por

consultar non a constante e fixa voz da lei, senón a errante inestabilidade das interpretacións.

A desorde que nace da rigorosa observancia da letra dunha lei penal, non se pode comparar coas desordes que nacen da interpretación. Este momentáneo inconveniente induce a practicar a fácil e necesaria corrección sobre as palabras da lei, que son a causa da incerteza, pero impide, en cambio, a fatal licenza de razoar, da que xorden as arbitrarias e venais controversias. Cando un código fixo de leis, que se deben observar ao pe da letra, non deixa máis incumbencia ao xuíz que examinar as accións dos cidadáns e xulgalas se son conformes ou non á lei escrita; cando a norma do xusto e inxusto, que debe dirixir as accións tanto do cidadán ignorante como do cidadán filósofo, é un asunto de feito e non de controversia, entón os súbditos non están suxeitos ás pequenas tiranías de moitos, tanto máis crueis, canto menor é a distancia entre quen sofre e quen fai sufrir; máis fatais que as dun só, porque o despotismo de moitos non se pode corrixir senón co despotismo dun só, e a crueldade dun despótico é proporcionada non á forza, senón aos obstáculos. Deste xeito os cidadáns adquiren aquela seguridade en si mesmos que é xusta, porque é o fin polo que os homes están na sociedade; e que é útil, porque lles permite calcular exactamente as consecuencias dun crime. Ademais, adquirirán espírito de independencia, pero non para discutir as leis, nin para opoñerse aos maxistrados, senón contra aqueles que se atreveron a denominar co sacro nome de virtude a debilidade de ceder ás súas interesadas e caprichosas opinións. Estes principios desagradarán aos que se atribúen o dereito de transmitir aos seus inferiores os golpes recibidos dos superiores. Moito tería que temer, se o espírito da tiranía fose compatible co espírito da lectura<sup>20</sup>.

---

<sup>20</sup> Neste caso, irónicamente, Beccaria non pode máis ca alegrarse polo feito de que os tiranos non teñan a costume de ler, e, por conseguinte, tampouco chegarán a coñecer o seu libro. (N. do T.)

## Capítulo V

### *Escuridade das leis*

Se a interpretación das leis é un mal, é evidente que o é tamén a escuridade que arrastra consigo necesariamente a interpretación, e aínda será maior se as leis están escritas nunha lingua estraña ao pobo, que o poña na dependencia dalgúns poucos, non podendo xulgar por si mesmo cal sería o destino da súa liberdade ou dos seus membros, nunha lingua que converta un libro solemne e público en algo privado e familiar. Qué deberíamos opinar dos homes, sabendo que é esta a inveterada costume de boa parte da culta e ilustrada Europa? Canto maior sexa o número daqueles que entendan e teñan nas mans o sacro código das leis, tanto menos frecuentes serán os delitos, pois non hai dúbida de que a ignorancia e a incerteza das penas axudan á elocuencia das paixóns.

Unha consecuencia destas últimas reflexións é que, sen lei escrita, unha sociedade non adoptará xamais unha forma fixa de goberno, na que a forza sexa un efecto da totalidade e non das partes, e as leis, inalterables senón pola vontade xeral, non se corrompan pasando pola multitude dos intereses particulares. A experiencia e a razón demostráronnos que a probabilidade e a certeza das tradicións humanas diminúen á medida que se afastan da súa fonte. Pero como resistirán as leis á forza inevitable do tempo e das paixóns, se non existe un estable monumento do pacto social?

Disto podemos ver a grande utilidade da imprenta, que fai ao público, e non a algúns poucos, depositario das santas leis, e ata que punto disipou aquel espírito tebroso de astucia e intriga, que desvanece diante das luces e as ciencias, en aparencia desprezadas, pero realmente temidas polos seus secuaces. Esta é a causa pola que vemos diminuída en Europa a atrocidade dos delitos, que facían sufrir aos nosos antepasados, os cales eran a un tempo tiranos e escravos. Quen coñece a historia de fai dous ou tres séculos, e a nosa, poderá ver como do seo do luxo e da

delicadeza naceron as máis doces virtudes, a humanidade, a beneficencia, a tolerancia dos erros humanos. Verá cales foron os efectos da que, sen razón, chamaron ‘antiga simplicidade’ e ‘boa fe’: a humanidade xemendo baixo a implacable superstición; a cobiza, a ambición de poucos tinxindo con sangue humano os cofres de ouro e os tronos dos reis; as traizóns ocultas; as públicas masacres; cada nobre tirano da plebe; os ministros da verdade evanxélica, manchando con sangue as mans que cada día tocaban ao Deus de mansedume: todo isto non é certamente creación deste século ilustrado, que alguén chama corrupto.

## Capítulo VI

### *Proporción entre os delitos e as penas*

Non só é interese común que non se cometan delitos, senón tamén que sexan menos frecuentes en proporción ao dano que causan na sociedade. Así pois, máis fortes deben ser os impedimentos que retraian os homes dos delitos, a medida que sexan contrarios ao ben público e a medida dos estímulos que os levan a cometelos. Por conseguinte, debe haber unha proporción entre delitos e penas.

É imposible previr todos os desordes no universal combate das paixóns humanas. Estes crecen en razón directa da poboación e do choque dos intereses particulares, que non se poden dirixir xeometricamente á publica utilidade. É necesario, na aritmética política, substituír o cálculo das probabilidades á exactitude matemática. Bótese unha ollada sobre a historia, e veranse crecer os desordes coas fronteiras dos imperios, e, diminuíndo na mesma proporción o sentimento nacional, o impulso cara aos delitos aumenta conforme ao interese que cada un toma nesas mesmas desordes: así pois, a necesidade de agravar as penas vai aumentando cada vez máis por este motivo.

Aquela forza, semellante á gravidade, que nos empuxa ao noso benestar, non se detén senón á medida dos obstáculos que

se lle opoñen. Os efectos desta forza son a confusa serie das accións humanas: se estas chocan reciprocamente e se ofenden, as penas, que eu chamaría *obstáculos políticos*, impiden o seu mal efecto sen destruír a causa impelente, que é a mesma sensibilidade, inseparable do home; e o lexislador actúa como un hábil arquitecto, cuxo oficio é opoñerse ás directrices ruinosas da gravidade, aproveitando as que contribúen á solidez do edificio.

Dada a necesidade da unión dos homes, dados os pactos, que necesariamente resultan da oposición mesma dos intereses privados, atópase unha escala de desordes, cuxo primeiro grado consiste naqueles que destrúen inmediatamente a sociedade, e o derradeiro na mínima inxustiza cometida contra os seus membros particulares. Entre estes extremos están comprendidas todas as accións opostas ao ben público, que se chaman delitos, e todas van decrecendo, por graos insensibles, desde o maior ata ao máis ínfimo. Se a xeometría fose adaptable ás infinitas e escuras posibilidades das accións humanas, debería haber unha escala correspondente de penas, que diminuíse das máis duras ata as máis lixeiras: con todo, ao sabio lexislador bastará con sinalar os seus puntos principais, sen perturbar a orde, non decretando en contra dos delitos do primeiro grao as penas do derradeiro. Se houberse unha escala exacta e universal das penas e dos delitos, teríamos unha probable e común medida dos graos de tiranía e de liberdade, do fondo de humanidade ou malicia das distintas nacións.

Ningunha acción non comprendida entre os dous límites sinalados pode ser chamada *delito* ou castigada como tal, senón polos que teñen o seu interese en chamala deste xeito. A incerteza destes límites produciu nas nacións unha moral que contradí a lexislación; moitas lexislacións actuais que se exclúen reciprocamente; unha multitude de leis que expón ao máis sensato ás penas máis rigorosas; e, xa que logo, convertidos en vagos e flutuantes os nomes de *vicio* e *virtude*, orixinou a incerteza da propia existencia, que produce o letargo e o sono

fatal nos corpos políticos. Calquera que lese con ollos de filósofo os códigos das nacións e os seus anais, atopará que case sempre os termos *vicio e virtude, bo cidadán ou reo* cambian cos cambios dos séculos, non segundo as mutacións que ocorren nas circunstancias dos países, e xa que logo sempre de acordo co interese común, senón conforme ás paixóns e aos erros que sucesivamente empuxaron aos distintos lexisladores. Verá a miúdo que as paixóns dun século son a base da moral dos séculos vindeiros; que as paixóns fortes, fillas do fanatismo e do entusiasmo, debilitadas e corroídas (por dicilo así) polo tempo, que reduce todos os fenómenos físicos e morais ao equilibrio, pasan a ser, pouco a pouco, a prudencia do século e o instrumento útil na man do forte e do prudente. Deste xeito naceron as escurísimas nocións de honor e virtude; e tales son porque cambian coas modificacións do tempo, que fai sobrevivir os nomes ás cousas: cámbianse cos ríos e coas montañas, que case sempre son as fronteiras, non só da xeografía física, senón tamén da xeografía moral.

Se o pracer e a dolor son os motores dos seres sensibles; se entre os motivos que empuxan aos homes ata as máis sublimes accións puxo o invisible lexislador o premio e a pena; da inexacta distribución destas xurdirá a tanto menos observada canto máis común contradición de que as penas castiguen os delitos que elas mesmas orixinaron. Se se destinase unha pena igual a dous delitos que ofenderan de xeito desigual á sociedade, os homes non atoparían un obstáculo moi forte para cometer o maior delito, cando achen nel unida unha maior vantaxe.

## Capítulo VII

### *Erros na graduación das penas*

As anteriores reflexións concédenme o dereito a afirmar que a única e verdadeira medida dos delitos é o dano feito á nación, e, xa que logo, equivocáronse os que consideraron que a



verdadeira medida dos delitos é a intención do que os comete. Esta depende da impresión actual dos obxectos e da anterior disposición da mente, que varían en todos os homes e en cada un deles, coa rapidísima sucesión das ideas, das paixóns e das circunstancias. Xa que logo, sería necesario formar non só un código particular para cada cidadán, senón unha nova lei para cada delito. Algunha vez os homes, coa mellor intención, causan o maior mal á sociedade, e outras veces, coa peor, fan o mellor ben.

Outros miden os delitos máis pola dignidade da persoa ofendida que pola súa importancia respecto ao ben público. Se esta fose a verdadeira medida, unha irreverencia contra o Ser supremo debería castigarse máis atrocemente que o asasinato dun monarca, xa que a superioridade da natureza é unha infinita compensación á diferenza da ofensa.

Finalmente, algúns pensaron que a medida dos delitos dependese da gravidade do pecado. A falsidade desta opinión destaca aos ollos dun examinador imparcial das verdadeiras relacións entre homes e homes, e entre homes e Deus. As primeiras son relacións de igualdade. A necesidade soa fixo nacer do choque das paixóns e das oposicións dos intereses a idea da *utilidade común*, que é a base da xustiza humana. As segundas son relacións de dependencia dun Ser perfecto e creador, que reservouse só para si mesmo o dereito de ser o lexislador e xuíz ao mesmo tempo, porque só el pode selo sen inconvenientes. Se estableceu penas eternas para quen desobedece a súa omnipotencia, quen será o necio insecto que se atreverá a ser substituto da xustiza divina; que quererá vindicar o Ser que se basta a si mesmo, que non pode recibir dos obxectos impresión algunha de pracer ou dolor, e que, único entre todos os seres, actúa sen reacción? A gravidade do pecado depende da impenetrable malicia do corazón. Esta non a poden coñecer sen revelación uns seres finitos: entón, como dela se tomará norma para castigar os delitos? Os homes poderían, neste caso, cas-

tigar cando Deus perdoa, e perdoar cando Deus castiga. Se os homes poden estar en contradición co Omnipotente ofendéndoo, tamén poden facelo castigando.

## Capítulo VIII

### *División dos delitos*

Vimos que a verdadeira medida dos delitos é o *dano feito á sociedade*. Esta é unha daquelas palpables verdades que, aínda que non necesiten para ser descuberta nin cuadrantes nin telescopios, senón que están ao alcance de todo mediocre intelecto, con todo, por unha marabillosa combinación de circunstancias, non son coñecidas con seguridade certa máis que por algúns poucos pensadores, homes de cada nación e de todos os séculos. Porén, as opinións asiáticas<sup>21</sup>, as paixóns revestidas de autoridade e de poder disiparon —moitas veces por insensibles impulsos, e algunhas por violentas impresións sobre a tímida credulidade dos homes— as simples nocións, que acaso formaban a primeira filosofía das sociedades nos seus principios: a elas parece que nos reconduza a luz deste século, con aquela maior firmeza que pode proporcionar un exame xeométrico de mil funestas experiencias e dos mesmos obstáculos. A orde nos levaría a examinar e distinguir todas as clases distintas de delitos e o xeito de castigalos, se a súa variable natureza, polas distintas circunstancias dos séculos e dos lugares, non nos obrigase a un listado inmenso e insoportable. Será suficiente, pois, sinalar os principios máis xerais e os erros máis funestos e comúns para desenganar tanto aos que por un mal entendido amor á liberdade quererían introducir a anarquía, como aos que desexaran reducir os homes a unha regularidade claustral.

Algúns delitos destrúen inmediatamente a sociedade, ou a quen a representa; outros ofenden a seguridade particular

---

<sup>21</sup> É dicir, «despóticas», porque, segundo canto afirmaba Montesquieu, os réximes de Oriente (en particular o Imperio turco, Rusia e China) eran modelos de despotismo. (N. do T.)

dun cidadán na súa vida, nos bens e no honor; e outros son accións contrarias ao que cada un está obrigado a facer ou non facer polas leis respecto ao ben público. Os primeiros, que son os maiores delitos porque son os máis daniños, son os que se chaman de *lesa maxestade*. A tiranía e a ignorancia soamente, que confunden as palabras e as ideas máis claras, poden dar este nome, e, por conseguinte, a pena máxima, a delitos de distinta natureza, convertendo así aos homes, como en moitas outras ocasións, en vítimas dunha palabra. Todo delito, aínda que privado, ofende á sociedade, pero non todo delito procura a súa inmediata destrución. As accións morais, como as físicas, teñen a súa esfera limitada de actividade e están circunscritas de forma distinta, como todos os movementos da natureza, polo tempo e polo espazo. Con todo, só unha tortuosa interpretación, que é, polo común, a filosofía da escravitude, pode confundir o que a eterna verdade diferenciou con inmutables relacións.

Seguen despois os delitos contrarios á seguridade de cada individuo particular. Sendo este o fin primario de cada lexítima asociación, cómpre asignar á violación do dereito de seguridade, adquirido por cada cidadán, algunhas das penas máis considerables establecidas polas leis.

A opinión de que cada cidadán pode facer todo o que non é contrario ás leis, sen ter outro inconveniente que o que poida nacer da acción mesma, é o dogma político que os pobos terían que crer e os supremos maxistrados predicar: dogma sacro, sen o cal non pode haber lexítima sociedade; xusta recompensa do sacrificio feito polos homes daquela acción universal sobre todas as cousas, que é común a todo ser sensible, e está limitada só polas propias forzas. Este dogma forma ás almas libres e vigorosas e ás mentes abertas, fai os homes virtuosos, pero daquela virtude que sabe resistir ao temor, e non daquela dobre-gada prudencia, digna só de quen pode sufrir unha existencia precaria e incerta. Os atentados, pois, contra a seguridade e a liberdade dos cidadáns son un dos maiores delitos; e baixo esta

clase compréndense non só os asasinatos e os roubos dos homes plebeos, senón tamén os dos nobres e dos maxistrados, cuxa influencia obra a maior distancia e con maior vigor, destruíndo nos súbditos as ideas de xustiza e deber, e substituíndoas co dereito do máis forte, igualmente perigoso para quen o exerce que para quen o sofre.

## Capítulo IX

### *Do honor*

Hai unha contradición notable<sup>22</sup> entre as leis civís, celosas gardas, máis que de ningunha outra cousa, do corpo e dos bens de cada cidadán, e as leis do que se chama *honor*, que a todo antepón a opinión. Esta palabra, *honor*, é unha das que serviron como base a extensos e brillantes razoamentos, sen atribuírle algunha idea fixa e permanente. Condición miserable a das mentes humanas, ás que as afastadas e menos importantes ideas das revolucións dos corpos celestes lles son presentes con máis distinto coñecemento que as próximas e fundamentais nocións morais, sempre flutuantes e confusas segundo os ventos das paixóns as movan e a ignorancia as reciba e as transmita! Pero o aparente paradoxo desaparecerá se se considera que, como os obxectos moi próximos aos ollos se confunden, así tamén a excesiva proximidade das ideas morais fai que facilmente se mesturen e revolvan as infinitas ideas simples que as compoñen, e se confundan as liñas de separación necesarias ao espírito xeométrico, que pretende medir os fenómenos da humana sensibilidade. E diminuírá totalmente a marabilla no indiferente investigador das cousas humanas, que sospeitará que non é necesario tamaño aparato de moral, nin tampouco tantas ataduras para facer felices e seguros aos homes.

---

<sup>22</sup> O autor usa o adxectivo *rimarcabile*, un calco do francés *remarcable* moi difuso na época e agora obsoleto (con todo, xa documentado desde o século XVII, cfr. *DELI*, cit., *sub voce*), cuxo uso era tan rexeitado por algúns autores contemporáneos (Tina Matarrese, *Il Settecento*, cit., p. 66). (N. do T.)

Este *honor*, pois, é unha daquelas ideas complexas que son un conxunto non só de ideas simples, senón tamén de ideas igualmente complicadas, que, no variado xeito de presentarse á mente, agora admiten e agora exclúen algúns dos distintos elementos que as compoñen, sen conservar máis que algunhas poucas ideas comúns, como moitas cantidades complexas alxébricas admiten un común divisor. Para atopar este común divisor nas distintas ideas que os homes se forman do *honor*, é necesario botar unha rápida ollada sobre a formación das sociedades. As primeiras leis e os primeiros maxistrados naceron da necesidade de reparar as desordes do despotismo físico de cada home: este foi o fin creador da sociedade, e este fin primario conservouse sempre, realmente ou en aparencia, na cabeceira dos códigos, incluso dos destrutores. Pero a evolución dos homes e o progreso dos seus coñecementos fixeron nacer unha infinita serie de accións e necesidades recíprocas, sempre superiores á providencia das leis e inferiores ao poder actual de cada un. Desde esta época comezou o despotismo da opinión, que era o único medio para obter dos demais aqueles bens, e afastar de si aqueles males, que as leis non podían prover. A opinión é a que atormenta ao sabio e ao ignorante; a que deu crédito á aparencia da virtude por enriba da virtude mesma; a que converte en misioneiro incluso ao criminal, porque atopa niso o seu propio interese. Por conseguinte, os sufraxios fixéronse non só útiles, senón necesarios, para non caer por debaixo do nivel común. Por iso, se o ambicioso os conquista como útiles, se o vaidoso vains mendigando como testemuño do seu mérito, o home de honor esíxeos como necesarios. Este *honor* é unha condición que moitos homes poñen á súa propia existencia. Nacido despois da formación da sociedade, non foi posible metelo no común depósito; aínda máis, é unha volta instantánea ao estado natural e unha subtracción momentánea da propia persoa ás leis que, nese caso, non defenden suficientemente un cidadán.

Xa que logo, tanto na extrema liberdade política como na extrema dependencia, desaparecen as ideas de honor, ou confúndense totalmente con outras: porque na primeira o despotismo das leis fai inútil a busca dos sufraxios doutros; na segunda, porque o despotismo dos homes, anulando a existencia civil, redúceos a unha personalidade precaria e momentánea. O honor é, pois, un dos principios fundamentais daquelas monarquías que son un despotismo atenuado; e nelas é o que nos estados despóticos son as revolucións: un momento de volta ao estado de natureza, e un recordo, para o dono, da antiga igualdade.

## Capítulo X

### *Dos duelos*

Desta necesidade dos sufraxios alleos naceron os duelos privados, que xurdiron precisamente na anarquía das leis. Sostense que se descoñecían na antigüidade, quizais porque os antigos non se xuntaban suspicazmente armados nos templos, teatros e cos amigos; quizais porque o duelo era un espectáculo usual e común que os escravos gladiadores e envilecidos daban ao pobo, e os homes libres desprezaban ser considerados e chamados gladiadores a causa dos combates privados. En balde os edictos de morte contra quen aceptase un duelo, intentaron extirpar esta costume, que ten o seu fundamento no que os homes temen máis ca morte; xa que, privándoo dos sufraxios dos demais, o home de honor vese exposto ou a converterse nun home solitario —estado insufrible para un home sociable—, ou a ser o albo dos insultos e da infamia, que coa súa repetida acción prevalecen sobre o perigo da pena. Por qué motivo, polo xeral, o vulgo non ten duelos como a nobreza? Non só porque está desarmado, senón tamén porque a necesidade dos sufraxios alleos é menos común na plebe que nos poderosos que, por estar máis elevados, míranse con maior suspicacia e receo.

Non é inútil repetir o que outros escribiron, é dicir, que o mellor método para previr este delito é castigar ao agresor, isto é, o que deu a ocasión para o duelo, declarando inocente ao que, sen culpa, foi obrigado a defender o que as lei actuais non aseguran, que é a opinión, mostrando aos seus concidadáns que el teme só as leis e non os homes.

## Capítulo XI

### *Da tranquilidade pública*

Finalmente, entre os delitos da terceira especie atópanse en particular os que turban a tranquilidade pública: como a algarabía e a esmorga nos camiños públicos, destinados ao comercio e ao paso dos cidadáns; como os sermóns fanáticos, que excitan as fáciles paixóns da curiosa multitude, que toman forza da multitude dos oíntes, e aínda máis do escuro e misterioso entusiasmo que da clara e tranquila razón, a que nunca actúa sobre unha gran masa de homes.

A noite iluminada a expensas do erario público, os gardas repartidos en diferentes barrios da cidade, os sinxelos e morais sermóns relixiosos —reservados ao silencio e a sacra tranquilidade dos templos protexidos pola autoridade pública—, as arengas dirixidas a soster os intereses privados e públicos nas asembleas da nación, nos parlamentos ou onde resida a maxestade do soberano: todos eles son medios eficaces para previr a perigosa acumulación de paixóns populares. Estes forman unha rama principal da vixilancia do maxistrado, que os franceses chaman *police*<sup>23</sup>. Con todo, se este maxistrado operase con leis arbitrarias e non establecidas por un código, que circulase polas mans de todos os cidadáns, abríriase unha porta á tiranía, que sempre vai rolando arredor dos confíns da liberdade política. Eu non atopo excepción ningunha a este axioma xeral, que

---

<sup>23</sup> Mantense a forma francés do orixinal: de feito nesa época a palabra xa estaba adaptada no italiano *polizia*, cuxo uso está documentado desde 1606, cfr. *DELI*, cit., sub voce. (N. do T.)

cada cidadán ten que saber cando sexa reo ou inocente. Se os censores, e, en xeral, os maxistrados arbitrarios, son necesarios a un goberno, isto nace da debilidade da súa constitución, e non da natureza de un ben organizado. A incerteza da propia sorte sacrificou máis vítimas á escura tiranía que non a pública e solemne crueldade. Amotina máis que envilece os ánimos. O verdadeiro tirano comeza sempre reinando sobre a opinión, que prevén o valor, que só pode resplandecer ou na clara luz da verdade, ou no lume das paixóns, ou na ignorancia do perigo.

Pero, cales serán as penas apropiadas para estes delitos? É a morte realmente *útil* e *necesaria* para a seguridade e o bo orde da sociedade? Son *xustos* a tortura e os tormentos, e obteñen o *fin* que se propoñen as leis? Cal é o mellor xeito de previr os delitos? Son as mesmas penas igualmente útiles en todos os tempos? Qué influencia teñen sobre os costumes? Estes son os problemas que merecen ser resoltos con aquela precisión xeométrica á que nin a néboa dos sofismas, nin a sedutora elocuencia, nin a tímida dúbida poden resistir. Se eu non tivera outro mérito que ser o primeiro en presentar a Italia, con algunha maior evidencia, o que outras nacións se atreveron a escribir e empezan a practicar, considerárame afortunado. Con todo, se afirmando os dereitos dos homes e da invencible verdade, contribuíse a arrincar dos tormentos e das angustias da morte a algunha vítima desafortunada da tiranía ou da ignorancia, igualmente fatais, mesmo as bendicións é as lágrimas dun só inocente no entusiasmo da súa alegría, consolaríanme do desprezo dos homes.

## Capítulo XII

### *Fin das penas*

Polas simples consideracións das verdades ata aquí expostas, resulta evidente que o fin das penas non é atormentar ou aflixir a un ser sensible, nin desfacer un delito xa cometido. Pódese nun corpo político —que, ben lonxe de actuar pola paixón, é



o tranquilo moderador das paixóns particulares—, pódese, repito, acoller a esta inútil crueldade, instrumento do furor e do fanatismo, ou dos febles tiranos? Os berros dun infeliz revogan acaso do tempo, que non pode volver, as acción xa consumadas? Daquela, o fin é soamente impedir ao reo causar novos danos aos seus concidadáns, e afastar aos demais de facer outros iguais. Xa que logo, haberá que elixir aquelas penas e aquel método de inflixilas, que, respectada a proporción, cause unha impresión máis eficaz e duradeira nos ánimos dos homes, e a menos arrepiante sobre o corpo do reo.

### Capítulo XIII

#### *Das testemuñas*

É un punto digno de consideración en toda boa lexislación determinar exactamente a credibilidade das testemuñas e as probas do crime. Cada home razoable —é dicir, que teña unha certa coordinación nas súas ideas e cuxas sensacións sexan conformes ás dos outros homes— pode ser testemuña: a verdadeira medida da súa credibilidade é soamente o seu interese en dicir ou non dicir a verdade. Por isto aparece frívolo o argumento da debilidade das mulleres, pueril a aplicación dos efectos da morte real á civil nos condenados, e incoherente a nota de infamia nos infames, cando non teñen ningún interese en mentir. Xa que logo, a credibilidade dunha testemuña debe diminuírse proporcionalmente ao odio, á amizade ou as estreitas relacións existentes entre ela e o reo. É necesario contar con máis dunha soa testemuña, porque, en tanto que un afirma e outro nega, non hai certeza ningunha e prevalece o dereito que cada un ten de ser considerado inocente. A credibilidade dunha testemuña ven a ser sensiblemente menor canto máis crece a atrocidade dun delito<sup>24</sup> ou as circunstancias son inverosímiles, coma, por exem-

---

<sup>24</sup> Segundo os criminalistas a credibilidade dunha testemuña faise tanto maior canto máis atroz é o delito. Aquí está o férreo axioma ditado pola máis cruel imbecilidade: *In atrocissimis leviores coniecturae sufficunt, et licet iudici iura transgredi*. Traduzámolo en

plo, a maxia ou as accións crueis e gratuítas. É máis probable que varios homes mintan na primeira acusación porque é máis fácil que se combinen en moitos xa a ilusión da ignorancia, xa o odio perseguidor de que un home exerza un poder que Deus ou non o deu, ou o quitou a todo ser vivo. Do mesmo xeito, ocorrerá na segunda, porque o home non é cruel senón en proporción ao seu propio interese, ao odio ou temor experimentado. Propiamente non hai ningún sentimento superfluo no home, que sempre é proporcional ao resultado das impresións exercidas sobre os seus sentidos. Da mesma forma, ás veces a credibilidade dunha testemuña pode diminuír se é membro dalgunha sociedade particular, cuxos usos e principios se descoñezan ou sexan distintos dos públicos: un home semellante non ten só as súas propias paixóns, senón tamén as alleas.

Finalmente, non ten case ningunha credibilidade a testemuña cando se trate dun delito de palabras, porque o ton, o xesto, todo o que precede e sigue as distintas ideas que os homes atribúen ás mesmas palabras, altéranas e modifícanas de xeito tal que é case imposible repetilas precisamente como se pronunciaron. Ademais, as accións violentas e fóra do uso ordinario, como son os verdadeiros delitos, deixan un rastro de si na multitude das circunstancias e nos efectos que delas proceden, pero as palabras só quedan na memoria, polo común non fidedigna e maligna dos oíntes. É, xa que logo, certamente máis doada unha calumnia sobre as palabras que sobre as accións

---

vulgar, de tal xeito que os europeos miren un dos moitos e igualmente razoables ditames daqueles aos que, sen apenas sabelo, están suxeitos: *Nos delitos máis atroces, é dicir, nos menos probables, chegan as conxecturas máis leves, e é lícito ao xuíz transgredir as leis.* As prácticas absurdas da lexislación están a miúdo producidas polo temor, fonte principal das contradicións humanas. Atemorizados os lexisladores (tales son os xuristas autorizados pola sorte a decidir por todo e a converterse, de escritores interesados e venais, en árbitros e lexisladores das fortunas dos homes) pola condena dalgún inocente, cargan a xurisprudencia de excesivas formalidades e excepcións, cuxa exacta observancia permitiría á anárquica impiedade sentarse no trono da xustiza; atemorizados por algúns delitos atroces, difíciles de probar, cróronse obrigados a superar as mesmas formalidades establecidas por eles, e, deste xeito, sexa cunha despótica impaciencia, sexa cunha trepidación propia de muller transformaron os graves xuízos nunha especie de xogo, onde o azar e o subterfuxio son os protagonistas. (N. do A.)

dun home, porque nestas, canto maior o número de circunstancias se traen como proba, tanto meirandes medios se ofrecen ao reo para xustificarse.

## **Capítulo XIV**

### *Indicios e formas de xuízos*

Hai un teorema xeral moi útil para calcular a certeza dun feito, por exemplo a forza dos indicios dun delito. Cando as probas dun feito dependen unha doutra, é dicir, cando os indicios próbanse só entre si, cantas máis probas se aporten, tanto menor é a probabilidade do feito, porque os casos que farían faltar as probas antecedentes fan faltar as seguintes. Cando as probas dun feito dependen todas dunha soamente, o número das probas non aumenta nin diminúe a probabilidade do feito, porque todo o seu valor resólvese no valor daquela soa da que dependen. Cando as probas son independentes unha doutra, é dicir, cando os indicios se proban por outra razón que por si mesmos, cantas máis probas se aporten, tanto máis crece a probabilidade do feito, porque o erro dunha proba non inflúe sobre a outra. Falo de probabilidade en materia de delitos que, para merecer una pena, deben ser certos. Con todo, desaparecerá este paradoxo para quen considere que, en rigor, a certeza moral non é máis ca unha probabilidade, pero probabilidade tal que se chama certeza, porque cada home de sentido común outórgaa necesariamente por unha costume nacida da necesidade de actuar, e anterior a toda especulación: xa que logo, a certeza necesaria para descubrir a un reo é a que determina calquera home nas operacións máis importantes da vida. As probas dun delito pódense distinguir entre perfectas e imperfectas. Chámanse perfectas as que exclúen a posibilidade de que un tal non sexa reo; imperfectas as que non a exclúen. Das primeiras unha soa aínda é suficiente para a condena; das segundas son necesarias tantas, cantas sexan suficientes para formar unha perfecta; é

dicir, se por cada unha destas en particular é posible que un non sexa reo, reuníndoas a todas no mesmo suxeito, é imposible que non o sexa. Nótese que as probas imperfectas das que o reo pode xustificarse e non o faga debidamente, convértense en perfectas. Pero esta certeza moral de probas é máis doado oíla que definila. Xa que logo, considero mellor a lei que establece asesores ao xuíz principal, escollidos por sorte, e non por elección, porque neste caso é máis segura a ignorancia que xulga por sentimento, que a ciencia que xulga por opinión. Onde as leis son claras e precisas, o oficio do xuíz non consiste máis que en verificar un feito. Se para buscar as probas dun delito requírese habilidade e destreza, se para presentar o seu resultado son necesarios claridade e precisión, para xulgar o mesmo resultado só se require un simple e ordinario sentido común, menos falaz que o saber dun xuíz acostumado a atopar reos, e que o reduce todo a un sistema ficticio, ofrecido polos seus estudos. Ditosa aquela nación onde as leis non son unha ciencia! Utilísima é aquela lei que ordena que cada home sexa xulgado polos seus iguais, porque, onde se trata da liberdade e da sorte dun cidadán, deben calar os sentimentos que inspira a desigualdade: e a superioridade coa que o afortunado mira ao infeliz, e o desdén co que o inferior mira ao superior non poden interpoñerse nun xuízo. Con todo, cando un delito supón unha ofensa a un terceiro, entón os xuíces deberían ser a metade da condición do reo, a outra metade da do ofendido: desa forma, estando equilibrado todo interese particular, que, aínda que involuntariamente, modifica as aparencias dos obxectos, as únicas que falarán serán as leis e a verdade. É igualmente conforme á xustiza que o reo poida excluír, ata un certo punto, aos que parezan sospeitosos; e séndolle concedido isto sen obstáculos por un certo tempo, parecerá que o reo se condene por si mesmo. Que os xuízos sexan públicos, así como sexan públicas as probas do delito, para que a opinión, que acaso é o só cemento da sociedade, poña un freo á forza e ás paixóns; e para que o pobo diga: « Nós non somos

escravos e estamos defendidos!», parecer que inspira valor e que equivale a un tributo para un soberano que coñeza os seus verdadeiros intereses. Non engadirei outros particulares e reflexións que esixen semellantes institucións. Nada dixera, se fora necesario dicilo todo.

## Capítulo XV

### *Acusacións secretas*

Evidentes, pero consagradas desordes, e en moitas nacións, admitidas como necesarias pola debilidade da súa constitución, son as acusacións secretas. Este costume fai os homes falsos e solapados. Calquera que poida sospeitar ver noutra persoa un delator, ve nela un inimigo. Entón os homes acostúmanse a enmascarar os seus propios sentimentos, e, co hábito de escondelos aos demais, chegan a escondelos ata a si mesmos. Infelices, pois, os homes que chegaron ata este extremo! Sen principios claros e estables que os guíen, erran perdidos e flutuantes polo vasto mar das opinións, constantemente ocupados en salvarse dos monstros que os ameazan. Viven o momento presente sempre amargados pola incerteza do futuro; privados dos duradeiros praceres da tranquilidade e seguridade, só poden gozar deles en raras ocasións na súa triste existencia, devorándoos con presa e desorde, único alivio do seu vivir. E destes homes nós faremos os soldados intrépidos, defensores da patria ou do trono? E entre eles atoparemos os incorruptos maxistrados que, coa libre e patriótica elocuencia, sosterrán e desenvolverán os verdadeiros intereses do soberano, levando ao trono, cos tributos, o amor e as bendicións de todas as clases de homes, e deste devolvan aos palacios e as cabanas, a seguridade e a laboriosa esperanza de mellorar o futuro, útil fervor e vida dos estados?

Quen pode defenderse da calumnia, cando ela está armada polo escudo máis forte da tiranía, o *segredo*? Que clase de goberno é aquel onde o que manda ve con sospeita cada súbdito

como se fose un inimigo, e está obrigado, pola tranquilidade pública, a quitala aos demais?

Cales son os motivos cos que se xustifican as acusacións e as penas secretas? A saúde pública, a seguridade e conservación da forma de goberno? Pero que estraña constitución é esa, na que, quen posúe a forza e a opinión —máis poderosa cá primeira— teme a todos e a cada un dos cidadáns? A seguridade do delator? Xa que logo, autorízase a calumnia secreta e castígase a pública! A natureza do delito? Se ás accións indiferentes, se incluso ás accións útiles para o público chámanse delitos, as acusacións e os xuízos endexamais son bastantes secretos. Pode haber delitos, é dicir, públicas ofensas, sen que ao mesmo tempo exista o interese de todos na publicidade do exemplo, é dicir, do xuízo? Eu respecto todo goberno, e non falo mal dalgún en particular; ás veces as circunstancias teñen unha natureza tal que pode parecer unha desgraza extrema eliminar un mal, cando está vinculado ao sistema dunha nación. Con todo, si tivera que ditar novas leis, aínda nun recanto abandonado do mundo, antes de autorizar este hábito, tremeríame a man, e tería toda a posteridade diante dos ollos.

Xa dixo o señor Montesquieu que as públicas acusacións son máis adecuadas á república, onde o público ben debería constituír a primeira paixón dos cidadáns, que na monarquía, onde este sentimento é moi débil pola mesma natureza do goberno, e onde é moi boa norma elixir a comisarios que, con carácter público, acusen aos infractores da lei. Pero cada goberno, tanto republicano como monárquico, debe inflixirlle ao calumniador a pena que lle tocaría ao acusado.

## Capítulo XVI

### *Da tortura*

Unha crueldade consagrada polo uso na maioría das nacións é a tortura do reo mentres se instrúe o proceso, ben para obrigalo a

confesar un delito, ben polas contradicións nas que incorre, ben para descubrir os seus cómplices, ben por non sei qué metafísica e incomprendible purgación da infamia, ben, finalmente, por outros delitos dos que podería ser culpable, pero dos cales non está acusado.

Un home non pode ser chamado *reo* antes da sentenza do xuíz, nin a sociedade pode quitarlle a pública protección, senón cando estea decidido que violou os pactos cos que lle foi concedida. Que dereito, senón o da forza, será o que dea potestade ao xuíz para impor unha pena a un cidadán, mentres se dubida se é reo ou inocente? Non é novo este dilema: ou o delito é certo, ou é incerto; se é certo, non lle convén outra pena, senón a establecida pola lei; se é incerto, non se debe atormentar un inocente, porque tal é, segundo as leis, un home, cuxos delitos non están probados. Pero eu engado que é querer confundir todas as relacións pretender que un home sexa ao mesmo tempo acusado e acusador; que a dor pase a ser o crisol da verdade, como se o seu criterio residise nos músculos e nas fibras dun desgraciado. Este é o medio seguro de absolver os robustos malvados e condenar os débiles inocentes. Estes son os fatais inconvenientes deste pretendido criterio de verdade: pero criterio digno dun caníbal, que os romanos, tamén bárbaros por moitas razóns, só reservaban para os escravos, vítimas dunha feroz e demasiado loada virtude.

Cal é o fin político das penas? O terror dos outros homes. Mais, que xuízo deberíamos dar nós respecto ás secretas e probadas carnicerías que a tiranía do uso exerce sobre reos e inocentes? É importante que todo delito manifesto non quede sen castigo, pero é inútil descubrir a quen cometeu un delito, que está sepultado nas tebras<sup>25</sup>. Un dano feito, que non ten remedio,

---

<sup>25</sup> É dicir, se un delito confirmado debe ser castigado publicamente, con todo, non é útil usar a tortura para descubrir o culpable dun delito non manifesto ou incerto, xa que descoñecido polos homes e que, polo tanto, non pode exercer ningunha influencia sobre eles. (N. do T.)

non pode ser castigado pola sociedade política, senón cando inflúe sobre os outros co afago da impunidade. Se é verdade que o número dos homes que respectan a lei, por temor ou por virtude, é meirande que o dos que a quebrantan, o risco de atormentar un inocente débese valorar tanto máis, canto é maior a probabilidade de que un home, en circunstancias iguais, tivéraas máis ben respectado que desprezado.

Outro ridículo motivo da tortura é a purgación da infamia, é dicir, que un home xulgado infame polas leis deba confirmar a súa deposición coa dislocación dos seus ósos. Este abuso non se debería tolerar no século dezaioito. Crese que a dor, que é unha sensación, purga a infamia, que é unha mera relación moral. É a dor un crisol? E a infamia é acaso un corpo mixto impuro? Non é difícil remontarse á orixe desta ridícula lei, porque os mesmos absurdos, adoptados por unha nación enteira, teñen sempre algunha relación con outras ideas comúns e respectadas da nación mesma. Parece que este uso foi tomado das ideas relixiosas e espirituais, que teñen tanta influencia sobre os pensamentos dos homes, sobre as nacións e os séculos. Un dogma infalible non asegura que as manchas contraídas pola fragilidade humana e que non mereceron a ira eterna do Ser Supremo, deben purgarse por un lume misterioso<sup>26</sup>. Pois, se a infamia é unha mancha civil, así como a dor e o lume quitan as manchas espirituais e incorpóreas, porqué as dores da tortura non quitarán a mancha civil, que é a infamia? Eu creo que a confesión do reo, que nalgúns tribunais esíxese como algo esencial para a condena, teña unha orixe semellante, porque no misterioso tribunal da penitencia a confesión dos pecados é parte esencial do sacramento. Vedes aquí como os homes abusan das luces máis seguras da revelación; e dado que estas son as soas que persisten nos tempos da ignorancia, así a elas recorre a dócil humanidade en todas as ocasións, utilizándoas nas formas máis

---

<sup>26</sup> É dicir, o lume do purgatorio. (N. do T.)



absurdas e remotas. Pero a infamia é sentimento non suxeito nin ás leis, nin á razón, senón á opinión común. A mesma tortura ocasiona unha real infamia a quen a padece: xa que logo, con este método quitarase a infamia causando a infamia.

O terceiro motivo é a tortura que se lles dá aos supostos reos cando, ao examinalos, caen en contradición, como se o temor da pena, a incerteza do xuízo, o aparato e a maxestade do xuíz, a ignorancia, común a case todos os criminais e aos inocentes, non deban probablemente facer caer en contradición ao inocente, que teme, e ao reo, que intenta encubrirse; como se as contradicións, comúns aos homes cando son tranquilos, non deban multiplicarse na perturbación do ánimo, totalmente devorado polo pensamento de salvarse do inminente perigo.

Este infame crisol das verdades é un monumento, aínda existente, da antiga e salvaxe lexislación, cando se chamaban *xuízos* de Deus as probas do lume, da auga quente e a incerta sorte das armas, como se os elos da eterna cadea, que está no seo da Primeira Causa, debesen a cada momento desordenarse e desconectarse polas frívolas decisións humanas. A soa diferenza que hai entre a tortura e as probas do lume e da auga quente, é que o éxito da primeira depende da vontade do reo, e das segundas dun feito puramente físico e extrínseco: con todo, esta diferenza é só aparente e non real. Tan pouca liberdade hai agora entre tormentos e suplicios, como había entón para impedir sen fraude os efectos do lume e da auga quente. Todo acto da nosa vontade sempre está proporcionado á forza das impresións sensibles, que é o seu manancial; e a sensibilidade de cada home é limitada. Por conseguinte, a impresión da dor pode medrar en tal extremo que, ocupándoa toda, non deixe outra liberdade ao torturado que a de escoller o camiño máis curto, de momento, para subtraerse á pena. Entón a resposta do reo é tan inevitable como as impresións do lume e da auga. Entón, o inocente sensible declararase reo, se cre con isto facer cesar o tormento. Toda diferenza entre inocentes e culpables desapa-

rece polo medio mesmo que se pretende utilizar para atopala. È superfluo dobrar a luz desa verdade citando os innumerables exemplos de inocentes que se confesaron reos polos tormentos da tortura: non hai nación, non hai época que non presente os seus, pero nin os homes cambian, nin sacan conclusións. Non hai home, se leva as súas ideas máis alá das necesidades da vida, que algunha vez non corra cara á natureza, que con secretas e confusas voces chámao a si; pero o costume, tirano das mentes, rexéitao e espántao. O resultado, pois, da tortura é un asunto de temperamento e de cálculo, que varía en cada home en proporción á súa robustez e a súa sensibilidade, tanto que, con este método, un matemático desataría mellor ca un xuíz este problema: dada a forza dos músculos e a sensibilidade das fibras dun inocente, determinar o grao de dor que o faga confesarse reo dun determinado delito.

O interrogatorio dun reo está feito para coñecer a verdade, pero se esta verdade descóbrese dificilmente polo porte, polos xestos, ou pola fisionomía dun home tranquilo, moito menos se descubrira nun home a quen as convulsións da dor alteran todos os sinais, por onde, aínda ao seu pesar, sae ao rostro da maior parte dos home a verdade mesma. Cada acción violenta confunde e fai desaparecer as pequenas diferenzas dos obxectos polas que, ás veces, distínguese o verdadeiro do falso.

Estas verdades coñecíanas os lexisladores romanos, que non utilizaban ningún tipo de tortura, senón cos escravos, aos que se lles quitaba todo dereito persoal. Estas coñecíanas en Inglaterra, nación onde a gloria das letras, a superioridade do comercio e das riquezas, e, xa que logo, do poder, e os exemplos de virtude e do valor, non deixan dubidar da bondade das leis. A tortura foi abolida en Suecia: foi abolida por un dos monarcas máis sabios de Europa, que, levando a filosofía ao trono, como lexislador amigo dos seus súbditos, fíxoos iguais e libres na dependencia das leis, que é a soa igualdade e liberdade que poden esixir os homes racionais nas presentes circunstancias.

A tortura non se estima necesaria para as leis dos exércitos, formados maioritariamente pola escoura das nacións, e que, por este motivo, parece que deberían usala máis ca noutros estamentos. Cousa estraña, para quen considere que grande é a tiranía do costume, que as pacíficas leis deban aprender o método máis humano de xulgar dos ánimos endurecidos polas masacres e polo sangue.

Esta verdade, finalmente, coñeceuse, aínda que de xeito confuso, polos mesmos que se afastan dela. Non vale a confesión ditada durante a tortura, se non está confirmada cun xuramento despois que esta cese; pero se o reo non confirma o delito, tortúrase outra vez. Algúns doutores e algunhas nacións non permiten esta infame petición de principio máis que tres veces; outras nacións e outros doutores déixana ao arbitrio do xuíz: de xeito que de dous homes igualmente inocentes ou igualmente culpables, o forte e valente será absolto, o débil e asustadizo condenado, en base a este razoamento: *Eu, xuíz, debía atoparvos reos dun delito; ti, forte, soubeches resistir á dor, e entón, absólvote; ti, débil, cediches, e entón, condénote. Sei que a confesión que che arranquei entre os tormentos non tería forza algunha, pero eu atormentareite outra vez, se non confirmas o que confesaches.*

Unha estraña consecuencia que necesariamente procede do uso da tortura é que o inocente está nunha condición peor ca un reo; porque, se se torturan a ambos os dous, o primeiro ten todas as circunstancias contrarias, porque ou confesa o delito, e é condenado, ou é declarado inocente, e sufriu unha pena indebida. En cambio, o reo ten unha condición favorable para si, é dicir, cando, resistindo á tortura con firmeza, debe ser absolto como inocente: así cambiou unha pena maior por unha menor. Xa que logo, o inocente só pode perder e o culpable só pode gañar.

A lei que ordena a tortura é unha lei que di: *Homes, resistide á dor; e se a natureza creou en vos un inextinguible amor propio, se vos deu un inalienable dereito a defendervos, eu creo que en*

*vós hai un sentimento contrario, é dicir un heroico odio a vós mesmos, e ordénovos que vos acusedes, dicindo a verdade, aínda que vos desarticulen os músculos e vos disloquen os ósos.*

Úsase a tortura para descubrir se o reo o é por outros delitos, o que equivale a este razoamento: *Ti es reo dun delito, xa que logo é posible que o sexas doutros centos; esta dúbida pésame, quero comprobala co meu criterio de verdade: as leis, pois, atormentante porque es reo, porque podes ser reo e porque quero que o sexas.*

Finalmente, a tortura úsase cun acusado para descubrir aos cómplices do seu delito: pero se está demostrado que non é un medio eficaz para descubrir a verdade, como poderá servir para pescudar aos cómplices, que é unha das verdades para descubrirse? Como se o home que se acusa a si mesmo, non acusase máis facilmente aos demais. É xusto atormentar aos homes por delitos alleos? Non se descubrirán os cómplices polo interrogatorio das testemuñas, polo exame do reo, polas probas e polo corpo do delito, en suma, por todos aqueles medios mesmos que deben servir para certificar o delito do acusado? Os cómplices, polo ordinario, foxen inmediatamente despois da captura do compañeiro; a incerteza da súa sorte condénaos por si mesma ao exilio, liberando a nación do perigo de novas ofensas, mentres que a pena do reo arrestado obtén o seu único fin, é dicir, afastar co terror aos outros homes dun delito semellante.

## **Capítulo XVII**

### *Do fisco*

Houbo un tempo no que case todas as penas eran pecuniarias. Os delitos dos homes eran o patrimonio do príncipe. Os atentados contra a seguridade pública eran un obxecto de lucro. Quen estaba chamado a defendela tiña interese en que fose ofendida. O obxecto das penas era, pois, un litixio entre o fisco (o exactor destas penas) e o reo: un asunto civil, contencioso, privado máis

que público, que daba ao fisco outros dereitos que os subministrados pola defensa pública, e ao reo outros agravios que aqueles onde caíra pola necesidade do exemplo. O xuíz era, xa que logo, un avogado do fisco, máis que un indiferente investigador da verdade; un axente do erario fiscal, en lugar de ser o protector e o ministro das leis. Pero, como neste sistema o confesarse reo dun delito era confesarse debedor diante do fisco, o que era o fin dos procedementos criminais de entón, a confesión do delito, confesión combinada de xeito que favorecese e non prexudicase aos dereitos fiscais, veu sendo, e aínda é (os efectos continúan sempre moitísimo despois das causas) o centro arredor do cal xiran todos os dereitos criminais. Sen ela, un reo convicto por probas indubidables terá unha pena menor que a establecida; sen ela, non sufrirá a tortura por outros delitos da mesma especie que puidera haber cometido. Con ela, o xuíz apodérase do corpo dun reo e aflíxeo con metódicas formalidades, para sacar del, como dun fondo adquirido, todo o proveito que sexa posible. Probada a existencia do delito, a confesión constitúe unha proba convincente, e para facer esta proba menos sospeitosa, coa forza, entre os espasmos e a desesperación da dor, esíxese no mesmo momento que unha confesión extraxudicial, tranquila e indiferente, sen os prepotentes temores dun xuízo tormentoso, non basta para a condena. Exclúense as investigacións e as probas que poderían esclarecer o feito, pero que debilitarían os dereitos do fisco: non é en favor da miseria e da debilidade que se aforran, ás veces, os tormentos aos reos, senón en prol dos dereitos que puidera perder esa entidade, hoxe imaxinario e inconcibible. O xuíz convértese en inimigo do reo, dun home encadeado, dado como presa á sordidez, aos tormentos, e ao máis terrible porvir; non pescuda a verdade do feito, senón que busca no prisioneiro o delito, e engánao, e, se non o consegue, cre perder e sufrir menoscabo naquela infalibilidade que o home se atribúe en todas as cousas. Os indicios para a captura están nas mans do xuíz; para que un se probe inocente, debe

ser antes declarado reo: isto chámanse un *proceso ofensivo*, e tales son case en todos os lugares da ilustrada Europa, no século décimo oitavo, os procedementos criminais. O verdadeiro proceso, o *informativo*, é dicir, a investigación indiferente do feito, o que a razón manda, o que as leis militares adoptan, usado polo mesmo despotismo asiático nos casos tranquilos e indiferentes, é de escasísimo uso nos tribunais europeos. Qué labirinto complicado de estraños absurdos, increíbles sen dúbida para a posteridade máis feliz! Só os filósofos daquel tempo lerán na natureza do home a posible verificación de tal sistema.

## Capítulo XVIII

### *Dos xuramentos*

Unha contradición entre as leis e os sentimentos naturais ao home, nace dos xuramentos que se esixen do reo, para que sexa un home veraz, cando ten o máximo interese en ser falso: como se o home puidera xurar realmente para destruírse a si mesmo e como se a relixión non calase, na maior parte dos homes, cando fala o interese. A experiencia de todos os séculos demostrou que eles abusaron, máis que de ningunha outra cousa, deste precioso don do Ceo. E por qué motivo deberán de respectala os criminais, se os homes considerados como os máis sabios violárona máis a miúdo? Demasiado débiles, porque demasiado afastados dos sentidos, son para a maioría os motivos que a relixión opón á perturbación do temor e ao amor á vida. Os asuntos do Ceo réxense por leis totalmente distintas das que rexen os asuntos humanos. E para qué comprometer os uns cos outros? E para qué poñer ao home na terrible disxuntiva, ou de ofender a Deus ou de contribuír á propia ruína? Deste xeito, a lei, que obriga a semellante xuramento, manda ser mal cristián ou ser mártir. O xuramento convértese pouco a pouco nunha simple formalidade, destruíndose, desta forma, a forza dos sentimentos relixiosos, única garantía de honestidade na maior

parte dos homes. Que os xuramentos son inútiles demostrouno a experiencia, pois calquera xuíz pódeme ser testemuña de que ningún xuramento fixo xamais dicir a verdade a ningún reo: demostrouno a razón, que declara inútiles, e por conseguinte daniñas, todas as leis que se opoñan aos sentimentos naturais do home. Acaécelles a elas o que aos diques directamente opostos á corrente dun río: ou son inmediatamente abatidos e desbordados, ou un remuíño, formado por eles mesmos, corróeos e mínaos insensiblemente.

## Capítulo XIX

### *Prontitude da pena*

Canto máis pronta e próxima sexa a pena ao delito cometido, tanto máis xusta e máis proveitosa será. Digo máis xusta, porque aforra ao reo os inútiles e ferozes tormentos da incerteza, que medran coa forza da imaxinación e co sentimento da propia debilidade; máis xusta, porque sendo a privación da liberdade unha pena, non pode preceder a sentenza senón en canto a necesidade o esixa. O cárcere, xa que logo, é unha simple custodia dun cidadán ata que sexa xulgado reo; e esta custodia, sendo especialmente penosa, debe durar o menor tempo posible, e debe ser o menos dura posible. O menor tempo débese medrar xa pola necesaria duración do proceso, xa pola antigüidade de quen antes ten un dereito a ser xulgado. A dureza do cárcere non pode ser máis ca necesaria, ben para impedir a fuga, ben para que non se oculten as probas dos delitos. O mesmo proceso debe terminarse no menor tempo posible. Qué contraste máis cruel que o da indolencia dun xuíz e as angustias do reo? As comodidades e os praceres dun insensible maxistrado por unha banda, e pola outra as lágrimas, a miseria dun prisioneiro? Polo xeral, o peso da pena e a consecuencia dun delito debe ser o máis eficaz para os demais e o menos dura para quen a sofre: pois, non se pode chamar sociedade lexítima a aquela en que

non sexa principio infalible que os homes se quixeron someter aos menores males posibles.

Dixen que a prontitude das penas é máis útil, porque canto menor é a distancia de tempo que transcorre entre a pena e o crime, tanto máis forte e duradeira será no ánimo do home a asociación destas dúas ideas, *delito* e *pena*, ata ao punto de que insensiblemente se considerarán a unha como causa e a outra come efecto necesario e ineludible. Está demostrado que a asociación de ideas é o cemento que forma toda a estrutura do intelecto humano, sen o cal o pracer e a dor serían sentimentos illados e de ningún efecto. Canto máis se afastan os home das ideas xerais e dos principios universais, é dicir, canto máis son vulgares, tanto máis obran polas inmediatas e máis próximas asociacións, descoidando as máis remotas e complicadas, que só serven para os homes fortemente apaixonados polo obxecto ao que tenden; posto que a luz da atención ilumina soamente un obxecto, deixando aos demais na escuridade. Serven igualmente ás mentes máis elevadas, porque adquiriron o hábito de correr rapidamente sobre moitos obxectos á vez, e teñen a facilidade de contrastar entre si moitos sentimentos parciais, de maneira que o resultado, que é a acción, sexa menos perigoso e incerto.

É, pois, da maior importancia a proximidade do delito e da pena se se quere que nas rudas mentes vulgares, coa sedutora pintura dun delito vantaxoso se perciba inmediatamente a idea asociada da pena, O longo atraso non produce outro efecto que o de separar cada vez máis estas dúas ideas; e aínda que produza impresión o castigo dun delito, faino menos como castigo que como espectáculo, e non o fai senón despois de debilitado nos ánimos dos espectadores o horror dun tal delito particular, que serviría para reforzar o sentimento da pena.

Outro principio serve marabillosamente para estreitar cada vez máis a importante conexión entre o crime e a pena: que esta sexa o máis conforme posible á natureza do delito. Esta analoxía facilita admirablemente o contraste que debe existir entre a propensión ao delito e a repercusión da pena, é dicir,



que esta afaste e conduza o ánimo a un fin oposto ao que trata de encamiñalo a sedutora idea da infracción da lei.

## Capítulo XX

### *Violencias*

Uns delitos son atentados contra a persoa, outros sono contra os bens. Os primeiros deben ser castigados infaliblemente con penas corporais: nin o nobre, nin o rico deben poder extinguir con penas pecuniarias os atentados contra o débil e o pobre: polo contrario, as riquezas, que baixo a tutela das leis son o premio da industria, convértense en sustento da tiranía. Non hai liberdade toda vez que as leis permitan que en determinadas circunstancias o home deixe de ser *persoa* e se converta en *cousa*: veredes entón a industria do poderoso totalmente dirixida a facer saír das moitas combinacións civís aquelas que a lei lle dea no seu favor. Este descubrimento é o secreto máxico que transforma aos cidadáns en animais de servizo, que, en man do forte, é a cadea con que se escraviza as accións dos incautos e dos débiles. Esta é a razón pola que nalgúns gobernos, que teñen toda a aparencia de liberdade, escóndese a tiranía, ou introdúcese nalgún recuncho esquecido polo lexislador, onde insensiblemente adquire forza e medra. Os homes poñen polo común os diques máis sólidos contra a aberta tiranía, pero non ven o insecto imperceptible que os roe e abre un camiño tanto máis seguro canto máis oculto ao río que inunda.

## Capítulo XXI

### *Penas dos nobres*

Cales serán, xa que logo, as penas debidas aos delitos dos nobres, cuxos privilexios forman gran parte das leis das nacións? Eu aquí non examinarei se esta distinción hereditaria entre nobres e plebeos é útil ou non a un goberno, ou necesaria á monarquía; se é verdadeiro que represente un poder intermedio, que limita

os excesos dos dous extremos, ou non forme máis ben unha clase que, escrava de si mesma e dos demais, reclúe toda circulación de crédito e de esperanza nun estreitísimo círculo, semellante a aqueles fecundos e amenos oasis que destacan nos areosos e vastos desertos de Arabia; e que —aínda supoñendo como verdade que a desigualdade sexa inevitable ou útil na sociedade— sexa igualmente verdadeiro que deba consistir máis ben nas clases que nos individuos; deterse nunha parte, en lugar de circular por todo o corpo político; perpetuarse, en lugar de nacer e destruírse incesantemente. Eu limitareime só ás penas debidas a esta clase, afirmando que deben ser as mesmas para o primeiro e para o último dos cidadáns. Cada distinción tanto nos honores, como nas riquezas, para que resulte lexítima, supón unha anterior igualdade fundada nas leis, que consideren a todos os súbditos como igualmente dependentes delas. É de supor que os homes que renunciaron ao seu natural despotismo dixeron: *Quen sexa máis industrioso, teña maiores honores e a súa fama resplandeza nos seus descendentes; e quen sexa máis feliz ou teña máis honores, espere máis, pero non tema menos que os demais se viola os pactos grazas aos que foi elevado sobre os outros.* É verdade que tales decretos non emanaron dunha asemblea, pero tales decretos existen nas relacións inmóbiles das cousas; non destrúen as vantaxes que se supoñen produtos da nobreza, e impiden os seus inconvenientes; fan temibles as leis, cerrando todo acceso á impunidad. A quen diga que a mesma pena imposta ao nobre e ao plebeo non é realmente a mesma pola diversidade de educación, pola infamia que se estende sobre unha familia ilustre, contestaría que a sensibilidade do reo non é a medida das penas, senón o dano público, tanto maior canto sexa máis favorecido o que o produce; que a igualdade das penas non pode ser máis que extrínseca, sendo realmente diversa en cada un dos individuos; que a infamia dunha familia pode quitala un soberano con demostracións públicas de benevolencia á inocente familia do reo. E quen non sabe que as formalidades sensibles serven de razón ao pobo crédulo e admirador?

## Capítulo XXII

### *Furtos*

Os furtos que non levan unida a violencia deberían ser castigados con pena pecuniaria. Quen trata de enriquecerse cos bens alleos, debería ser empobrecido dos seus. Pero, como isto non é máis usual que o delito da miseria e a desesperación, o delito daquela desgraciada parte dos homes a quen o dereito de propiedade (terrible, e acaso non necesario dereito) non lles deixou máis que unha núa existencia; e como as penas aumentan o número dos reos máis que o dos delitos e quitan o pan aos inocentes por quitarllo aos criminais, a pena máis oportuna será o único tipo de escravitude que se poida chamar xusta: a escravitude por un tempo das obras e das persoas á sociedade común, co fin de resarcila coa propia e perfecta dependencia do inxusto despotismo usurpado sobre o pacto social. Pero cando o furto leva consigo violencia, a pena debe ser igualmente unha mestura de corporal e servil. Outros escritores, antes que eu, demostraron a evidente desorde que nace de non distinguir as penas dos furtos violentos das dos furtos non violentos, facendo a absurda ecuación dunha inxente suma de diñeiro coa vida dun home: pero nunca é dabondo repetir o que case nunca se levou á práctica. As maquinas políticas conservan como ningunha outra o primeiro movemento concibido, e son as máis lentas en adquirir outro novo. Estes delitos son de distinta natureza, e é certo tamén en política aquel axioma matemático de que entre as cantidades heteroxéneas hai un infinito que as separa.

## Capítulo XXIII

### *Infamias*

As injurias persoais e contrarias ao honor, é dicir, a aquela xusta porción de sufraxios que un cidadán ten o dereito de esixir dos demais, deben ser castigadas coa infamia. Esta infamia é un signo da pública desaprobación, que priva o reo dos votos públicos, da

confianza da patria e daquela case fraternidade que a sociedade inspira. Non está no arbitrio da lei. Cómpre, pois, que a infamia que a lei inflixe, sexa a mesma que nace das relacións entre as cousas; a mesma que inspiran a moral universal ou a particular dependente dos sistemas particulares, lexisladores das opinións vulgares, e de tal nación. Se unha é diferente da outra, ou a lei perde a veneración pública ou as ideas da moral e da probidade desvanécense, a pesar das declamacións, que nunca resisten aos exemplos. Quen declara infames accións en si indiferentes, diminúe a infamia das accións que sexan realmente tales.

As penas corporais e dolorosas non deben aplicarse aos delitos que, fundados no orgullo, sacan da dor a mesma gloria e azo, e aos cales conveñen máis ben o ridículo e a infamia: penas que frean o orgullo dos fanáticos co orgullo dos espectadores, e coa tenacidade das cales apenas con lentos e obstinados esforzos se libera a verdade. Así, opoñendo forzas a forzas e opinións a opinións, o prudente lexislador quebra a admiración e a sorpresa do pobo, ocasionada por un falso principio, cuxas consecuencias, aínda que ben deducidas, adoitan velar ao vulgo o que na súa orixe teñen de absurdo.

Este é o xeito de non confundir as relacións e a natureza invariable das cousas, que, non estando limitado polo tempo e non obrando incesantemente, confunde e desenvolve todos os limitados regulamentos que dela se separan. Non son só as artes do gusto e do pracer as que teñen por principio universal a imitación fiel da natureza, senón que a política mesma, polo menos a verdadeira e persistente, está suxeita a este principio xeral, xa que ela non é máis que a arte de dirixir e encarrilar os sentimentos inmutables dos homes.

## Capítulo XXIV

### *Ociosidade*

Quen perturba a tranquilidade pública, quen non obedece ás leis, é dicir, ás condicións cas cales os homes se soportan e se de-

fenden reciprocamente, debe ser excluído da sociedade, é dicir, debe ser desterrado. Esta é a razón pola que os sabios gobernos non toleran, no seo do traballo e da laboriosidade, aquel xénero de ociosidade política, que foi confundido polos austeros declamadores co ocio das riquezas acumuladas pola industria, ocio necesario e útil na medida que a sociedade se dilata e a administración se restrinxe. Eu chamo ociosidade política o que non contribúe á sociedade nin co traballo nin coa riqueza; que adquire sen perder xamais; que, venerado polo vulgo con estúpida admiración, é contemplado polo sabio con desdeñosa compaixón para os seres que son a súas vítimas; que, privado do estímulo da vida activa —que é a necesidade de custodiar e aumentar as comodidades da vida—, deixa ás paixóns das opinións, que non son as menos fortes, toda a súa enerxía. Non é ocioso politicamente quen goza dos froitos dos vicios e das virtudes dos seus antepasados, ou vende por praceres actuais o pan e o sustento á industriosa pobreza; quen exerce en paz a guerra tácita de industria coa opulencia, en lugar da incerta e sanguenta coa forza. Con todo, non a austera e limitada virtude dalgúns censores, senón as leis deben definir cal sexa o ocio digno de castigarse.

Parece que o desterro debería ser imposto aos que, acusados dun delito atroz, teñen unha gran probabilidade, pero non a certeza, de ser reos; pero para facer isto, cómpre un estatuto o menos arbitrario e o máis preciso que sexa posible, que condene ao desterro a quen puxera á nación na fatal alternativa ou de temelo a el ou de ofendelo, deixándolle, porén, o sagrado dereito de probar a súa inocencia. Maiores, pois, deberían ser os indicios contra un nacional que contra un estranxeiro; contra un inculpado por primeira vez, que contra quen o foi varias veces.

## Capítulo XXV

### *Desterros e confiscacións*

Con todo, a quen se desterra e se exclúe para sempre da sociedade, debe ser privado tamén dos seus bens? Esta cuestión é sus-

ceptible de distintos aspectos. O feito de perder os bens é unha pena maior que a do desterro: ten que haber, polo tanto, casos en que, proporcionalmente aos delitos, estea a perda de todos os bens ou de parte deles, e casos nos que non se aplique esta pena. Na perda da totalidade incorrerase cando o desterro intimado pola lei sexa tal, que anule todas as relacións existentes entre a sociedade e un cidadán delincuente: entón morre o cidadán e queda o home, e o respecto ao corpo político debe producir o mesmo efecto que a morte natural. Parecería, pois, que os bens procedentes do reo deberían pasar aos seus lexítimos sucesores, máis ben que ao príncipe, posto que a morte e tal desterro son o mesmo respecto ao corpo político. Se algúns sostiveron que as confiscacións foron un freo ás vinganzas e prepotencias privadas, non reflexionan que, aínda que as penas produzan un ben, non sempre son xustas, porque para selo deben ser necesarias; e unha inútil inxustiza non pode ser tolerada polo lexislador que queira cerrar todas as portas ás vixiantes tiranías, que adula co ben momentáneo e coa felicidade dalgúns seres ilustres, desprezando o exterminio futuro e as lágrimas de infinitos seres escuros. As confiscacións poñen un prezo sobre as cabezas dos débiles, fan sufrir ao inocente a pena do culpable, e poñen a eses mesmos inocentes na desesperada necesidade de cometer novos delitos. Qué máis triste espectáculo que o dunha familia arrastrada á infamia e á miseria polos delitos do seu cabeza de familia, ao cal a submisión ordenada polas leis impediría previlos, aínda que existisen os medios para facelo!

## Capítulo XXVI

### *Do espírito de familia*

Estas funestas e autorizadas inxustizas foron aprobadas incluso polos homes máis ilustrados, e practicadas polas repúblicas máis liberais, por ter considerado á sociedade máis ben como unha unión de familias que como unha unión de homes.

Supoñamos cen mil homes, ou sexa vinte mil familias, cada unha delas composta por cinco persoas, incluíndo ao cabeza de familia que a representa: se a asociación está feita por familias, haberá vinte mil homes e oitenta mil escravos; si a asociación é de homes, haberá cen mil cidadáns e ningún escravo. No primeiro caso, haberá unha república e vinte mil pequenas monarquías que a compoñen; no segundo, o espírito republicano non soprará soamente nas prazas e nas asembleas da nación, senón tamén nos fogares domésticos, onde reside gran parte da felicidade ou da miseria dos homes. No primeiro caso, como as leis e os costumes son efectos dos sentimentos habituais dos membros da república, ou sexa dos cabezas de familia, o espírito monárquico introducirase pouco a pouco na mesma república, e os seus efectos só serán freados polos intereses opostos de cada un, pero non xa por un sentimento que inspire liberdade e igualdade. O espírito de familia é un espírito de detalle, limitado a feitos pequenos. O espírito regulador da república, dono dos principios xerais, ve os feitos e condénsaos nesas clases principais, importantes para o ben da maioría. Nas repúblicas de familias, os fillos continúan baixo a potestade do cabeza de familia mentres vive, e están obrigados a esperar a súa morte para ter unha existencia sometida soamente ás leis. Acostumados a someterse e a temer na idade nova e vigorosa, cando os sentimentos están menos modificados por aquel temor da experiencia que se chama moderación, cómo resistirán aos obstáculos que o vicio sempre pon á virtude na idade lánquida e decadente, na que tamén a desesperación de ver os seus froitos oponerse aos cambios vigorosos?

Cando a república é de homes, a familia non é unha subordinación de mando, senón de contrato; e os fillos, cando a idade os saca da dependencia natural, que é a da debilidade e necesidade de educación e defensa, pasan a ser membros libres da cidade, e sométense ao cabeza de familia, para participar das súas vantaxes, como os homes libres na grande sociedade.

No primeiro caso os fillos, é dicir, a parte máis numerosa e útil da nación, están á discreción dos pais; no segundo, non existe ningún outro vínculo de autoridade que o sacro e inviolable de subministrarse reciprocamente as axudas necesarias, e o da gratitude polos beneficios recibidos, que se destrúe non tanto pola malicia do corazón humano, canto por unha mal entendida submisión querida polas leis.

Estas contradicións entre as leis de familia e as fundamentais da república, son fontes fecundas doutras contradicións entre a moral doméstica e a moral pública, e, polo tanto, orixinan un conflito perpetuo no ánimo de cada un dos homes. A primeira inspira submisión e temor, a segunda valor e liberdade; aquela ensina a restrinxir a beneficencia a un pequeno número de persoas sen elección espontánea, esta a estendela a toda clase de homes; aquela manda un continuo sacrificio de si mesmo a un ídolo vano, que se chama *ben de familia*, e que moitas veces non é o ben de ninguén dos que a compoñen, esta ensina a servir ás súas propias vantaxes, sen ofender ás leis, ou incita a inmolarsse á patria co premio do fanatismo que prevén a acción. Tales contrastes fan que os homes rexeiten practicar a virtude, que atopan embarallada e confusa, e naquela distancia que nace da escuridade dos obxectos tanto físicos como morais. Cántas veces un home, volvendo a súa vista cara ás súas accións pasadas, queda atónito de atoparse deshonesto! A medida que a sociedade se multiplica, cada membro pasa a ser unha parte máis pequena da totalidade, e o sentimento republicano redúcese proporcionalmente, se as leis non coidan de reforzalo. As sociedades teñen, como os corpos humanos, os seus límites circunscritos, e se medran máis ca eles, a economía pertúrbase necesariamente. Parece que a masa dun estado debería estar en relación inversa á sensibilidade de quen o integra, polo contrario, ao creceren ambas as dúas, as boas leis atoparían, na prevención dos delitos, un obstáculo no mesmo ben que producen. Unha república demasiado extensa non se salva do des-



potismo, senón mediante a subdivisión e unión noutras tantas repúblicas federativas. Pero, cómo conseguilo? Por medio dun ditador despótico, que teña o valor de Sila, e tanto xenio para edificar como o tivo el para destruír. A un home semellante, que sexa ambicioso, espéralle a gloria de todos os séculos; se fose filósofo, as bendicións dos seus concidadáns consolarano da perda da autoridade, aínda cando non viñese a ser indiferente á súa ingratidade. A medida que os sentimentos que nos unen á nación debilítanse, refórzanse os sentimentos cara aos obxectos que nos rodean, e, polo tanto, baixo o máis forte despotismo, as amizades son máis duradeiras, e as virtudes sempre mediocres de familia son as máis comúns, ou máis ben, as únicas. Por aquí cada un pode ver que limitadas foron as miras da maior parte dos lexisladores.

## **Capítulo XXVII** *Suavidade das penas*

Con todo, o curso das miñas ideas sacoume fora do meu proxecto, a cuxa aclaración debo apresurarme. Un dos maiores freos dos delitos non é a crueldade das penas, senón a súa infalibilidade e, por conseguinte, a vixilancia dos maxistrados, e a severidade dun xuíz inexorable, que, para ser unha proveitosa virtude, debe ir acompañada dunha lexislación suave. A certeza dun castigo, aínda moderado, fará sempre unha maior impresión que o temor doutro máis terrible unido á esperanza da impunidade; pois os males, aínda mínimos, cando son certos, asustan sempre os ánimos humanos, e a esperanza, don celestial que frecuentemente é o único que nos queda, afasta sempre a idea dos males maiores, principalmente cando a impunidade, que a avaricia<sup>27</sup> e a debilidade outorgan a miúdo, aumente a súa forza. A mesma atrocidade da pena fai que se poña tanto máis

---

<sup>27</sup> É dicir, a cobiza dos xuíces que se deixan corromper. (N. do T.)

esforzo en esquivala, canto máis grande sexa o mal que se vai afrontar; fai que se cometan máis delitos, para evitar a pena dun só. Os países e tempos dos máis atroces castigos, sempre foron os das máis sanguinarias e inhumanas accións, porque o mesmo espírito da ferocidade, que guiaba a man do lexislador, rexía a do parricida e a do sicario. Sentado no trono ditaba leis de ferro para almas atroces de escravos, que obedecían; na privada escuridade incita a sacrificar tiranos para crear outros novos.

A medida que os suplicios se fan máis crueis, os ánimos humanos, que como os fluídos sempre se poñen ao nivel dos obxectos que os rodean, encalécense; e a forza sempre viva das paixóns fai que, despois de cen anos de crueis suplicios, a roda<sup>28</sup> asuste exactamente o mesmo que asustaba antes a prisión. Para que unha pena consiga o seu efecto, basta que o mal da pena supere o ben que nace do delito; e neste exceso de mal debe calcularse a infalibilidade da pena e a perda do ben que o delito produciría. Todo o demais é, pois, superfluo e, polo mesmo, tiránico. Os homes réxense pola reiterada acción dos males que coñecen, e non polos que ignoran. Supóñanse dúas nacións, nunha das cales, na escala das penas proporcionada á escala dos delitos, a pena maior sexa a escravitude perpetua, e na outra séxao a roda; eu digo que a primeira terá tanto temor da súa maior pena como a segunda; e se hai unha razón para transportar á primeira as penas maiores da segunda, a mesma razón servirá para aumentar as penas desta última, pasando insensiblemente da roda aos tormentos máis lentos e rebuscados, e ata aos derradeiros refinamentos da ciencia, demasiado coñecida polos tiranos.

Dúas funestas consecuencias máis proceden da crueldade das paixóns, contrarias ao fin mesmo de previr os delitos. A primeira é que non é tan doado gardar a proporción esencial entre o delito e a pena, pois, por máis que unha industriosa crueldade

---

<sup>28</sup> A roda era o suplicio destinado aos delitos máis graves. O condenado era atado sobre unha roda fixada horizontalmente enriba dun pau, e alí, despois de romperlle os brazos e as pernas, era abandonado para sufrir unha morte lenta e atroz. (N. do T.)

teña variado moitísimo as súas especies, tampouco estas poden exceder a última forza á que están limitados a organización e a sensibilidade humanas. Unha vez chegado a este extremo, non se atoparía para os delitos máis daniños e atroces unha pena maior correspondente, como sería preciso, para previlos. A outra consecuencia é que a impunidade mesma nace da atrocidade dos suplicios. Os homes están encerrados entre certos límites, tanto para o ben como para o mal, e un espectáculo demasiado atroz só pode ser un pasaxeiro furor, nunca un sistema constante, como deben ser as leis, que, se realmente son crueis, ou se cambian, ou a impunidade fatal nace delas.

Quén, lendo a historia, non se arrepiña de horror diante dos bárbaros e inútiles tormentos que homes —que se chamaban sabios— inventaron e executaron con frialdade? A quen non lle treme toda a fibra máis sensible, vendo a milleiros de infelices que a miseria —querida ou tolerada polas leis, que sempre favoreceron á minoría e aldraxaron á maioría— induciu a un desesperado retorno ao primitivo estado de natureza; ou acusados de delitos imposibles e creados pola tímida ignorancia<sup>29</sup>; ou reos soamente de manterse fieis aos seus propios principios, por homes dotados dos mesmos sentimentos e, por conseguinte, das mesmas paixóns, esnaquizados con estudadas formalidades e lentas torturas, convertidos en gozoso espectáculo dunha multitude fanática?

## Capítulo XXVIII

### *Da pena de morte*

Esta inútil prodigalidade de suplicios, que xamais mellorou aos homes, induciume a analizar se a morte é verdadeiramente útil e xusta nun goberno ben organizado. Cál pode ser o dereito que se atribúen os homes de masacrar aos seus semellantes? Certamente non aquel do que resulta a soberanía e as leis.

---

<sup>29</sup> É unha referencia ás acusacións por maxia e bruxería . (N. do T.)

Estas non son máis que unha suma de mínimas porcións da privada liberdade de cada un: representan a vontade xeral, que é o agregado das particulares. Quen algunha vez quixo deixar a outros homes ao arbitrio de matalo? Como pode estar no mínimo sacrificio da liberdade de cada un o do maior de todos os bens, que é a vida? E se iso se fixou, como se harmoniza tal principio co de que o home non é dono de matarse se debía de selo se puido conceder a outros, ou á sociedade enteira, ese dereito?

Non é, xa que logo, a pena de morte un *dereito*, xa que demostrarei que non pode selo; mais é unha guerra da nación cun cidadán, porque xulga necesaria ou útil a destrución do seu ser. Pero se demostrara que a morte non é nin útil nin necesaria, ganarei a causa da humanidade.

A morte dun cidadán non se pode crer necesaria máis que por dous motivos. O primeiro, cando, aínda privado de liberdade, teña tales relacións e tal poder que interese á seguridade da nación; cando a súa existencia poida producir unha revolución perigosa na forma de goberno establecida. A morte dun cidadán, pois, faise necesaria cando a nación recupera ou perde a súa liberdade, ou no tempo da anarquía, cando os mesmos desordes substitúen as leis; pero durante o tranquilo reinado das leis, nunha forma de goberno pola que os votos da nación estean reunidos, ben provista cara ao exterior e no seu interior da forza e da opinión, máis eficaz acaso ca forza mesma; onde o mando non está máis que no verdadeiro soberano; onde as riquezas merquen praceres e non autoridade, eu non vexo ningunha necesidade de destruír a un cidadán, senón cando a súa morte fose o verdadeiro e único freo para afastar aos demais de cometer delitos: segundo motivo polo que pódese crer xusta e necesaria a pena de morte.

Se a experiencia de todos os séculos, no que o último supplicio non apartou nunca a determinados homes de ofender á sociedade; se o exemplo dos cidadáns romanos, ou vinte anos

de reinado da emperatriz Isabel de Moscú<sup>30</sup>, nos cales deu aos pais dos pobos aquel ilustre exemplo que equivale polo menos a moitas conquistas mercadas co sangue dos fillos da patria, non persuadirán aos homes, aos que é sempre sospeitoso a linguaxe da razón e eficaz o da autoridade, é suficiente consultar a natureza do home para oír a verdade da miña afirmación.

Non é a intensidade da pena a que produce o maior efecto no ánimo do home, senón a súa extensión, pois a nosa sensibilidade móvese máis facilmente e permanentemente por mínimas, pero reiteradas impresións, que por un impulso forte, pero pasaxeiro. O imperio da costume é universal sobre todo ser que sente; e como o home aprende a falar, a camiñar e a proverse das súas necesidades grazas a ela, así tamén as ideas morais non se imprimen na mente máis que por medio de duradeiros e reiterados golpes. Non é o terrible pero pasaxeiro espectáculo da morte dun criminal, senón o longo e mísero exemplo dun home privado da liberdade —que, convertido nunha besta de servizo, recompensa coas súas fatigas aquela sociedade que ofendeu—, o que constitúe o freo máis poderoso contra os delitos. Esa eficaz, porque moi a miúdo repetida a nós mesmos, cantilena: *Eu mesmo vereime reducido a tan prolongada e mísera condición, se cometo iguais crimes*, é máis poderosa que a idea da morte, que os homes ven sempre nunha escura distancia.

A pena de morte fai unha impresión que coa súa forza non substitúe un rápido esquecemento, natural no home aínda nas cousas máis esenciais, e acelerado polas paixóns. Regra xeral: as paixóns violentas sorprenden aos homes, pero non por un longo tempo e, polo tanto, serven para facer as revolucións que fan dos homes comúns ou lacedemonios<sup>31</sup>: pero, nun

---

<sup>30</sup> Isabel Petrovna (1709-61), con dous decretos do 18 de xuño de 1753 e do 30 de setembro de 1754, aboliu a pena de morte, aínda que substituída por penas moi crueis que levaban a miúdo á morte. (N. do T.)

<sup>31</sup> Modelos de homes escravos e viciosos os primeiros, valentes e libres os segundos. (N. do T.)

libre e tranquilo goberno as impresións deben ser máis frecuentes que fortes.

A pena de morte convértese nun espectáculo para a maioría e, para algúns, un obxecto de compaixón visto con indignación; ambos sentimentos ocupan máis o ánimo dos espectadores que o saudable terror que a lei pretende inspirar. Pero nas penas moderadas e continuadas o sentimento predominante é o último, porque é o único. O límite que o lexislador debería fixar ao rigor das penas parece consistir no sentimento de compaixón, cando comeza a prevalecer sobre todos os demais no ánimo dos espectadores dun suplicio que se impón máis por eles que polo reo.

Para que unha pena sexa xusta non debe ter máis cós graos de intensidade suficientes para apartar aos homes dos delitos. Agora ben, non hai ninguén que, se reflexiona, poida elixir a total e perpetua perda da propia liberdade, por máis vantaxoso que poida ser un delito: por conseguinte, a intensidade da pena de escravitude perpetua, en substitución da pena de morte, ten o que basta para disuadir a calquera ánimo determinado. E engado que hai máis. Moitísimos miran a morte con rostro sereno e firme; quen por fanatismo; quen por vaidade, que case sempre acompaña ao home máis alá da tumba; quen por un último e desesperado intento de non vivir ou de saír da miseria: pero nin o fanatismo nin a vaidade continúan entre os grillóns e as cadeas, baixo o pau, o xugo ou nunha gaiola de ferro, onde o desesperado non termina os seus males, senón que os comeza. O noso ánimo resiste máis á violencia e ás extremas pero pasaxei-ras dores que ao tempo e a incesante molestia, xa que pode, por así dicilo, condensarse todo nun momento para rexeitar as primeiras, pero a súa vigorosa elasticidade non é suficiente para resistir a longa e reiterada acción dos segundos. Coa pena de morte, cada exemplo que se da á nación supón un delito; na pena de escravitude perpetua un só delito da moitísimos e duradeiros exemplos; e se é importante que os homes vexan a miúdo o poder das leis, as penas de morte non deben ser moi afastadas

entre si; supoñen, por conseguinte, a frecuencia dos delitos, e, polo tanto, para que ese suplicio sexa proveitoso, cómpre que non exerza sobre os homes toda a impresión que puidera producir, é dicir, que sexa útil e non útil ao mesmo tempo. A quen diga que a escravitude perpetua é tan dolorosa como a morte e, xa que logo, igualmente cruel, contestareille que, sumando todos os momentos desgraciados da escravitude, o será acaso máis, pero eses momentos están repartidos ao longo de toda a vida, mentres aquela exerce todo o seu poder nun só momento. É esta a vantaxe da pena de escravitude, que asusta máis a quen a ve que a quen a padece: pois aquel considera toda a suma dos momentos desgraciados e este distráese da infelicidade futura coa infelicidade do momento presente. Todos os males medran na imaxinación, e o que sofre atopa compensacións e alivio non coñecidos nin esperados polos espectadores, que substitúen a súa propia sensibilidade á do ánimo endurecido do infeliz.

Este é aproximadamente o razoamento dun ladrón ou asasino, que non ten outro contrapeso para non violar as leis que a forza ou a roda. Xa sei eu que o expresar os sentimentos do ánimo é un arte que se aprende coa educación, pero porque un ladrón non saiba expresar ben os seus principios, non por iso estes deixan de actuar nel: *Cales son esas leis que eu debo respectar, e que unha separación tan grande interpoñen entre o rico e eu? El négame un céntimo que lle pido, e escúsase encomendándose un traballo que non coñece. Quén fixo esas leis? Homes ricos e poderosos, que xamais se dignaron a visitar as tristes chozas do pobre, que nunca compartiron un pan amofado entre os gritos dos fillos famentos e as lágrimas da muller. Rompamos eses lazos, fatais para a maior parte e proveitosos para uns poucos e indolentes tiranos, ataquemos a inxustiza na súa fonte! Volverei ao meu estado de independencia natural, vivirei libre e feliz por algún tempo cos froitos do meu valor e da miña laboriosidade; tal vez chegue o día da dor e do arrepentimento: pero será breve ese tempo, e terei un día de pena a cambio de moitos anos de*

*liberdade e praceres. Rei de poucos homes, corruxirei os erros da fortuna, e verei a eses tiranos palidecer e tremer diante do que, con insultante arrogancia, pospoñían aos seus cabalos e cans.* Entón a relixión asómase a mente do criminal que abusa de todo, e, presentándolle un fácil arrepentimento e unha case certeza de eterna felicidade, diminúe en gran medida o horror daquela última traxedia.

Pero quen ve diante dos ollos un gran número de anos, ou incluso todo o curso da súa vida, que tería que pasar na escravitude e na dor á vista dos seus concidadáns, cos que vive libre e sociable agora, escravo daquelas leis polas cales antes estaba protexido, compara con proveito todo iso coa incerteza do éxito dos seus delitos, coa brevidade de tempo na que gozaría dos seus froitos. O exemplo continuado daqueles que ve actualmente vítimas do seu descoido, prodúcelle unha impresión moito máis forte que o espectáculo dun suplicio que, máis que corruxilo, endurece.

Non é útil a pena de morte polo exemplo de atrocidade que ofrece aos homes. Se as paixóns ou a necesidade da guerra ensinaron a verter o sangue humano, as leis, moderadoras da conduta humana dos homes, non deberían aumentar o exemplo feroz, tanto máis funesto xa que a morte se da con estudo e formalidade. Paréceme absurdo que as leis, que son a expresión da pública vontade, que detestan e castigan o asasinato, o cometan elas mesmas, e para afastar aos cidadáns do asasinato, ordenen elas mesmas un asasinato público. Cales son as leis máis verdadeiras e útiles? Aqueles pactos e aquelas condicións que todos desexarían observar e propor, cando cala a voz, sempre escoitada, do interese privado ou se combina coa do interese público. Cales son os sentimentos de cada un sobre a pena de morte? Podemos lelos nos actos de indignación e desprezo con que todos miran ao verdugo, que é, porén, un inocente executor da vontade pública, un bo cidadán que contribúe ao ben público, o necesario instrumento da pública seguridade no



interior, como os valentes soldados o son respecto ao exterior. Cal é, pois, a orixe desta contradición? E por que é indeleble nos homes este sentimento, a despeito da razón? Porque os homes, no máis íntimo dos seus ánimos, que é onde, máis que en ningunha outra parte, conservan aínda a forma orixinal da súa antiga natureza, creron sempre que a súa vida non estaba en poder de ninguén, excepción feita da necesidade, que co seu cetro rexe o universo.

Que teñen que pensar os homes vendo os sabios maxistrados e graves sacerdotes da xustiza, que con indiferente tranquilidade obrigan a un reo a arrastrase con lento aparato cara á morte, e, mentres un desgraciado sofre nas últimas angustias, pasa o xuíz con insensible frialdade, e acaso con secreta compracencia da súa autoridade, a gustar as comodidades e praceres da vida? *Ah! —dirán— esas leis non son máis cós pretextos da forza. E as meditadas, crueis formalidades da xustiza non son máis cá linguaxe convencional para inmolar nos máis seguridade como vítimas destinadas en sacrificio ao ídolo insaciable do despotismo. O asasinato, que se nos predica como un crime terrible, vémolos utilizado, con todo, sen repugnancia nin furor. Sirvámonos, pois, do exemplo. Parecíanos a morte violenta unha escena terrible nas descrições que se nos facían, pero vémolos como unha cuestión dun momento. Canto menos terrible será en quen, non esperándo, afórrase case todo o que ten de doloroso!* Tales son os funestos paroloxismos que, coa súa claridade, polo menos confusamente, levan aos homes a delinquir, e nos cales, como o vimos o abuso da relixión pode máis ca relixión mesma.

Se se me opón o exemplo de que case todos os séculos e todas as nacións impuxeron a pena de morte contra algúns delitos, eu contestarei que iso de nada serve diante da verdade, contra a que non hai prescrición; que a historia dos homes danos a idea dun inmenso mar de erros, entre os cales flotan unhas poucas e confusas verdades, separadas por grandes intervalos. Os sacrificios humanos foron comúns a case todas as nacións, e quen se atreverá a escusalos? Que algunhas, poucas, sociedades, e

por pouco tempo soamente, se abstiveran de dar a morte, éme máis favorable que contrario, pois iso é máis conforme á fortuna das grandes verdades, a duración das cales é un relampo, en comparación coa longa e tebroza noite que envolve os homes. Aínda non chegou a época afortunada na que a verdade, como ata agora o erro, pertenza á inmensa maioría: e desta lei universal non estiveron exentas ata agora máis que as verdades que a Sabedoría infinita quixo distinguir das demais, revelándoas.

A voz dun filósofo é demasiado débil contra os tumultos e os berros de tantos guiados polos cegos costumes, pero os poucos sabios espallados pola terra faranme eco no íntimo dos seus corazóns. E se a verdade —entre os infinitos obstáculos que a afastan dun monarca, a pesar del— puidese chegar ao seu trono, saiba que chegará cos votos secretos de todos os homes, saiba que calará diante del a sanguenta fama dos conquistadores e que a xusticeira posteridade asignaralle o primeiro lugar entre os pacíficos trofeos dos Titos, Antoninos e Traxanos.

Feliz a humanidade, se por primeira vez se lle ditan leis, agora que vemos sobre os tronos de Europa a monarcas benéficos, animadores das pacíficas virtudes, ciencias, artes, padres dos seus pobos, cidadáns coroados, cuxo aumento de autoridade constitúe a felicidade dos súbditos, porque suprime aquel intermediario despotismo, máis cruel porque é menos seguro, polo que eran sufocados os votos sempre sinceros do pobo, e sempre faustos cando poden chegar ata o trono! Se eles, digo, deixan subsistir as antigas leis, é pola dificultade infinita de quitar dos erros a venerada ferruxe de moitos séculos: é un motivo máis para que os cidadáns ilustrados desexen con maior ardor o continuo crecemento da súa autoridade.

## Capítulo XXIX

### *Da prisión*

Un erro tan común como contrario ao fin social, que é a opinión da propia seguridade, é deixar árbitro a un maxistrado, execu-

tor das leis, para aprisionar a un cidadán, quitar a liberdade a un inimigo por frívolos pretextos, e deixar impune a un amigo a pesar dos máis fortes indicios de culpabilidade. A prisión é unha pena que, a diferenza de todas as demais, debe necesariamente preceder á declaración do delito; pero este carácter distintivo non lle quita o outro esencial: que só a lei determine os casos nos que un home é digno de pena. A lei, pois, determinará os indicios dun delito que merezan a custodia do reo, que o sometan a un exame ou a unha pena. A pública fama, a fuxida, a confesión antes do proceso, a dun compañeiro do delito, as ameazas e a constante inimizade do ofendido, o corpo do delito e outros indicios similares, son probas suficientes para deter un cidadán; pero estas probas deben establecelas as leis e non os xuíces, cuxos decretos son sempre opostos á liberdade política, se non son proposicións particulares dun principio xeral existente no código público. A medida que se moderen as penas, que se supriman a sordidez e a fame dos cárceres, que a compaixón e a humanidade atravesen as portas pechadas con ferrollo e manden sobre os inexorables e empedernidos ministros da xustiza, as leis poderán contentarse con indicios cada vez máis débiles para arrestar. Un home acusado dun delito, encarcerado e absolto, non debería levar consigo ningunha nota de infamia. Cantos romanos, acusados de gravísimos delitos, atopados sucesivamente inocentes, foron reverenciados polo pobo e honrados con maxistraturas! Pero por qué razón é tan distinta, nos nosos tempos, o destino dun inocente? Porque parece prevalecer, no presente sistema criminal, segundo a opinión dos homes, a idea da forza e da prepotencia á da xustiza; porque se bótan confundidos no mesmo alxube aos acusados e convictos; porque a prisión é máis ben un suplicio que unha custodia do imputado; e porque a forza interna, protectora das leis, está separada da externa, defensora do trono e da nación, cando deberían estar unidas. Así, a primeira estaría, mediante o común apoio das leis, combinada coa facultade xulgadora,

pero non dependería dela con potestade inmediata; e a gloria, que acompaña á pompa e ao fasto dun corpo militar, quitaría a infamia, que afecta máis ao xeito que á cousa, como todos os sentimentos populares: e próbase polo feito de que as prisións militares non son, na opinión común, tan infamantes como as civís. Aínda persisten no pobo, nas costumes e leis, con máis dun século de atraso, inferiores en bondade ás luces actuais dunha nación, as bárbaras impresións e as feroces ideas dos salteadores que tivemos como antepasados<sup>32</sup>.

Algúns sostiveron que en calquera lugar onde se cometa un delito, é dicir, unha acción contraria ás leis, pódese castigar, como se o carácter dun súbdito fose indeleble, é dicir, un sinónimo, incluso peor, de escravo; como se un puidese ser súbdito dun dominio e vivir noutro, e que as súas accións puidesen ser subordinadas, sen contradicións, a dous soberanos e a dous códigos a miúdo contraditorios. Outros creron igualmente que unha acción cruel cometida, por exemplo, en Constantinopla, poida ser castigada en París, pola abstracta razón de que quen ofende a humanidade merece ter toda a humanidade por inimiga, ademais da execración universal; como se os xuíces fosen vingadores da sensibilidade humana, e non máis ben dos pactos que o atan entre si. O lugar da pena é o lugar do delito, porque alí soamente, e non noutra parte, os homes se ven forzados a ofender a un particular para previr a ofensa pública. Un criminal, que, porén, non rompeu os pactos dunha sociedade da que non é membro, pode ser temido, e, polo tanto, desterrado e excluído, pero non castigado coas formalidades das leis, que son vingadoras dos pactos, non da malicia intrínseca das accións.

Os reos de delitos menos graves soen ser castigados na escuridade dunha prisión, ou remitidos a dar exemplo cunha afastada, pero case inútil, escravitude a nacións que non ofenderon. Se os homes non se moven nun momento dado a cometer os de-

---

<sup>32</sup> Refírese ás invasións dos bárbaros. (N. do T.)

litos máis graves, a pública pena dun grave crime será considerada pola maior parte como estraña e imposible de acaecerlle; pero a pública pena de delitos menos graves, aos cales o ánimo está máis próximo, producirá unha impresión que, apartándoo destes, o afastará daqueles. As penas non deben soamente ser proporcionadas entre si e aos delitos na forza, senón tamén no xeito de inflixilas. Algúns libéranse da pena dun pequeno delito cando a parte ofendida o perdoa, acto conforme á beneficencia e humanidade, pero contrario ao ben público, case que un cidadán particular puidese igualmente quitar coa súa remisión a necesidade do exemplo, como pode perdoar o resarcimento da ofensa. O dereito de castigar non é dun só, senón de todos os cidadáns ou do soberano: así el non pode máis que renunciar á súa porción de dereito, pero non anular a dos demais.

### **Capítulo XXX**

#### *Procesos e prescripción*

Coñecidas as probas e suposta a certeza do delito, cómpre conceder ao reo o tempo e os medios necesarios para xustificarse: pero un tempo tan breve que non prexudique a rapidez da pena, que, como xa vimos, é un dos principais freos dos delitos. Un amor mal entendido á humanidade parece contrario a esta brevidade de tempo, pero desvaneceranse todas as dúbidas se se reflexiona que os perigos da inocencia aumentan cos efectos da lexislación.

Pero as leis deben fixar un certo espazo de tempo, tanto para a defensa do reo como para as probas dos delitos; e o xuíz viría a ser lexislador se tivera que dicir acerca do tempo necesario para probar un delito. Igualmente, os delitos atroces, dos que persiste longa memoria entre os homes, cando estean comprobados, non merecen prescripción algunha en favor do reo que se subtraeu coa fuga: pero os delitos menores e escuros deben quitar coa prescripción a incerteza da sorte dun cidadán, pois a escuridade na

que quedaron envoltos durante longo tempo os delitos, suprime o exemplo da impiedade e queda, por tanto, no reo o poder de mellorarse. Bástame indicar estes principios, pois non se pode fixar un límite preciso, máis que para unha determinada lexislación e nas determinadas circunstancias dunha sociedade: engadirei soamente, comprobada a utilidade das penas moderadas nunha nación, as leis que proporcionalmente aos delitos reducen ou aumentan o tempo da prescrición ou o tempo das probas, formando así do cárcere mesmo ou do voluntario desterro unha parte da pena, subministrarán unha fácil división de poucas penas suaves para un gran número de delitos.

Pero estes tempos non aumentarán na proporción exacta da atrocidade dos delitos, porque a probabilidade destes está en razón inversa á súa atrocidade. Haberá que diminuír, pois, o tempo da instrución, e aumentar o da prescrición, o que parecería unha contradición do que dixer, é dicir, que se poden dar penas iguais a delitos desiguais, valorando o tempo do cárcere e o da prescrición anteriores á sentenza, como unha pena. Para explicar ao lector a miña idea, diferencio dos tipos de delitos: o primeiro, é o dos delitos atroces, e comeza co asasinato, incluíndo todos os restantes crimes; o segundo é o dos delitos menores. Esta distinción ten o seu fundamento na natureza humana. A seguridade da propia vida é un dereito natural, a seguridade dos bens é un dereito de sociedade. O número dos motivos que empuxan aos homes máis alá do natural sentimento de piedade é moito menor que o número dos motivos que, pola natural cobiza de ser felices, empúxanos a violar un dereito, que non atopan nos seus corazóns, senón nas convencións sociais. A máxima diferenza de probabilidade destes dous tipos esixe que se regulen por principios diferentes. Nos delitos máis atroces, xa que son máis raros, débese diminuír o tempo da instrución polo aumento da probabilidade da inocencia do reo; e debe aumentar o tempo da prescrición, porque da definitiva sentenza da inocencia ou culpabilidade dun home depende o feito de quitar

o incentivo da impunidade, cuxo dano aumenta coa atrocidade do delito. Pero nos delitos menores, diminuíndo a probabilidade da inocencia do reo, debe aumentar o tempo da instrución, e diminuíndo o dano da impunidade, debe diminuír tamén o tempo da prescrición. Non debería admitirse esta distinción dos delitos en dous tipos se diminuíse o dano da impunidade na medida que aumenta a probabilidade do delito. Reflexiónese que un acusado, de quen non conste nin a inocencia nin a culpabilidade, aínda que se poña en liberdade por falta de probas, pode ser suxeito á captura outra vez polo mesmo delito e as novas instrucións, se xorden novos indicios indicados pola lei, mentres non pase o tempo da prescrición fixado para o seu delito. Este é, polo menos, o temperamento que me parece oportuno para defender a seguridade e a liberdade dos súbditos, xa que é demasiado fácil que non se favoreza a unha a expensas da outra, de xeito que estes dous bens, que constitúen o alienable e igual patrimonio de cada cidadán, non sexan protexidos e custodiados, un polo aberto ou enmascarado despotismo, e o outro pola turbulenta anarquía popular.

### **Capítulo XXXI**

#### *Delitos de probas difíciles*

Á vista destes principios parecerá estraño, a quen non reflexione que case nunca foi a razón a lexisladora das nacións, que os delitos máis atroces ou máis escuros e quiméricos, é dicir, aqueles cuxa improbabilidade é maior, se proben polas conxecturas e probas máis débiles e equívocas; como se as leis e o xuíz tiveran o interese non de descubrir a verdade, mais probar o delito; como se non houberse tanto maior perigo de condenar a un inocente, canto a probabilidade da inocencia supera a do delito.

Falta, na maior parte dos homes, aquel vigor necesario igualmente para os grandes delitos que para as grandes virtudes;

polo cal parece que vaian sempre xuntos naquelas nacións que mellor se sosteñen pola actividade do goberno e das paixóns converxentes ao ben público, así como polo número ou a constante bondade das súas leis. Nestas, en cambio, as paixóns debilitadas parecen máis aptas para manter que para mellorar a forma de goberno. Diso dedúcese unha importante consecuencia: que non sempre nunha nación os grandes delitos proban o seu declive.

Hai algúns delitos que son, ao mesmo tempo, frecuentes na sociedade e difíciles de probar; e neles a dificultade da proba xorde da probabilidade da inocencia, e, sendo o dano da impunidade tanto menos avaliábel canto a frecuencia destes delitos depende de principios distintos do perigo de impunidade, o tempo da instrución e da prescrición deben diminuírse por igual. Con todo, os adulterios, e a luxuria grega<sup>33</sup>, que son delitos difíciles de probar, son os que, segundo os principios recibidos, admiten as tiránicas presuncións, as *case-probas*, as *semi-probas* (como se un home puidese ser *semi-inocente* ou *semi-reo*, é dicir, *semi-punible*, ou *semi-absolvíbel*), nas cales a tortura exerce o seu cruel imperio na persoa do acusado, nas testemuñas, e ata en toda a familia dun infeliz, como con inicua frialdade ensinan algúns doutores que se dan aos xuíces como norma e lei.

O adulterio é un delito que, considerado politicamente, toma a súa forza e dirección de dúas causas: as leis invariables dos homes e a fortísima atracción que impele a un sexo cara ao outro, símil, en moitos casos, á gravidade motriz do universo; pois, como ela, diminúe coas distancias, e se unha modifica todos os movementos dos corpos, así a outra case todos os do ánimo, mentres dura o seu período; difire nisto que a gravidade ponse en equilibrio cos obstáculos, pero aquela, polo común, adquire forza e vigor cando os obstáculos aumentan.

---

<sup>33</sup> É dicir, a sodomía. (N. do T.)



Se tivera que falar a nacións aínda privadas da relixión, diría que, ademais, hai outra diferenza considerable entre este e os demais delitos. Nace do abuso dunha necesidade constante e universal en toda a humanidade; necesidade anterior, e ata fundadora da sociedade humana, mentres que os outros delitos, que queren destruíla, teñen unha orixe máis determinada polas paixóns momentáneas que por unha necesidade natural. Esta necesidade parece, para quen coñece a historia e coñece ao home, sempre igual no mesmo clima a unha cantidade constante<sup>34</sup>. Se isto fose verdadeiro, serían inútiles e ata perniciosas as leis e os costumes que intentasen diminuír a suma total de tales delitos, pois o seu efecto sería cargar a unha parte coas necesidades propias e as alleas; pero serían sabias, polo contrario, as que, seguindo, por así dicilo, a fácil inclinación do plano, dividisen e distribuísen a suma en tantas pequenas porcións iguais, que impedisen uniformemente en todas as partes tanto a seca como o a inundación. A fidelidade conxugal sempre é proporcionada ao número e á liberdade dos matrimonios. Onde os prexuízos hereditarios os rexen, onde a potestade doméstica os combina e os desata, alí a galantería rompe secretamente os seus vínculos a despeito da moral vulgar, cuxo oficio é declamar en contra dos efectos, perdoando as causas. Pero estas reflexións non son necesarias para quen, vivindo na súa verdadeira relixión, ten máis sublimes motivos, que corrixen a forza dos efectos naturais. A acción deste delito é tan inmediata e misteriosa, tan cuberta por ese velo que as leis mesmas puxeron —velo necesario, pero fráxil, e que aumenta a súa valía en lugar de diminuílo—, as ocasións tan fáciles, as consecuencias tan equívocas, que está nas mans do lexislador máis previlo que corrixilo. Regra xeral: en todo delito que, pola súa natureza, debe quedar a maioría das veces impune, a pena convértese nun incentivo. É propiedade da nosa imaxinación que as dificultades, se non son insupera-

---

<sup>34</sup> Con referencia á teoría dos climas de Montesquieu. (N. do T.)

bles ou demasiado difíciles respecto á preguiza de ánimo de cada home, excitan máis vivamente a imaxinación e magnifican o obxecto; porque son como outros tantos reparos que impiden á vagabunda e voluble imaxinación que salga do obxecto; e, obrigándoa a consideralo baixo todos os aspectos, apégase máis estreitamente á parte pracenteira, sobre a que máis naturalmente se abalanza o noso ánimo, que non á dolorosa e funesta, da que fuxe e se afasta.

A ática Venus<sup>35</sup>, tan severamente castigada polas leis e tan facilmente suxeita aos tormentos vencedores da inocencia, ten menos o seu fundamento sobre as necesidades do home illado e libre que sobre as paixóns do home sociable e escravo. Toma a súa forza non tanto da saciedade dos praceres, como da educación que comeza por facer aos homes inútiles para si mesmos, co fin de facelos útiles para aos demais, naquelas casas<sup>36</sup> onde se congregase a ardente xuventude, onde, habendo un dique infranqueable a todo outro comercio, todo o vigor da natureza que se desenvolve, consúmese inutilmente para a humanidade, ata anticipa a súa vellez.

O infanticidio é igualmente o efecto dunha inevitable contradición, na que se ve posta unha persoa, que por debilidade ou por violencia cedeu. Quen se acha entre a infamia e a morte dun ser incapaz de sentir os males, como non haberá de preferir esta á miseria infalible a que quedarían expostos ela e o seu froito desgraciado? O mellor xeito de previr este delito sería protexer con leis eficaces a debilidade contra a tiranía, que esaxera os vicios que non se poden cubrir co manto da virtude.

Eu non pretendo diminuír o xusto horror que merecen estes delitos, pero, indicando as súas fontes, creo estar no dereito de sacar delas unha consecuencia xeral: non se pode chamar xusta (o que quere dicir, necesaria) unha pena dun delito ata que a lei

---

<sup>35</sup> É dicir, a homosexualidade. (N. do T.)

<sup>36</sup> Refírese aos internados e, posiblemente, aos seminarios eclesiásticos. (N. do T.)

non empregou o mellor medio posible, nas circunstancias dadas dunha nación, para previlo.

## Capítulo XXXII

### *Suicidio*

O suicidio é un delito que parece non poder admitir unha pena propiamente dita, porque ela non pode recaer máis que sobre os inocentes<sup>37</sup>, ou sobre un corpo frío e insensible. Se esta non produce impresión algunha sobre os viventes, como non o faría azoutar a unha estatua, aquela é inxusta e tiránica, porque a liberdade política dos homes supón necesariamente que as penas sexan puramente persoais. Os homes aman demasiado a vida, e todo o que os rodea confírmaos nese amor. A sedutora imaxe do pracer e da esperanza, docísimo engano dos mortais, pola que tragan a grandes sorbos o mal mesturado cunhas poucas gotas de felicidade, compráceos demasiado para que se poida temer que a necesaria impunidad dese delito teña algunha influencia sobre os homes. Quen teme a dor, obedece ás leis; pero a morte extingue no corpo todas as fontes del. Cal será, pois, o motivo que deteña a man desesperada do suicida?

Calquera que se suicide fai á sociedade un mal menor que o que sae sempre das súas fronteiras: pois, aquel déixalle todos os bens, pero este lévase consigo parte dos seus bens. Incluso, se a forza da sociedade consiste no número de cidadáns, subtraéndose a si mesmo e dándose a unha nación próxima, causa un dobre dano respecto ao que se subtrae, coa morte, á sociedade. A cuestión, pois, redúcese a saber se é útil ou daniño á nación deixar unha perpetua liberdade de ausentarse a todos e cada un dos seus membros.

Ningunha lei que non estea armada, ou que a natureza das circunstancias anule, debe promulgarse; e como nos ánimos

---

<sup>37</sup> É dicir, os familiares do suicida. (N. do T.)

reina a opinión, que obedece ás lentas e indirectas impresións do lexislador e que resiste ás directas e violentas, así tamén as leis inútiles, desprezadas polos homes, comunican a súa degradación aínda ás leis máis saudables, que se miran máis como obstáculo que superar, que como depositarias do ben público. Incluso, como xa dixemos, se os nosos sentimentos son limitados, canta maior veneración os homes demostren para obxectos alleos á verdade, menos reservarán para as leis. Deste principio o sabio dispensador da pública felicidade pode sacar algunhas útiles consecuencias, cuxa exposición afastaríame demasiado do meu obxecto, que consiste en probar a inutilidade de converter ao Estado nunha prisión. Unha lei tal é inútil porque, a menos que escollos inaccesibles ou un mar innavegable separen a un país de todos os demais, como cerrar todos os puntos da súa periferia, e como vixiar aos vixiantes? Quen levase todo, despois de facelo, non pode ser castigado. Este delito, inmediatamente despois de cometelo, xa non pode ser castigado, e castigalo antes sería castigar a vontade dos homes e non as súas accións; sería mandar sobre a intención, parte libérrima do home respecto ao imperio das leis humanas. Castigar o ausente nos bens que deixara, ademais de facilitar inevitablemente a colusión<sup>38</sup>, que non se pode eliminar sen controlar de forma tiránica os contratos, estancaría todo comercio entre nación e nación. Castigalo cando regresase o reo, sería impedir que se reparase o mal feito á sociedade, facendo que todas as ausencias fosen perpetuas. A prohibición mesma de saír dun país aumenta o desexo de facelo nos nacionais, e é unha advertencia aos estranxeiros para non entraren nel.

Que deberíamos pensar dun goberno que non ten outro medio para reter aos seus homes, naturalmente unidos á súa patria polas impresións da infancia, máis que o temor? O xeito

---

<sup>38</sup> Neste caso podería referirse aos acordos ficticios de cesión ou venta que o emigrante estipulaba coas autoridades, para despois volver a recibilos á súa volta; *colusión* (do lat. *collusio*, -*nis*), en termos xurídicos xenéricos, indica un pacto ilícito de dous en contra dun terceiro. (N. do T.)

máis seguro de fixar aos cidadáns nunha patria é aumentar o benestar relativo de cada un deles. Así como debe facerse todo esforzo para que a balanza do comercio se incline ao noso favor, así tamén é o máximo interese do soberano e da nación que a suma da felicidade, comparada coa das nacións circunstantes, sexa maior que noutras partes. Os praceres do luxo non son os principais elementos desa felicidade, aínda que sexa este un remedio necesario á desigualdade, que crece co progreso dunha nación, sen o cal as riquezas se condensarían nunha soa man. Onde as fronteiras dun país aumentan en maior razón que a súa poboación, o luxo favorece ao despotismo, porque canto maior é a escaseza dos homes, tanto menor é a industria; e canto menor é a laboriosidade, tanto máis grande será a dependencia da pobreza respecto á opulencia, e tanto máis difícil e menos temida a unión dos oprimidos contra os opresores; porque as reverencias, os cargos, as distincións, a submisión, que fan máis sensible a distancia entre o poderoso e o débil, consíguenos máis os poucos que os moitos, sendo os homes tanto máis independentes canto menos observados, e tanto menos observados canto maior e o seu numero. Pero onde a poboación crece en maior proporción que as fronteiras, o luxo oponse ao despotismo, porque anima á industria e a actividade dos homes; e a necesidade ofrece demasiados praceres e comodidades ao rico para que os de ostentación, que aumentan a opinión de dependencia, ocupen o maior lugar. Por conseguinte, pódese observar que nos estados extensos, débiles e despoboados, se outras causas non o obstaculizan o luxo de ostentación prevalece sobre o de comodidade: porén, nos estados máis poboados que extensos o luxo de comodidade fai sempre que diminúa o de ostentación. Pero o comercio e a circulación dos praceres do luxo teñen este inconveniente: que, a pesar de que se faga por medio de moitos, comeza, con todo, en poucos e termina en poucos, e só unha mínima parte pode aproveitarse deles, de xeito que non impide o sentimento da miseria, ocasionado máis pola comparación que

pola realidade. Pero a seguridade e a liberdade, só limitadas polas leis, son as que forman a base principal desta felicidade, coas que os praceres do luxo favorecen a poboación, e sen elas transfórmanse no instrumento da tiranía. Como as feras máis xenerosas e os libérrimos paxaros afástanse na soidade dos bosques inaccesibles, deixando as fértiles e risoñas campiñas ao home insidioso, así os homes foxen dos praceres mesmos cando a tiranía os distribúe.

E está demostrado, pois, que a lei que aprisiona aos súbditos no seu país é inútil e inxusta. Por conseguinte serao igualmente a pena do suicidio, e, polo tanto, aínda que sexa unha culpa que Deus castiga, xa que só El pode castigar tamén despois da morte, non é un delito diante dos homes, porque a pena, en lugar de recaer sobre o reo mesmo, recae sobre a súa familia. Se alguén me obxectase que esta pena pode, así e todo, retraer a un home determinado de matarse, eu contesto: quen renuncia tranquilamente ao ben da vida, que odia a existencia terreal, tanto que a prefire a unha infeliz eternidade, moi dificilmente será movido pola menos eficaz e máis remota consideración dos fillos e dos parentes.

### **Capítulo XXXIII**

#### *Contrabandos*

O contrabando é un verdadeiro delito que ofende ao soberano e á nación, pero a súa pena non debe ser infamante, porque, unha vez cometido, non produce infamia na opinión pública. Calquera que decrete penas infamantes contra os delitos que non son reputados como tales polos homes, diminúe o ditame de infamia para os que realmente o son. Calquera que vexa establecida a mesma pena de morte, por exemplo, contra quen mata un faisán, contra quen mata un home, ou falsifica un importante documento, non diferenciará estes delitos, destruíndose, deste xeito, os sentimentos morais, obra de moitos séculos e de moito

sangue, lentísimos e difíciles de insinuarse no ánimo humano, para cuxo nacemento se creron necesarios a axuda dos máis sublimes motivos e tanto aparato de graves formalidades.

Este delito xorde da mesma lei, porque, medrando a gabela, medra sempre o beneficio, e, polo tanto, a tentación de facer o contrabando e a facilidade de cometelo medra coa área que hai que vixiar e coa diminución do volume da mesma mercancía. A pena de perder a mercancía do contrabando e os outros bens é moi axeitado, pero será tanto máis eficaz canto máis pequena sexa a gabela, porque os homes non se arriscan senón na proporción da vantaxe que o éxito feliz da acción produce.

Pero, por qué este delito non ocasiona infamia ao seu autor, sendo un furto feito ao príncipe, e, por conseguinte, á nación mesma? Respondo que as ofensas que os homes cren que non se lles poidan facer a eles, non lle interesan tanto que se produza a pública indignación contra quen as comete. Así é o contrabando. Os homes, sobre os que as consecuencias remotas producen moi febles impresións, non ven o dano que lles pode acaecer polo contrabando, máis ben, gozan a miúdo das súas vantaxes. Non ven máis que o dano feito ao príncipe; non están, pois, tan interesados en privar dos seus sufraxios ó que fai o contrabando, canto o son contra quen comete un furto privado, ou falsifica un documento, ou outros males que lles poden acaecer. Principio evidente que todo ser sensible non se interesa máis que polos males que coñece.

Pero haberá que deixar impune este delito en quen non ten nada que perder? Non. Hai contrabandos que interesan de tal xeito á natureza do tributo, parte tan esencial e difícil nunha boa lexislación, que semellante delito merece unha pena considerable, ata a mesma prisión, ata a escravitude: pero prisión e escravitude conformes á natureza do delito mesmo. Por exemplo, a prisión do contrabandista de tabaco non debe ser igual á do sicario ou á do ladrón, e os labores do primeiro, limitados ao traballo e servizo da mesma regalía que quixo defraudar, serán os máis conformes á natureza da pena.

## Capítulo XXXIV

### *Dos debedores*

A boa fe dos contratos e a seguridade do comercio obrigan ao lexislador a asegurar aos acredores as persoas dos debedores en creba. Con todo, eu creo importante distinguir entre a creba fraudulenta e a non voluntaria; o primeiro debería ser castigado coa mesma pena que se asigna aos falsificadores de moeda, pois o falsificar un anaco de metal cuñado, que é unha prenda das obrigacións dos cidadáns, non é maior delito que falsificar as obrigacións mesmas. Pero o que crebou de forma non fraudulenta, que, despois dun rigoroso exame, probou diante dos seus xuíces que a malicia ou as desgrazas alleas, ou acontecementos inevitables pola prudencia humana, o despoixaron dos seus bens, por qué bárbaro motivo haberá de botalo a unha prisión, privado do único e triste ben que lle queda dunha núa liberdade, a probar as angustias dos culpables, e coa desesperación da honradez oprimida, a arrepentirse acaso daquela inocencia coa que vivía tranquilo baixo a tutela das leis, e que, con todo, non puido deixar de ofender? Leis ditadas polos poderosos pola cobiza, e sufridas polos débiles por aquela esperanza que, de ordinario, brilla no ánimo do home, e nos fai crer que os acontecementos desfavorables son para os demais e os vantaxosos para nos. Os homes abandonados aos seus sentimentos primarios, aman as leis crueis, aínda que, se suxeitos ás mesmas, sería de interese para todos que fosen moderadas, porque é máis grande o temor a ser ofendido que o desexo de ofender. Volvendo a quen creba de xeito involuntario, afirmo que se terá que ser inextinguible a súa obriga ata o pago total, se non se lle concede subtraerse a ela sen o consentimento das partes interesadas, e levar consigo baixo outras leis a súa actividade<sup>39</sup>, que debería ser constringida, baixo penas, a ser empregada para volver a poñelo en estado

---

<sup>39</sup> É dicir, emigrando a outro estado. (N. do T.)



de satisfacer en proporción aos beneficios; cal será o pretexto lexítimo, como a seguridade do comercio, a sacra propiedade dos bens, que xustifique unha privación da liberdade inútil, agás no caso de desvelar, cos males da escravitude, os secretos dunha suposta creba fraudulenta, caso rarísimo na hipótese dunha rigorosa instrución? Creo que é un principio legislativo que o valor dos inconvenientes políticos está en razón directa do dano público, e inversa da improbabilidade de verificarse. Poderíase distinguir o dolo da culpa grave, a grave da leve, e esta da perfecta inocencia, asignando ao primeiro as penas dos delitos de falsificación, á segunda outras menores, pero coa privación da liberdade, e reservando para a última a elección libre dos medios para establecerse, quitar á terceira a liberdade de facelo, deixándoa aos acredores. Pero as distincións de grave e leve deben ser fixadas pola lei cega e imparcial, non pola perigosa e arbitraria prudencia dos xuíces. As fixacións dos límites son tan necesarias na política como na matemática, tanto na medida do ben público como das magnitudes<sup>40</sup>.

Con qué facilidade o pródigo legislador podería impedir unha gran parte das crebas fraudulentas, e remediar as desgraças do inocente laborioso! O público e manifesto rexistro de todos os contratos, coa liberdade por parte de todos os cidadáns de consultar os documentos ben ordenados; un banco público constituído cos tributos sabiamente distribuídos sobre o feliz comercio, e destinado a socorrer coas cantidades oportunas aos seus membros infelices e inocentes, non teñen ningún inconveniente real, e poden producir innumerables vantaxes.

---

<sup>40</sup> O comercio, as propiedades dos bens, non son un fin do pacto social, pero poden ser un medio para conseguilo. Expoñer a todos os membros da sociedade aos males que tantas combinacións hai, para facer que xurdan, sería subordinar os fins aos medios; paroloxismo de todas as ciencias, e principalmente da política, na que caín nas edicións anteriores, nas que dicía que o que creba de xeito non fraudulento debía ser custodiado como unha prenda dos seus debedores, ou utilizado como escravo no traballo para os seus acredores. Avergóñame ter escrito tal cousa. Fun acusado de irrelixión, e non o merecía. Fun acusado de sedición, e tampouco o merecía. Ofendín os dereitos da humanidade, e ninguén me fixo un reproche por iso. (N. do A.)

Pero as fáciles, sinxelas, grandes leis, que non esperan máis que o aceno do lexislador para difundir no seo da nación a abundancia e a forza, leis que o encherían de himnos inmortais de agradecemento de xeración en xeración, son as menos coñecidas e desexadas. Un espírito inqueda e meticuloso, a tímida prudencia do momento presente, unha circunspecta rixidez ante as novidades apodéranse dos sentimentos daquel que combina as accións dos homes.

## Capítulo XXXV

### *Asilos*

Quédanme aínda dúas cuestións que examinar: unha é se os asilos son xustos<sup>41</sup>; a outra, se o pacto de entregarse as nacións reciprocamente os reos<sup>42</sup> é útil ou non. Dentro das fronteiras dun país non debe de haber ningún lugar independente das leis. A súa forza debe seguir a todo cidadán, como a sombra segue o corpo. A impunidade e o asilo non son tan diferentes; e como a impresión da pena consiste máis na seguridade de atopala que na súa forza, os asilos invitan máis aos delitos que o que as penas disuaden. Multiplicar os asilos é formar outras tantas pequenas soberanías, porque alí onde non hai leis que manden, poden formarse novas e opostas ás comúns e, xa que logo, un espírito oposto ao corpo enteiro da sociedade. Todas as historias mostran que dos asilos saíron grandes revolucións nos estados e nas opinións dos homes. Pero, sobre se é útil ou non entregarse reciprocamente os reos unhas nacións a outras, eu non me atrevei a decidir esta cuestión, ata que as leis máis conformes ás necesidades da humanidade, as penas máis doces, e extinguida a dependencia do arbitrio e a opinión, non fagan segura a inocencia oprimida e a virtude aborrecida; ata que a

---

<sup>41</sup> Refírese ao dereito de asilo ofrecido polos edificios sacros, como igrexas ou conventos. (N. do T.)

<sup>42</sup> É dicir, o acordo de extradición. (N. do T.)

tiranía non sexa totalmente desterrada pola razón universal, que cada vez máis une os intereses do trono e dos súbditos, nas vastas chairas de Asia<sup>43</sup>, aínda que a persuasión de non atopar un palmo de terra que perdoase os verdadeiros delitos sería un medio realmente eficaz para previlos.

### Capítulo XXXVI

#### *Dos premios pola entrega dos reos*

A outra cuestión é se é útil ou non poñer prezo á cabeza dun home recoñecido como reo, e, armando o brazo de cada cidadán, facer del un verdugo. O reo está fora das fronteiras ou dentro: no primeiro caso o soberano estimula aos cidadáns a cometer un delito, e exponos a un suplicio, a facer unha inxuria e unha usurpación de autoridade nos dominios alleos, e autoriza, deste xeito, ás outras nacións para que fagan o mesmo con el; no segundo mostra a súa debilidade. Quen ten forza para defenderse, non trata de comprala. Ademais, este delito altera todas as ideas morais e de virtude, que ao mínimo vento desvanecen no ánimo humano. Agora as leis invitan á traizón, agora castíganla. Cunha man o lexislador estreita os lazos de familia, de parentesco e amizade, e coa outra premia a quen os rompe e os despreza; sempre contradictorio consigo mesmo, tan pronto invita á confianza aos ánimos suspicaces dos homes, como espaxa a desconfianza en todos os corazóns. En lugar de previr un delito, fai que se cometa un cento. Estes son expedientes das nacións débiles, cuxas leis non son máis que instantáneas reparacións dun edificio en ruína que se derruba por todas partes. A medida que crecen as luces nunha nación, van imponéndose a boa fe e a confianza recíproca, e cada vez tenden a confundirse máis coa verdadeira política. Os artificios, as cábalas, os camiños escuros e indirectos, prevense, polo común, e a

---

<sup>43</sup> Véxase a nota 4.

sensibilidade de todos atorda a sensibilidade particular de cada un. Os mesmos séculos de ignorancia, nos que a moral pública obriga aos homes a obedecer á privada, serven de instrución e de experiencia aos séculos ilustrados. Pero as leis que premian a traizón e excitan unha guerra clandestina, espaxando a sospeita recíproca entre os cidadáns, opóñense a esa tan necesaria unión da moral e da política, á que os homes deberían a súa felicidade, as nacións a paz, e o universo algún que outro maior intervalo de tranquilidade e repouso aos males lle rodean.

### Capítulo XXXVII

#### *Atentados, cómplices, impunidade*

Se as leis non castigan a intención, non por iso un delito, que comece con algunha acción que manifeste a vontade de executalo, deixa de merecer unha pena, aínda que menor á debida para a execución do delito. A importancia de previr un atentado autoriza a pena; pero, xa que logo entre o atentado e a execución pode haber un intervalo, a pena maior, destinada ao delito consumado, pode dar lugar ao arrepentimento. O mesmo se pode dicir cando haxa máis cómplices dun delito, e non todos executores inmediatos, pero por diversa razón. Cando varios homes se unen nun risco, cando este sexa maior, tanto máis tratarán de que sexa igual para todos; será, pois, máis difícil atopar a quen se contente con ser o seu executor, correndo o risco maior que os seus cómplices. A única excepción sería no caso de que ao executor se lle concedese un premio: entón, tendo el unha compensación polo risco maior, a pena debería ser igual. Estas reflexións parecerían demasiado metafísicas a quen non reflexione que é moi útil que as leis procuren menos motivos posibles de acordo entre os compañeiros dun delito.

Certos tribunais ofrecen impunidade ao cómplice dun grave delito que delate aos seus compañeiros. Este recurso ten os seus inconvenientes e as súa vantaxes. Os inconvenientes son

que a nación autoriza a traizón, detestable incluso entre criminais, porque son menos nefastos os delitos de valor que os de vileza: porque o valor non é frecuente e non espera que unha forza benéfica, que, ao guialo, o faga contribuír ao ben público, mentres a vileza é común e contaxiosa, e cada vez concéntrase máis en si mesma. Ademais, o tribunal delata a súa incerteza, a debilidade da lei, porque implora a axuda de quen o ofende. As vantaxes son o previr delitos importantes, e que, sendo evidentes os seus efectos e ocultos os autores, atemorizan o pobo; ademais, contribúese a mostrar que quen non garda fidelidade á lei, é dicir, ao público, non é probable que a garde tampouco ao particular. Pareceríame que unha lei xeral que prometese a impunidade ao cómplice delator dun delito, sería preferible a unha especial declaración nun caso particular, pois deste xeito previríanse as unións co recíproco temor que cada un dos cómplices tería de expoñerse a si mesmo: o tribunal non faría audaces aos criminais, aos que nun caso particular se lles pide axuda. Unha lei semellante, con todo, debería acompañar a impunidade co desterro do delator... Pero en vano atorméntome a min mesmo para anular o remordemento que sinto, autorizando ás sacrosantas leis, o monumento da pública confianza, a base da moral humana, á traizón e a simulación. Qué exemplo sería, pois, para a nación, se se faltase á impunidade prometida, e que por duntas elucubracións se arrastrase ao suplicio, en deshonra da fe pública, ao que respondeu ao ofrecemento da lei! Non son raros nas nacións estes exemplos, e, polo tanto, non son raros tampouco os que non teñen dunha nación outra idea que a dunha máquina complicada, cuxos engrenaxes move ao seu talante o máis hábil e o máis poderoso; fríos e insensibles a todo o que forma a delicia das almas delicada e sublimes, suscitan con imperturbable sagacidade os sentimentos máis íntimos e as paixóns máis violentas, tan pronto como lles resultan útiles para os seus fins, tecleando os ánimos, como os músicos os instrumentos.

## Capítulo XXXVIII

### *Preguntas suxerentes, deposicións*

As nosas leis proscriben as preguntas que se chaman *suxestivas* nun proceso; as que, segundo os doutores, se fan sobre *a especie*, cando se deberían de facer sobre o *xénero*, nas circunstancias dun delito: é dicir, as preguntas que, tendo unha inmediata conexión co delito, suxiren ao reo unha resposta inmediata. As preguntas, segundo os criminalistas, deben, por así dicilo, acercarse en espiral ao feito, pero non ir nunca en liña directa cara a el. Os motivos deste método son ou para non *suxerir* ao reo unha resposta que o repare da acusación, ou acaso porque parece ser contra a mesma natureza que un reo se acuse inmediatamente a si mesmo. Calquera que sexa de estes dous motivos, é notable a contradición das leis, que, xunto a esta costume, autorizan a tortura: pois, ¿qué pregunta máis *suxestiva* que a dor? O primeiro motivo verificábase na tortura, porque a dor *suxerirá* á persoa robusta un obstinado silencio, co fin de cambiar a pena maior cunha menor, á persoa débil a confesión, co fin de librarse do tormento presente, máis eficaz nese momento que a dor futura. O segundo motivo é evidentemente o mesmo, pois, se unha pregunta *especial*<sup>44</sup> vai en contra do dereito natural de confesión, os tormentos farano moito máis facilmente: pero os homes réxense máis pola diferenza dos nomes que pola dos feitos. Entre os abusos da gramática, que non influíron pouco sobre os asuntos humanos, cómpre destacar o que converte en nula e ineficaz a deposición dun reo xa condenado; el está *morto civilmente*, din gravemente os peripatéticos xuristas, e un *morto* non é capaz de ningunha acción. Para soste esta vana metáfora, sacrificáronse moitas vítimas, e moi a miúdo disputouse con seriedade se a verdade se debe ceder ás fórmulas xudiciais. Sempre que as deposicións dun reo condenado non cheguen ao punto de

---

<sup>44</sup> É dicir, que atinxe á especie do delito. (N. do T.)

parar o curso da xustiza, por que non se poderá conceder, aínda despois da condena, á extrema miseria do reo e aos intereses da verdade un espazo adecuado, de xeito que el, aportando novos datos, cambia a natureza do feito, poida xustificarse a si mesmo ou a outros cun novo xuízo? As formalidades e as cerimoniais son necesarias na administración da xustiza, sexa porque dan ao pobo a idea dun xuízo non desordenado e interesado, senón organizado e regular, sexa porque sobre os homes, imitadores e escravos da costume, exercen unha maior impresión as sensacións que o razoamento. Pero estas non poden fixarse nunca, sen un fatal perigo, de xeito que prexudiquen á verdade; a que, sendo demasiado simple ou demasiado complexa, necesita unha pompa externa que a concilie co pobo ignorante. Finalmente, quen no interrogatorio se obstina en non contestar ás preguntas que se lle fagan, merece non soamente unha pena fixada polas leis, senón unha das máis graves das que se intimen, para que os homes non eludan a necesidade do exemplo debido ao público. Non é necesaria esta pena cando está fora de dúbida que un acusado cometeu un delito, de xeito que as preguntas son inútiles, así como é inútil a confesión do delito cando outras probas xustifiquen a súa culpabilidade. Este derradeiro caso é o máis común, pois a experiencia humana demostra que, na maioría dos procesos, os reos néganse a confesar.

### **Capítulo XXXIX**

#### *Dun xénero particular de delitos*

Quen lea este escrito, observará que deixo de lado unha clase de delitos que manchou a Europa de sangue humano, e levantou aquelas funestas piras, en que servían de alimento ás chamas os vivos corpos humanos, cando era un xocosos espectáculo e unha grata harmonía, para a cega multitude, escoitar os xordos e confusos xemidos dos infelices, que saían dos remuíños de negro fume, fume de membros humanos, entre o chiar dos ósos carbo-

nizados e o frixirse das vísceras aínda palpitantes. Con todo, os homes razoables observarán que o lugar, o século e a materia non me permiten analizar a natureza dun delito tal. Demasiado amplo e alleo ao meu propósito sería probar como deba ser necesaria unha perfecta uniformidade de pensamentos nun estado, contra o exemplo de moitas nacións; como opinións que discrepan entre si soamente por algunhas sutilísimas e escuras diferenzas, demasiado afastadas da humana capacidade, poden, porén, trastornar o ben público, cando non estea autorizada unha delas sobre as demais; como a natureza das opinións é de tal índole que, mentres algunhas, co contraste fermentando e combatendo xuntas, se aclaran, e, ao flotar as verdadeiras, as falsas mergúllanse no esquecemento; e outras, pouco firmes pola súa núa esencia, deben ser revestidas de autoridade e forza. Demasiado longo sería probar como o imperio da forza —cuxas únicas conquistas son a disimulación e o envilecemento—, aínda que pareza odioso sobre as mentes humanas, e aínda que pareza contrario ao espírito de mansedume e fraternidade, con todo, é necesario e indispensable. Haberá que crer que todo iso está evidentemente probado e conforme aos verdadeiros intereses dos homes, xa que hai quen, con recoñecida autoridade, o exerce. Eu non falo máis que dos delitos que proceden da natureza humana e do pacto social, non dos pecados, cuxas penas, incluso as temporais, deben rexerse por principios distintos dos dunha limitada filosofía<sup>45</sup>.

## Capítulo XL

### *Falsas ideas de utilidade*

Unha fonte de erros e de inxustizas son as falsas ideas de utilidade que se forman os lexisladores. Falsa idea de utilidade é a que antepón os inconvenientes particulares aos inconvenientes xerais; a que manda sobre os sentimentos en lugar de excitalos; a que di á

---

<sup>45</sup> Obxecto deste capítulo de significado bastante escuro —voluntariamente, cómpre dicilo— é a relixión, as crenzas e persecucións relixiosas. (N. do T.)



lóxica: sirve. Falsa idea de utilidade é a que sacrifica mil vantaxes reais por un inconveniente imaxinario ou de escasas consecuencias; que sacaría aos homes o lume, porque incendia, ou a auga, porque inunda; que non pon remedio aos males máis que coa destrución. As leis que prohiben levar armas, son leis desta índole: non desarman máis que aos non proclives nin determinados aos delitos, mentres que os que se atreven a violar as leis máis sacras da humanidade e máis importantes do código, como respectarán as menores e puramente arbitrarias, cuxa contravención é fácil e impune, e cuxa execución exacta quita a liberdade persoal, queridísima ao home, queridísima ao lexislador ilustrado, sometendo os inocentes a todas as vexacións debidas ao reos? Estas empeoran as condicións dos asaltados, mellorando a dos asaltantes; non diminúen os asasinatos, senón que os aumentan, xa que maior é a confianza en asaltar os inermes que os armados. Estas leis non se chaman previsoras, senón temerosas dos delitos, que xorden da tumultuosa impresión exercida por certos feitos particulares, non da razoada meditación dos inconvenientes e vantaxes dun decreto universal. Falsa idea de utilidade é a que quixera proporcionar a unha multitude de seres sensibles a simetría e a orde que atangue á materia bruta e inanimada; que descoida os motivos presentes, que son os únicos que con constancia e forza actúan sobre a multitude, dando forza aos remotos, cuxa impresión é moi breve e débil, se a forza da imaxinación, non ordinaria na humanidade, non suple coa súa magnificación a distancia do obxecto. Finalmente, é falsa idea de utilidade a que, sacrificando a cousa ao nome, divide o ben público do ben de todos os particulares. Hai esta diferenza entre o estado de sociedade e o estado de natureza: que o home salvaxe non fai dano a outros, senón polo que lle basta para beneficiarse a si mesmo; pero o home sociable, ás veces, vese inducido polas malas leis a ofender a outros sen beneficiarse a si mesmo. O déspota bota o temor e o desánimo no ánimo dos seus escravos, pero, por repercusión, retornan despois con maior forza a atormentar o seu. Canto máis solitario e doméstico é o temor, menos perigoso é para quen o converte no instrumento da súa felicidade;

pero na medida que se fai máis público e axita a unha maior multitude de homes, tanto máis fácil será que xorda o imprudente, o desesperado e o audaz hábil, que obtén que os homes sirvan ao seu propio fin, espertando neles sentimentos tanto máis gratos e sedutores, canto recaia sobre un maior número o risco da empresa; e o valor que os infelices atribúen á súa existencia, diminúe en proporción da miseria que padecen. Esta é a causa de que as ofensas fagan xurdir novas; que o odio sexa un sentimento tanto máis duradeiro que o amor, xa que o primeiro toma a súa forza da continuación mesma dos actos, que debilita ao segundo.

## Capítulo XLI

### *Como se prevén os delitos*

É mellor previr os delitos que castígalos. Este é o fin principal de toda boa lexislación, que é a arte de conducir aos homes ao máximo da felicidade ou ao mínimo da infelicidade posible, para falar segundo todos os cálculos relativos aos bens ou males da vida. Pero os medios empregados ata agora son, polo común, falsos e opostos ao fin proposto. Non é posible reducir a turbulenta actividade dos homes a un orde xeométrico sen irregularidades e confusión. Como as constantes e moi sinxelas leis da natureza non impiden que os planetas non se turben nos seus movementos, tampouco, nas infinitas e moi opostas atraccións do pracer e da dor, poden as leis humanas impedir as súas perturbacións e os seus desordes. Porén, esta é a quimera dos homes limitados, cando teñen o poder na súa man. Prohibir unha multitude de accións indiferentes non é previr os delitos que poden nacer deles, senón crear outros novos: é decidir a capricho a virtude e o vicio, que se nos predicán eternos e inmutables. A que quedaríamos reducidos, se nos houbese que prohibir todo o que nos pode inducir ao delito? Habería que privar ao home o uso dos sentidos. Por un motivo que induce aos homes a cometer un verdadeiro delito, hai milleiros que os empuxan a cometer aquelas accións indiferentes, chamadas delitos polas malas leis; e se a probabilidade

dos delitos está proporcionada ao número de motivos, ampliar a esfera dos delitos é aumentar a probabilidade de cometelos. A maior parte das leis non son máis que privilexios, é dicir, unha contribución de todos á comodidade dun poucos.

Queredes previr os delitos? Facede que as leis sexan claras, sinxelas, e que toda a forza da nación se concentre para defendelas, e ningunha parte dela se empeñe en destruílas. Facede que as leis favorezan menos as clases dos homes que os homes mesmos. Facede que os homes as teman, e as teman só a elas. O temor das leis é saudable, pero é fatal e fecundo en delitos o de home a home. Os homes escravos son máis voluptuosos, máis libertinos e máis crueis que os homes libres. Estes meditan sobre a ciencia, meditan sobre os intereses da nación, observan grandes argumentos, e imítanos; pero aqueles, contentos co día presente, buscan entre o estrépito da libertinaxe unha distracción ao desánimo no que se atopan: acostumados á incerteza do éxito de todo, tamén o éxito dos seus delitos ven sendo incerto para eles<sup>46</sup>, en pro das paixóns que os empuxan. Se a incerteza das leis cae sobre unha nación indolente polo clima, mantén e aumenta a súa indolencia e apatía. Se cae nunha nación voluptuosa, pero activa, desperdicia a súa actividade nun infinito número de pequenas cábalas e intrigas, que espallan a desconfianza en todos os corazóns e que converten a traizón e a disimulación na base da prudencia. Se cae nunha nación valente e forte, a incerteza desaparece ao final, formando en primeiro lugar moitas oscilacións da liberdade á escravitude e, logo, da escravitude á liberdade.

## Capítulo XLII

### *Das ciencias*

Queredes previr os delitos? Facede que as luces acompañen a liberdade. Os males que nacen dos coñecementos, están en razón inversa á súa difusión, mentres os bens o están en razón directa.

---

<sup>46</sup> É dicir, inducindoos a esperar nunha posible impunidad. (N. do T.)

Un audaz impostor, que nunca é un home vulgar, atrae a adoración dun pobo ignorante e a apupada do ilustrado. Os coñecementos, facilitando as comparacións dos obxectos e multiplicando os seus puntos de vista, contrapoñen moitos sentimentos entre si, que se modifican reciprocamente, con tanta maior facilidade canto se prevén nos demais os mesmos puntos de vista e as mesmas resistencias. Fronte ás luces espalladas profusamente na nación, enmudece a calumniosa ignorancia e treme a autoridade desarmada de razóns, quedando inmóbil a vigorosa forza das leis; pois non hai home ilustrado que non ame os públicos, claros e útiles pactos da común seguridade, comparando o anaco de inútil liberdade que sacrificou coa suma de todas as liberdades sacrificadas polos outros homes, que, sen as leis, tiveran podido conspirar na súa contra. Quen teña un alma sensible e bote unha ollada sobre un código de leis ben feitas, e encontre que non perdeu máis ca funesta liberdade de facer o mal aos demais, verase obrigado a bendicir o trono e a quen o ocupa.

Non é verdade que as ciencias sexan sempre prexudiciais á humanidade; e cando o foron era un mal inevitable para os homes. A multiplicación do xénero humano sobre a face da terra introduciu a guerra, as artes máis bastas, as primeiras leis, que eran pactos momentáneos, que nacían da necesidade e con ela perecían. Esta foi a primeira filosofía dos homes, cuxos poucos elementos eran xustos, pois a súa indolencia e a pouca sagacidade os preservaba dos erros. Pero as necesidades multiplicábanse cada vez máis a medida que se multiplicaban os homes. Eran pois, necesarias impresións máis fortes e duradeiras, que os apartasen dos reiterados retornos ao primitivo estado de insociabilidade, que se facía cada vez máis funesto. Xa que logo, aportaron un gran ben á humanidade aqueles primeiros erros que poboaron a terra de falsas divindades —digo ben político— e que crearon un universo invisible, regulador do noso. Foron benfeitores dos homes aqueles que se atrevéron a sorprendelos e arrastraron aos altares a dócil ignorancia.

Presentándolles obxectos situados máis alá dos sentidos, que fuxían diante deles a medida que crían alcanzalos, nunca desprezados, porque nunca ben coñecidos, reuniron e condensaron as divididas paixóns nun só obxecto, que os ocupaba fortemente. Estes foron os primeiros acontecementos de todas as nacións que se formaron de pobos salvaxes; esta foi a época da formación das grandes sociedades, e este foi o seu vínculo necesario e único. Non falo daquel pobo elixido por Deus<sup>47</sup>, no que os milagres máis extraordinarios e as grazas máis sinaladas ocuparon o lugar da humana política. Pero, como é propio do erro subdividirse ata o infinito, as ciencias, que diso naceron, converteron aos homes nunha fanática multitude de cegos, que nun cerrado labirinto chocan e se desordenan, tanto que algunhas almas sensibles e filosóficas estrañaban<sup>48</sup> ata o antigo estado salvaxe. Esta é a primeira época, na que os coñecementos, ou mellor dito, as opinións, foron daniñas.

A segunda está no difícil e terrible paso do erro á verdade, da escuridade non coñecida á luz. O choque inmenso dos erros útiles a poucos poderosos contra a verdade útil a moitos débiles, o acercamento e o fervor das paixóns, que se espertan nesa ocasión, producen males infinitos á mísera humanidade. Quen reflexione sobre as historias, que, despois de certos intres de tempo, son ao fin e ao cabo todas semellantes, atopará máis dunha vez que unha xeración enteira queda sacrificada á felicidade das que lle suceden, no lutuoso pero necesario tránsito da tebras da ignorancia á luz da filosofía, e da tiranía á liberdade, que son a súas consecuencias. Pero cando, calmados os ánimos e extinguido o incendio que purgou á nación dos males que a oprimía, a verdade, cuxos progresos antes son lentos e despois acelerados, aséntase como compañeira nos tronos dos monarcas, e ten culto e ara nos parlamentos da república, quen po-

---

<sup>47</sup> Refírese ao pobo xudeu. (N. do T.)

<sup>48</sup> Neste caso Beccaria utiliza un francesismo, agora obsoleto na lingua italiana, *regrettare*. (N. do T.)

derá, pois, afirmar que a luz que ilumina a multitude sexa máis daniña que as tebras, e que as verdadeiras e sinxelas relacións das cousas, ben coñecidas polos homes, lles sexan funestas?

Se a cega ignorancia é menos infausta que o mediocre e confuso saber, xa que este engade aos males daquela os erros inevitables de quen ten unha visión restrinxida ao máis acá dos confíns da verdade, o home ilustrado é o agasallo máis precioso que un soberano pode facer á nación e a si mesmo, que o converte en depositario e garda das santas leis. Avezado a ver a verdade e non temela, falto da maior parte das necesidades da opinión —nunca suficientemente satisfeitas, que poñen a proba a virtude da maioría dos homes—, acostumado a contemplar á humanidade desde os puntos de vista máis elevados, diante del a nación convértese nunha familia de homes irmáns, e a distancia entre os nobres e o pobo parécelle tanto menor, canto maior é a masa da humanidade que ten diante dos seus ollos. Os filósofos adquiren necesidades e intereses descoñecidos ao vulgo, principalmente o de non desmentir á luz pública os principios predicados na escuridade, adquirindo o hábito de amar a verdade por si mesma. A selección de homes semellantes proporciona a felicidade a unha nación; pero será unha felicidade momentánea, se as boas leis non aumentan o seu número, de tal xeito que contribúan a diminuír a probabilidade, cada vez maior, dunha escolla equivocada.

### **Capítulo XLIII**

#### *Maxistrados*

Outro medio para previr os delitos é interesar o consello executor das leis, máis á súa observancia que á súa corrupción. Canto maior sexa o número que o compón, tanto menos perigosa será a usurpación das leis; pois a venalidade é máis difícil entre membros que se observen reciprocamente, e estean tanto menos interesados en acrecentar a súa autoridade, canto menor é a porción dela que a

cada un lle tocaría, sobre todo comparada co perigo da tarefa. Se o soberano, co seu aparato e a súa pompa, coa austeridade dos delitos, non permitindo as xustas e inxustas querelas de quen se cre oprimido, habitúa aos seus súbditos a temer máis aos maxistrados que ás leis, eles beneficiaríanse máis dese temor do que poida beneficiarse con iso a seguridade particular ou pública.

## Capítulo XLIV

### *Recompensas*

Outro medio para prever os delitos é o de recompensar a virtude. A este propósito observo un silencio universal nas leis de todas as nacións de hoxe en día. Se os premios propostos polas academias aos descubridores das útiles verdades multiplicaron os coñecementos e os bos libros, por que os premios distribuídos pola benéfica man do soberano non multiplicarían tamén as nacións virtuosas? A moeda da honradez é sempre inesgotable e frutífera nas mans do sabio distribuidor.

## Capítulo XLV

### *Educación*

Finalmente, o máis seguro, aínda que máis difícil medio para prever os delitos é o de perfeccionar a educación, obxecto demasiado amplo e que excede os límites que me propuxen; obxecto, atrevome incluso a dicir, que afecta demasiado intrinsecamente á natureza do goberno, para que non sexa sempre, incluso nos máis remotos séculos da felicidade pública, un campo estéril e só cultivado, aquí e alá, por uns poucos sabios. Un gran home, que ilustra á humanidade que o persigue<sup>49</sup>, mostrou en detalle cales son as principais máximas dunha educación verdadeiramente proveitosa para os homes: non concentrarse nunha estéril

---

<sup>49</sup> Refírese probablemente a Jean-Jacques Rousseau, cuxo *Émile* foi queimado publicamente en Xenebra en 1762. (N. do T.)

multitude de obxectos senón na súa elección e precisión; substituír os orixinais ás copias nos fenómenos tanto morais como físicos, que o caso ou a industria presentan aos noveles ánimos dos xoves; en inducilos á virtude polo fácil camiño do sentimento, e en desvialos do mal polo infalible camiño da necesidade e da inconveniencia, e non polo incerto do mando, que non obtén máis ca unha simulada e momentánea obediencia.

## Capítulo XLVI

### *Das grazas*

A medida que as penas se fan máis suaves, a clemencia e o perdón fanse menos necesarios. Feliz a nación na que fosen funestos! A clemencia, pois, esa virtude que ás veces foi nun soberano o suplemento de todos os deberes do trono, debería ser excluída nunha perfecta lexislación onde as penas fosen suaves e o método de xulgar regular e expedito. Esta verdade parecerá dura para quen vive no desorde do sistema criminal onde o perdón e as grazas son necesarios en proporción ao absurdo das leis e á atrocidade das condenas. Esta é a prerrogativa máis fermosa do trono, este é o máis desexable atributo da soberanía, e esta é a tácita desaprobación que os benéficos dispensadores da pública felicidade dan a un código que, con todas as súas imperfeccións, ten ao seu favor o prexuízo dos séculos, o voluminoso e imponente conxunto de infinitos comentaristas, o grave aparato das eternas formalidades e a adhesión dos máis expertos e menos temidos semi doutos. Con todo, considérese que a clemencia é a virtude do lexislador e non do executor das leis; que debe resplandecer no código, non nos xuízos particulares; que mostrar aos homes que se poden perdoar os delitos e que a pena non é a súa necesaria consecuencia, implica fomentar o afago da impiedade, inducendo a crer que —se está permitido perdoalas— as condenas non perdoadas sexan máis ben violencias da forza que emanacións da xustiza. Que se dirá



entón cando o príncipe outorgue as grazas, é dicir, a pública seguridade a un particular, e cando, con un acto privado de non ilustrada beneficencia, emane un decreto público de impunidade? Sexan, pois, inexorables as leis, inexorables os seus executores nos casos particulares; pero sexa suave, indulxente e humano o lexislador. Sabio arquitecto, levante o seu edificio sobre a base do amor propio, e o interese xeral sexa o resultado dos intereses de todos; deste xeito non estará obrigado, con leis parciais e remedios convulsos a separar en cada momento o ben público do ben dos particulares, e a levantar o simulacro da saúde pública sobre o temor e a desconfianza. Profundo e sensible filósofo, deixe que os homes, que os seus irmáns, gocen en paz daquela pequena porción de felicidade que o inmenso sistema, establecido pola Primeira Causa, por «aquele que é», lles permite gozar neste recanto do universo.

## Capítulo XLVII

### *Conclusión*


Conclúo cunha reflexión: que a gravidade das penas debe ser relativa ao estado da nación mesma. Máis fortes e sensibles deben ser as impresións sobre os ánimos endurecidos dun pobo que fai pouco saíu do estado salvaxe. Cómpre un lóstrego para abater a un león que se revolve ao disparo dun fusil. Pero, a medida que os ánimos se abrandan no estado de sociedade, medra a sensibilidade e, medrando ela, debe diminuír a forza da pena, se quere manterse constante a relación entre o obxecto e a sensación.

Do que vimos ata agora, pódese extraer un teorema xeral sumamente útil, pero pouco conforme ao uso, que é o lexislador máis común das nacións, é dicir: *para que cada pena non sexa unha violencia dun ou de moitos contra un cidadán particular, debe ser esencialmente pública, pronta, necesaria, a mínima das posibles nas circunstancias actuais, proporcionada aos delitos, ditada polas leis.*



la opia el  
cia. v De  
ionitas inf

A marca tipográfica desta colección procede da viñeta utilizada por Gonzalo Rodríguez de la Pasera no deseño do *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos en Galicia, realizado en Monterrei en 1493.



**UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**Fundación BBVA**